Sobre a información do Goberno galego referida á existencia de couza do tomate (*Tuta absoluta*), e da enfermidade coñecida como tristeza do pemento nos cultivos do sector hortícola do sur de Pontevedra, así como as medidas ou liñas de axuda establecidas ou previstas para favorecer, dinamizar e fortalecer o sector

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 62702 (10/POC-010074)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula



Sobre a valoración que fai o Goberno galego da decisión do Concello de Chantada de privatizar o Servizo de Axuda ao Fogar, as súas intencións referidas á mediación entre o Concello e as traballadoras e as medidas previstas para garantir a súa xestión pública, a súa calidade e unhas condicións laborais dignas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62707 (10/POC-010075)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre as demandas realizadas polo Goberno galego ao Goberno central en relación coa carga de traballo de Navantia, as medidas adoptadas para evitar a marcha de profesionais da construción naval a outros países e a súa opinión respecto da formación oficial na materia existente na comarca de Ferrolterra

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 62711 (10/POC-010076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da idoneidade e suficiencia das medidas adoptadas para a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia, as razóns da demora existente e o prazo previsto para ese fin

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62717 (10/POC-010077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao aumento do cadro de persoal do Centro de Saúde de Gondomar, a dotación dunha nova praza de atención pediátrica en horario de tarde e a cobertura das baixas e vacacións do persoal sanitario do centro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62719 (10/POC-010078)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da profesional que pasa consulta de pediatría no Centro de Saúde das Pontes e a súa opinión referida á solución adoptada ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 62725 (10/POC-010079)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da garantía da xestión totalmente pública do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense, o prazo estimado para a súa construción e as razóns da demora no inicio das obras, así como as medidas que vai adoptar para cubrir a demanda de prazas públicas ata a súa posta en marcha

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 62730 (10/POC-010080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do rescate da concesión e a asunción da xestión directa da autovía AG-57, así como a aprobación namentres dunha redución significativa do custo das peaxes

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 62757 (10/POC-010081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa continuidade do uso como factoría naval dos terreos ocupados polo estaleiro Vulcano de Vigo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 62776 (10/POC-010082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co acoso sexual no ámbito laboral

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 62782 (10/POC-010083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do marco lexislativo vixente para as concesións en espazos do dominio público marítimo-terrestre, así como a inexistencia na actualidade de ningunha tramitación para un novo regulamento da Lei de costas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 62789 (10/POC-010084)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a situación do centro de danza e das artes do movemento na estrutura da Axencia Galega de Industrias Culturais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 62793 (10/POC-010085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre a petición de modificación dos Principios de Estabilidade Relativa para fixar a Política Pesqueira Común

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 62800 (10/POC-010086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis



Sobre o servizo de comedor escolar nos colexios de Nigrán
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 62802 (10/POC-010087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre a mellora do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na comarca do Salnés
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 60560 (10/POC-009452)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a dotación de cobertura de fibra óptica de Telefónica aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido

BOPG nº 585, do 08.01.2020

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 62853.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 580, fasc. 3, do 20 de decembro de 2019, da Lei de medidas fiscais e administrativas

Advertido unha errata na publicación, tanto na versión en lingua galega como na versión en lingua castelá, da Lei de medidas fiscais e administrativas (BOPG núm. 580, fasc. 3, do 20 de decembro de 2020), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 190764, onde di:

«15. Homologación de cursos de formación de condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada:

- cualificación inicial ordinaria	126,59 €
- cualificación inicial acelerada	126,59 €»

Debe dicir:

«15. Homologación de cursos de formación de condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada:



- cualificación inicial ordinaria	162,59 €
- cualificación inicial acelerada	162,59 €»

Na páxina 190868, onde di:

«15. Homologación de cursos de formación de conductores de determinados vehículos destinados al transporte por estrada:

- calificación inicial ordinaria	126,59 €
- calificación inicial acelerada	126,59 €»

Debe decir:

«15. Homologación de cursos de formación de conductores de determinados vehículos destinados al transporte por estrada:

- calificación inicial ordinaria	162,59 €
- calificación inicial acelerada	162,59 €»

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A Atención Urxente Extrahospitalaria en Galicia, foi regulada polo Decreto 172/1995 do 18 de maio, coa creación dos Puntos de Atención Continuada e modificado parcialmente polo Decreto 156/2005.

A exposición de motivos expresa de xeito claro a necesidade de axustar as peculiaridades da prestación de servizo nos PACs en coherencia coas políticas de persoal aplicables a todos os profesionais do SERGAS, pero é de sobra coñecida a folga que tiveron que levar a cabo as e os profesionais para demandar ao Goberno da Xunta, o cumprimento de condicións de traballo básicas.

Entre as demandas que acordaron co Goberno, estaba a de recibir equipamentos de protección individual que van dende o calzado de seguridade ata pantalóns, anoraks ou cascos, entre outros. Unha cuestión esencial en materia de seguridade laboral que a día de hoxe segue sen facerse efectiva, incumprindo o acordado e poñendo en cuestión a saúde e seguridade no traballo.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Común da Esquerda PREGUNTA:

- Cal é o motivo polo que non se teñen dotado dos equipos ao persoal dos PACs?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Considera o Goberno que está a cumprir coa seguridade laboral do persoal?
- Cando pensa o Goberno cumprir cos acordos acadados?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/01/2020 18:35:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª**.

O tálaso de Oia está situado en chan rústico de especial protección paisaxística en Cabo Silleiro, é un complexo de dúas alturas, inda que supera o máximo permitido pola normativa urbanística.

O Partido Popular conta con maioría absoluta no concello e é contrario á demolición do complexo, que ten 3 sentenzas en contra, unha delas é a orde de demolición, que segundo a alcaldesa levaría á ruína económica ao concello oiense. O auto do xulgado do contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, de 10 de decembro de 2012, ditou no seo de peza separada de execución de sentencia 217/10 (dimanante do procedemento ordinario nº 119/2016) determinando a execución forzosa da sentencia e o derribo das obras amparadas nas licencias anuladas pola sentencia nº 338/2009, de 18 de marzo de 2009, ditada no recurso de apelación nº 4708/2007, por parte da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Esta confirmou a demolición das instalacións de talasoterapia respecto das que se concedeu licencia polo concello de Oia nas datas de 12 de maio de 2000 e 11 de outubro de 2000 e polas que agora se promove este plan especial de infraestruturas.

O día 22 de xaneiro de 2020 celebrouse un pleno extraordinario, convocado polo goberno no que partido popular con maioría absoluta, para explicar o estado da



tramitación do plan especial de infraestruturas e dotacións para a instalación de Talasoterapia no concello de Oia, que naceu para modificar os usos da finca sobre a que se asenta o tálaso, así como a legalización de dita obra modificando a cota media do terreo.

Este plan especial de infraestruturas rematou xa o paso previo de exposición á información pública fai 3 días.

A tramitación terá que agardar dous meses para que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio emita a Avaliación Ambiental Estratéxica, da que se descoñece o estado actual e que se fixo de xeito simplificado ao amparo do artigo 6.2.b da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental.

A lei é igual para todos, e namentres o PP intenta manter o complexo, Movemento Oia defende os servizos públicos municipais que o propio concello ten que garantir como algo prioritario e esencial para a cidadanía, á sazón, o abastecemento de auga para a poboación e o saneamento. Para levar a cabo o plan de saneamento, débese solicitar a colaboración interadministrativa da Xunta de Galicia, para dotar Ás Mariñas de saneamento público con conexión á Edar de Augas de Galicia.

A normativa que lle afecta pois, a parte da lei do solo de Galicia, a propia lei de avaliación ambiental, a normativa de impacto ambiental e paisaxístico, a normativa de costas, a lei de augas, a lei de vertidos, e ademais, por tratarse de solo rústico no que está construído dito tálaso é garante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

A legalización do propio complexo de talasoterapia é unha cuestión complexa, posto que á auga que bombea e usa para as instalacións non están incorporadas ao plan presentado polo propio concello para a súa legalización, xa que quedaron fóra do mesmo.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

- Que opina a Xunta da legalización do Tálaso a través deste planeamento de infraestruturas polo cauce de avaliación ambiental simplificada? Considera a Xunta correcto facelo así?
- Que opina a Xunta da legalización dun tálaso sen que a APLU actuase de oficio? Pensa a Xunta que a lei non é igual para todos?
- Por que neste caso non se executou o derrubo á custa do propietario?
- Como afectará a legalización do complexo de talasoterapia ao vertido que necesariamente se producirá en relación á sentenza de demolición?
- Como pensa a Xunta recuperar os cartos públicos que se teñen investidos a través do IGAPE neste complexo?
- Como pensa garantir a Xunta a adecuación entre o auto do xulgado do contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, de 10 de decembro de 2012 e o planeamento que se leve a cabo en canto a infraestruturas, vertidos, captacións de auga do mar, etc., que implican a outras administracións?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal.

Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:





Luis Villares Naveira na data 24/01/2020 11:37:13

David Rodríguez Estévez na data 24/01/2020 11:37:24

Paula Vázquez Verao na data 24/01/2020 11:37:35

Francisco Casal Vidal na data 24/01/2020 11:37:45



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

No 2001 o Goberno do presidente Fraga presentaba a Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico integrado por catro grandes infraestruturas: San Cibrao de Lás, parque da cultura castrexa, Campo Lameiro da arte rupestre, parque do megalitismo na Costa da Morte e o Museo da Romanización de Galicia en Lugo, dado que esta cidade e o referente mais importante da cultura galaico romana.

Foi o Goberno presidido por Touriño o que impulsou ese proxecto do Museo da Romanización decidindo que se redicase no cuartel de San Fernando, onde por diversas circunstancias non se puido construír o auditorio da cidade. En 2008 firmouse un protocolo entre a Xunta e o Concello de Lugo polo que o este cedía a Xunta de Galicia o cuartel que mercara por 2,4 millóns de euros, e a Xunta comprometíase a realizar en el o dito museo.

O presidente Feijoo prometeu en múltiples ocasións seguir co proxecto previsto do Museo da Romanización, que ademais foi ratificado polo Parlamento ao aprobar por unanimidade o 22 de maio unha Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas que instaba a realizar este museo da romanización no cuartel de San Fernando, declarado BIC en 2009.

De feito a Consellería de Cultura convocou un concurso de ideas que adxudicou en agosto de 2010 para rehabilitar o cuartel de san Fernando co fin de convertelo nun museo, rematándose dous anos máis tarde o proxecto básico e de execución e invertendo uns 400.000 euros, segundo os cálculos da consellería, nestas acción e actividades arqueolóxicas dentro do edificio. Así mesmo, o Concello de Lugo cedeu o cuartel a Xunta de Galicia tal como se comprometera no convenio citado.

Pero a partir de 2012 a Xunta de Galicia non fixo nada mais para impulsar este proxecto, aínda que, tanto en respostas parlamentarias como en declaracións aos medios de comunicación, o presidente Feijoo e os sucesivos conselleiros de



cultura manifestaron que mantiñan o proxecto que só sufría un atraso debido a situación económica o que podería entenderse e así o fixo tanto o concello de Lugo como a cidadanía lucense, confiando en que a Xunta cumprira as súas promesas e fixera o Museo en canto a situación económica cambiase.

Pero isto non foi así. Despois de moitas escusas, no mes de decembro de 2019 o conselleiro de Cultura presentou ante os medios de comunicación na cidade de Lugo un novo proxecto. Converter o cuartel de san Fernando nun Parador-museo (categoría inexistente), que segundo afirmou tería un custo de 10,8 millóns de euros, dos cales a consellería aportaría a metade e o resto outras administracións, e converter o Museo Interactivo de Historia de Lugo no museo da romanización.

O conselleiro de cultura afirmou que este “proxecto integral” está baseado nun estudo de viabilidade realizado por profesionais de recoñecido prestixio pero este estudo non o coñecemos e a consellería non nos deu unha copia a pesar de solicitala polo artigo 9

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal é a consultora ou os expertos que elaboraron o informe no que segundo o conselleiro se basea o dito proxecto?
- 2.^a) Cal foi o custo da súa realización?
- 3.^a) Cando foi solicitado?
- 4.^a) Por que non foi entregada una copia solicitado polo artigo 9 aos deputados que asinan ?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2020 12:01:38
Nº Rexistro: 62468
Data envío: 24/01/2020 12:01:38.883

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/01/2020 11:45:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/01/2020 11:48:23

CSV: BOPGDSPGJvUvALkWRs1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

No 2001 o Goberno do presidente Fraga presentaba a Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico integrado por catro grandes infraestruturas: San Cibrao de Lás, parque da cultura castrexa, Campo Lameiro da arte rupestre, parque do megalitismo na Costa da Morte e o Museo da Romanización de Galicia en Lugo, dado que esta cidade e o referente mais importante da cultura galaico romana.

Foi o Goberno presidido por Touriño o que impulsou ese proxecto do Museo da Romanización decidindo que se radicase no cuartel de San Fernando, onde por diversas circunstancias non se puido construír o auditorio da cidade. En 2008 firmouse un protocolo entre a Xunta e o Concello de Lugo polo que o este cedía a Xunta de Galicia o cuartel que mercara por 2,4 millóns de euros, e a Xunta comprometíase a realizar en el o dito museo.

O presidente Feijóo prometeu en múltiples ocasións seguir co proxecto previsto do Museo da Romanización, que ademais foi ratificado polo Parlamento ao aprobar por unanimidade o 22 de maio unha Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas que instaba a realizar este museo da romanización no cuartel de San Fernando, declarado BIC en 2009.

De feito a Consellería de Cultura convocou un concurso de ideas que adxudicou en agosto de 2010 para rehabilitar o cuartel de san Fernando co fin de convertelo nun museo, rematándose dous anos máis tarde o proxecto básico e de execución e invertendo uns 400.000 euros, segundo os cálculos da consellería, nestas acción e actividades arqueolóxicas dentro do edificio. Así mesmo, o Concello de Lugo cedeu o cuartel a Xunta de Galicia tal como se comprometera no convenio citado.

Pero a partir de 2012 a Xunta de Galicia non fixo nada mais para impulsar este proxecto, aínda que, tanto en respostas parlamentarias como en declaracións aos medios de comunicación, o presidente Feijóo e os sucesivos conselleiros de



cultura manifestaron que mantiñan o proxecto que só sufría un atraso debido a situación económica o que podería entenderse e así o fixo tanto o concello de Lugo como a cidadanía lucense, confiando en que a Xunta cumprira as súas promesas e fixera o Museo en canto a situación económica cambiase.

Pero isto non foi así. Despois de moitas escusas, no mes de decembro de 2019 o conselleiro de Cultura presentou ante os medios de comunicación na cidade de Lugo un novo proxecto. Converter o cuartel de san Fernando nun Parador-museo (categoría inexistente), que segundo afirmou tería un custo de 10,8 millóns de euros, dos cales a consellería aportaría a metade e o resto outras administracións, e converter o Museo Interactivo de Historia de Lugo no museo da romanización.

Ante isto, en primeiro lugar hai que dicir presentar un proxecto que xira en torno a dous edificios propiedade do Concello de Lugo nos medios de comunicación e non en primeiro lugar a alcaldesa da cidade e a corporación e unha total falta de respecto institucional, impropia dun dirixente político democrático.

A mesma consideración negativa ofrécenos o feito de que tampouco o proxecto foi presentado con anterioridade nin á Deputación que parece que ten que pagar unha parte, segundo o conselleiro, nin ao ministerio de Industria, Comercio e Turismo, responsable da empresa pública Paradores de Turismo, nin sequera co director da empresa, unha situación insólita porque si Paradores non acepta facer un establecemento en Lugo todo o proxecto fracasa.

De feito, fai poucos días a secretaría de Estado de Turismo afirmou aos medios de comunicación que non tiña plans para a abrir mais establecementos dos que están en obras, polo tanto descartaría facer un en Lugo, que por outra parte, ninguén solicitou na cidade.

Chama a atención ademais que si facer un parador na cidade é tan sumamente importante como afirmou o conselleiro, non se fixeran as xestións oportunas con anterioridade cando estaba o PP no goberno de España, co que, estamos seguros, a Xunta tiña unha fluída comunicación.

Este proxecto non acada a aprobación de ninguén en Lugo. É rexeitado pola maioría da corporación lucense e tamén pola propia cidadanía que queren que o Museo da Romanización se leve a cabo no cuartel de San Fernando.



Así acaba de formalizarse a Plataforma Cidadán en defensa do Museo da Romanización no cuartel de San Fernando constituído por 120 colectivos entre eles 53 grupos culturais da provincia e impulsada por colectivos tan significativos como a Federación de Comercio de Lugo, a federación de Veciños, a CEL, Lugocentrum e distintas asociacións empresariais e de autónomos e asociacións culturais como Cultura do País ou Achádego, que defenden facer o museo tal como estaba previsto no cuartel de San Fernando que sexa un referente tamén en investigación.

Dada esta situación de total rexeitamento do proxecto presentado polo conselleiro de Cultura e Turismo cremos que ten que ser retirado e volver ao anterior, cumprindo a Xunta de Galicia xa as súas reiteradas promesas en torno a este Museo

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Como valora a Consellería de Cultura e Turismo a creación en Lugo da Plataforma Cidadán en defensa do Museo da Romanización no cuartel de San Fernando altamente representativa da cidadanía lucense?
- 2.ª) Segue a manter a Consellería de Cultura e Turismo o proxecto que presentou para non facer o Museo da Romanización no cuartel de San Fernando a pesar de que non é apoiado por ninguén en Lugo salvo polo PP?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 24/01/2020 11:48:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/01/2020 11:49:09





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á situación Ribeiro e particularmente sobre a situación do museo etnolóxico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2019 foi aprobada no Concello de Ribadavia, por impulso do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego unha moción a prol da non amortización de postos de traballo do museo etnolóxico de Ribadavia despois de numerosas queixas veciñais, sindicais e políticas a respecto da súa situación.

Daquela, a Consellaría de Cultura viña de dar conta á Comisión de Persoal da supresión de 3 postos de traballo no Museo Etnolóxico de Ribadavia (MER) pola vía da amortización de prazas, que xunto con outras dúas prazas anteriormente amortizadas, fan un total de 5 postos de traballo menos respecto da dotación que o MER tiña.

As tres prazas que perdería o Museo Etnolóxico de Ribadavia son unha de “vixiante”, unha de “vixiante de arquivos, bibliotecas e museos” e unha de “técnico medio de museos” que pasaría a prestar servizos no Museo do Viño. Recentemente aberto na Rectoral de Santo André, o Museo do Viño vai funcionar carecendo de dirección xa que o director do Museo Etnolóxico vai ter que asumir as tarefas de “coordinación da dirección do Museo do Viño de Galicia”, que vai permanecer





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

claramente infradotado de persoal (1 técnico medio de museos e 3 subalternos) despois de que a veciñanza botara anos demandándoo, como tamén demandou o BNG.

O Museo Etnolóxico vén realizando unha encomiable actividade de dinamización cultural cun enorme impacto positivo en Ribadavia e na comarca do Ribeiro: arquivo documental e fotográfico, biblioteca, exposicións, conmemoracións culturais, colaboración con eventos culturais e festivos, conferencias científicas e divulgativas, presentacións de libros, concertos, ciclos cinematográficos e documentais que permanentemente son celebrados no Museo Etnolóxico dan boa conta da implicación desta institución e o seu persoal.

É tamén convinte subliñar a estreita colaboración co entorno social que se ven facendo dende o Museo, coorganizando e acoitando numerosas actividades con asociacións e colectivos culturais da nosa vila, en especial a través do produtivo traballo que se desenvolve man a man coa Asociación de Amigos do Museo Etnolóxico e Casco Histórico de Ribadavia (AMECHIR), polo que o mantemento dos recursos humanos con que con o MER é fundamental para a dinamización cultural da comarca do Ribeiro.

Por todos estes motivos, é inaceptable que no mes de xaneiro vovera haber problemas e queixas por falta de apertura, o que fai sospeitar que malia a aprobación de dita moción en pleno, a axenda oculta da Xunta de Galiza consiste en deteriorar estes servizos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para garantir o pleno funcionamento e apertura en horario adecuado do Museos Etnolóxico?

E do Museo do Viño de Ribadavia?

Cales son as intencións e previsións da Xunta de Galiza respecto do conflito laboral denunciado? Vaise comprometer coa non amortización de prazas?

Cal é a previsión para o Plan Director do Museo Etnolóxico? Con que método e que participación?

Cal é a valoración desta primeira etapa de -tardía- apertura do Museo do Viño?

Considera a Xunta de Galiza que está a impulsar de forma correcta o fortalecemento da axenda cultural que precisa O Ribeiro?

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2020 13:30:32

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2020 13:30:41

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2020 13:30:49

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2020 13:30:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2020 13:31:04

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2020 13:31:11



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servizos sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

A ratio de prazas residenciais en Galicia é inferior á media estatal, e sitúase moi por debaixo do recomendado pola OMS, producíndose ademais nestes últimos anos un maior incremento das prazas privadas (na actualidade o 65 % do total das prazas ofertadas), en detrimento das xestionadas directamente pola Administración autonómica.

Son numerosas as persoas maiores que en Galicia demandan unha praza residencial, pero non poden ter acceso ás mesmas e dada as cifras demográficas, serán máis no futuro inmediato. Así para dentro de once anos, no 2031, o IGE prevé que existan da orde de 780.000 persoas de 65 ou máis anos, un aumento superior ao 17 % con respecto as cifras actuais. Sen que a planificación da Xunta de Galicia pareza ter en conta tales previsións de acontecementos a curto e medio prazo, senón que, ao contrario: mantén un inaceptable e moi considerable retraso ao respecto das actuacións que debera levar adiante co obxecto de facer fronte a esta importante carencia pública.

Este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e de marxinación que sofre Ourense, precisamente na provincia porcentualmente máis envellecida de España, onde o número de persoas maiores de 64 anos triplica á das menores de 16.

A residencia de maiores do Cornuval, radicada no concello do Carballiño, é un exemplo desta política de desmantelamento do público posta en marcha pola dereita.



As instalacións deste centro, cuxa apertura se retrasou durante case cinco anos dende a finalización das obras, tiveron un custe para o goberno galego de 6,7 millóns de euros.

A pesares das mobilizacións protagonizadas daquela pola plataforma cidadá en defensa da residencia do Cornuval, da que formaban parte formacións políticas, sindicatos, veciños e veciñas do Carballiño, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar Social, licitaba en novembro de 2014, e adxudicaba posteriormente a xestión desta residencia de maiores construída con cartos públicos a unha empresa privada.

A privatización deste centro súmase tamén ao feito de estar infrautilizado, a pesares de contar co equipamento necesario para atender a 80 persoas. No ano 2014 convocouse un concurso para a xestión, en réxime de concesión, de só 20 prazas residenciais. O 5 de maio de 2015 asinouse o contrato, cun prazo de execución ata o 31 de decembro de 2015, prorrogable expresamente por mutuo acordo das partes ata acadar unha duración máxima de cinco anos.

Este contrato modificouse o 25 de maio de 2016 ampliando a súa cobertura a 25 prazas, permanecendo sen cubrir na actualidade o 70 % das prazas, a pesares de que hai unha lista de agarda de solicitantes para a residencia do Cornuval que ascende a preto de 90 persoas. Contribuíndo este feito non soamente a incrementar a lista de agarda nunha comarca especialmente envellecida, senón tamén a que o equipamento deste centro corra o risco de deteriorarse polo desuso, e a perder a oportunidade de xerar emprego.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tendo en conta que xa pasaron catro anos dende a súa apertura, que valoración fai a Xunta de Galicia da xestión que se ten levado a cabo na residencia de maiores do Cornuval, situada no concello ourensá do Carballiño?
2. Por que, tendo en conta a demanda existente de prazas en residencias de maiores, o Goberno galego non habilitou o número total das prazas para as que se concibiu dito centro?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar o número de prazas dispoñibles na residencia de Cornuval?



4. En caso de que se vaia a levar a cabo dita ampliación, en que datas?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/01/2020 11:51:24

Julio Torrado Quintela na data 27/01/2020 11:51:35



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Como consecuencia da Lei 31/1991, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1992, o persoal funcionario de Xustiza (médicos forenses, xestores procesuais e administrativos, tramitadores procesuais e administrativos e auxilios xudiciais) levaba nas súas nóminas o denominado “IPC Galego”, unha suba de 0,3784 % de retribucións mensuais. Así, ano tras ano, o dito concepto retributivo recollíase nas diferentes leis de orzamentos autonómicas, no correspondente capítulo I (gastos de persoal), ata que chegaron os orzamentos para 2020, no que o Goberno galego decidiu excluír a mencionada partida; curiosamente, a Lei de orzamentos para 2020 só se recolle esa cantidade para o director Xeral de Xustiza. A cantidade anual para 2019 fora de 310.042,94 euros. Este grupo parlamentario rexistrou emenda correspondente ao Proxecto de lei de orzamentos para 2020, solicitando a inclusión deste concepto. O Goberno rexeitouna.

A dita remuneración adicional abonouse (entre 2010 e 2019) a todas as persoas funcionarias que perciben o seus salarios da Administración galega, a salvo os de xustiza, que nunca teñen percibido o denominado “IPC Galego”. Ocorreu que o sindicato UGT reclamou e recorreu a denegación da Dirección Xeral de Xustiza, chegando a interpoñer sete demandas na vía xurisdiccional contencioso-administrativa e gañando a primeira no Xulgado nº 1 de Vigo nunha recente sentenza que aínda non é firme, pero que reconece o dereito ao abono das cantidades correspondentes e ao ingreso das mesmas durante os 5 anos anteriores, ademais dos xuros xerados.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Abona o Goberno galego todas as retribucións ás que ten dereito o persoal da Administración de Xustiza en Galicia?
2. Cales son os motivos polos que o concepto retributivo “IPC Galego” se recollía no capítulo I nas diferentes leis de orzamentos autonómicas ata



- que chegaron os orzamentos para 2020? Cales son os motivos polos que se suprimiu de dita lei?
3. Abonou o Goberno a dita remuneración adicional a todos as persoas funcionarias que perciben o seus salarios da Administración galega? Abonouna ao persoal da Administración de Xustiza? Por que?
 4. Cal é a opinión do Goberno da recente sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, que recoñece o dereito ao abono das cantidades correspondentes e ao ingreso das mesmas durante os 5 anos anteriores, ademais dos xuros xerados, a unha funcionaria de Xustiza? Vai cumprir o Goberno esta sentenza?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/01/2020 09:54:12

María Teresa Porritt Lueiro na data 27/01/2020 09:54:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/01/2020 09:54:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á necesidade de demandar do goberno central a introdución de aspectos correctores, desde o punto de vista de xustiza social e transición xusta, nos mecanismos de acceso ás redes e as concesións de auga nos territorios afectados por peches de centrais térmicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Estado, no seu Consello de Ministros do 21 de xaneiro de 2020, ven de aprobar a Declaración de Emerxencia Climática e Ambiental, co compromiso de adoptar trinta liñas de acción prioritarias, cinco nos primeiros cen días de goberno; entre elas figura a tramitación parlamentar da lei de Cambio Climático e Transición Enerxética, polo momento en fase de anteproxecto, que na redacción actual da súa disposición final cuarta establece a modificación da lei 24/2013, do Sector Eléctrico, nos seguintes termos:

“Un. Engádesse dous novos apartados 12 e 13 no artigo 33 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, coa seguinte redacción:

«12. Os titulares de instalacións de produción cuxa fonte de enerxía primaria sexa fósil ou termonuclear e que, como resultado dun proceso de transición xusta cara a unha economía descarbonizada, substitúan dita tecnoloxía por outras a partir de fontes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de enerxía primaria renovábeis, manterán a súa capacidade de acceso equivalente sempre que, no prazo de tres anos ou ben no prazo e condicións complementarias que se establezan no desenvolvemento regulamentario mencionado no presente artigo, se cumbran os seguintes requisitos:

a) Que a nova instalación respecte os criterios técnicos de acceso e conexión contemplados na normativa correspondente en vigor e, en particular, non supoña un aumento da capacidade de acceso equivalente máxima de evacuación.

b) Que se subscriba entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o titular da instalación un convenio de transición xusta para todas as instalacións da súa propiedade, ou pertencentes ao seu mesmo grupo societario, cuxa fonte de enerxía primaria sexa fósil ou termonuclear.

c) Que por Orde da Ministra para a Transición Ecolóxica se declarase que a central é prioritaria para o cumprimento dos obxectivos de descarbonización da economía e de integración de enerxías renovábeis. Na devandita Orde estableceranse os fitos administrativos que deberán cumprirse para manter os permisos de acceso e conexión e a contía das garantías económicas adicionais que deberán presentarse.

d) Que a transformación da central se leve a cabo no prazo previsto na Orde indicada no parágrafo anterior.

Reglamentariamente regularase o procedemento para a solicitude da actualización, no seu caso, das condicións de acceso e conexión.

Con obxecto de que o potencial mantemento da capacidade de acceso establecido no presente artigo se realice preservando a seguridade do sistema, no prazo de tres anos, ou ben no prazo e condicións complementarias que se establezan no





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolvemento regulamentario mencionado no parágrafo anterior, o operador do sistema e no seu caso os xestores das redes de distribución, non poderán outorgar acceso ás redes a outras instalacións que poidan resultar incompatibles co mantemento da capacidade das instalacións obxecto do presente artigo.

13. Os titulares de instalacións de produción cuxa fonte de enerxía primaria sexa renovábel que hibriden ditas instalacións con outras instalacións de produción de enerxía eléctrica que utilicen fontes de enerxía primaria renovábel poderán evacuar enerxía eléctrica utilizando o mesmo punto de conexión e a capacidade de acceso equivalente xa concedida, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a nova instalación respecte os criterios técnicos de acceso e conexión contemplados na normativa correspondente en vigor e, en particular, non supoña un aumento da capacidade de acceso equivalente máxima de evacuación.

b) Que a nova instalación cumpra cos requisitos técnicos que lle sexan de aplicación no momento de incorporar a nova xeración de orixe renovábel.

Regulamentariamente regularase o procedemento para a solicitude e tramitación das condicións de acceso e conexión para a hibridación de instalacións de produción, e para a actualización, no seu caso dos permisos xa outorgados. No devandito regulamento estableceranse, no seu caso, os requisitos necesarios para discriminar a enerxía xerada que puidese ser perceptora de réxime retributivo específico».

Dous. Modifícase o primeiro parágrafo da disposición transitoria oitava da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, coa seguinte redacción:

«Os dereitos de acceso e conexión a un punto da rede determinado xa concedidos con anterioridade á entrada en vigor desta lei, e os outorgados conforme ao





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estabelecido na disposición transitoria sétima, caducarán se concorre algunha das seguintes circunstancias»”.

O meritado texto, non seu artigo 23.3.e), ao referirse aos denominados Convenios de Transición Xusta, indica que “Tamén poderán incluír o acceso prioritario a unha parte ou á totalidade da capacidade de evacuación eléctrica, nos termos previstos na disposición final cuarta desta lei, así como o acceso prioritario ao uso da auga obxecto de concesións ao amparo do previsto no artigo 59 do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, que queden extinguidas tras o peche de instalacións de xeración de enerxía eléctrica”.

Pola súa banda, a Comisión Nacional do Mercados e da Competencia (CNMC), na súa circular CIR/DE/001/19, pola que establece a metodoloxía e condicións do acceso e da conexión ás redes de transporte e distribución das instalacións de produción de enerxía eléctrica, non caso de solicitudes vinculadas a nova capacidade dispoñíbel (artigo 8) contempla a poxa, segundo o seguinte texto:

“1. O peche de instalacións de produción de potencia instalada superior a 200 MW, a aplicación dos criterios de acceso indicados nesta Circular, ou en xeral, calquera feito que motive un incremento sobrevido de capacidade dispoñíbel nun nó que permita unha nova potencia instalada superior a 200 MW, implicará un tratamento diferenciado das solicitudes asociadas á devandita capacidade dispoñíbel, que non seguirán a orde de prelación temporal xeneral que se establece no artigo 7.

2. Os permisos de acceso e conexión sobre a mencionada capacidade dispoñíbel serán outorgados seguindo a orde resultante dun procedemento de concorrencia competitiva (poxa).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. O produto obxecto de poxa será a potencia instalada para a que se pretende obter permisos de acceso e de conexión nun determinado nó.

4. Como consecuencia das obrigacións de publicación de información establecidas no artigo 23, os produtores coñecerán con antelación suficiente a capacidade que queda dispoñíbel e en que nó ou nós das redes se produce dita dispoñibilidade. Para iso, os xestores das redes de transporte e distribución deberán publicar a potencia máxima dispoñíbel por nó, así como a potencia instalada correspondente, polo menos, ás dúas tecnoloxías con maior número de solicitudes en curso no momento da publicación.

5. O proceso de adxudicación realizarase mediante poxa de sobre pechado con sistema marxinal, no que se ofertará, para unha determinada potencia instalada e tecnoloxía, o importe en €/MW que está disposto a ofrecer o solicitante.

6. Como resultado da poxa obterase a potencia instalada e a tecnoloxía asignada a cada participante, así como o importe resultante en €/MW. Os recursos dinerarios xerados pola poxa recibirán a consideración de ingresos do sistema eléctrico ...

7. O resultado da poxa aplicarase na ordenación das solicitudes, que deberán ser presentadas conforme ao previsto no artigo 6 polos titulares das instalacións de produción nun prazo non superior a 40 días a contar desde o día seguinte á publicación da resolución pola que se aprobe devandito resultado.

8. A convocatoria e regras que rexerán dita poxa serán establecidas por resolución da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.”

O Ministerio para a Transición Ecolóxica, non seu informe sobre da Circular, entende “... que debe residir no Goberno, con independencia de que órgano xestione o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento final, a decisión sobre a posibilidade de realizar poxas, concursos ou outros procedementos para outorgar o acceso en nós concretos da rede. Esta capacidade obedece non só a criterios de política enerxética senón mesmo a criterios de política económica ou social ... a proposta de Circular da CNMC non contempla a posibilidade de prever o mantemento de capacidade dispoñíbel polo peche de centrais para atender a situacións de transición xusta. Por tanto, este artigo 8 da proposta de Circular, entraría en conflito co mecanismo de transición xusta previsto no anteproxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Ecolóxica (LCCeTE), no que se habilitaría a facer posíbel que aquelas instalacións de combustíbeis fósiles ou termonucleares cuxo titular decida substituír esa tecnoloxía por outra que utilice fontes de enerxías renovábeis poidan manter a súa capacidade de acceso ...”

No mesmo marco de actuacións, ou 22 de novembro de 2019, o Consello de Ministros, a proposta do Ministerio para a Transición Ecolóxica, aprobaba o Real Decreto-lei 17/2019, polo que se adoptan medidas urxentes para a necesaria adaptación de parámetros retributivos que afectan o sistema eléctrico e polo que se dá resposta ao proceso de cesamento de actividade de centrais térmicas de xeración, disposición validada pola Deputación Permanente do Congreso dos Deputados o 27 de novembro, e coa que, segundo o goberno en funcións, “Refórzase a transición xusta, habilitando a posibilidade de que os permisos de acceso ás redes e as concesións de auga nos territorios afectados por peches de centrais térmicas se outorguen incorporando criterios sociais, económicos e ambientais”. Coa Disposición final primeira modifícase o texto refundido da Lei de Augas (Real Decreto Lexislativo 1/2001) mediante a introdución da Disposición adicional décimo sexta, nos seguintes termos:

“«Concesións de auga para transición xusta. Cando quede extinguida unha concesión ao amparo do previsto no texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, debido ao peche de instalacións de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enerxía térmica de carbón ou termonuclear, poderase decidir o outorgamento dunha nova concesión para o uso privativo das augas a novas iniciativas e proxectos na área xeográfica onde se atopaba a instalación. Para o outorgamento ponderaranse criterios económicos, sociais e ambientais. Para estes efectos, os usos da auga que se prevexan en tales iniciativas e proxectos prevalecerán sobre a orde de preferencia establecido nos plans hidrolóxicos de conca ou, na súa falta, no artigo 60 do texto refundido da Lei de Augas, coa excepción do uso para abastecemento de poboación, que será sempre prioritario»”.

Tamén modifica a Lei 24/2013 do Sector Eléctrico coa introdución dunha Disposición adicional vixésimo segunda, entre outros cambios, co seguinte texto:

“«Outorgamento dos permisos de acceso e conexión para garantir unha transición xusta. Non obstante o disposto no artigo 33 desta Lei, cando se proceda ao peche de instalacións de enerxía térmica de carbón ou termonuclear, e para promover un proceso de transición xusta, a Ministra para a Transición Ecolóxica, previo acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá regular procedementos e establecer requisitos para a concesión da totalidade ou de parte da capacidade de acceso de evacuación dos nós da rede afectados polos devanditos peches ás novas instalacións de xeración a partir de fontes de enerxía renovábeis que, ademais dos requisitos técnicos e económicos, ponderen os beneficios ambientais e sociais»”.

En todo o proceso descrito con anterioridade evidénciase que, tanto a posición estritamente economicista da CNMC como a garantista dos supostos dereitos de propiedade dos grandes grupos enerxéticos representada polo Ministerio, non contemplan todos aqueles aspectos positivos e importantes publicitados oficialmente: a oportunidade para posicionarse canto antes na innovación, as tecnoloxías, e a industria punteiras, co obxectivo de aproveitar ao máximo as oportunidades que presenta e que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sirva de panca para o progreso, para a modernización da economía, a creación de emprego, o desenvolvemento do medio rural, a mellora da saúde das persoas e o medio ambiente, a xustiza social, unha estratexia de acompañamento solidario e de transición xusta, para asegurar que as persoas e os territorios aproveitan as oportunidades desta transición e ninguén queda atrás.

Mais coinciden ambas as posicións na visión uniformadora e homoxeneizadora dos distintos territorios de aplicación, sen contemplar as súas singularidades e condicións características actuais para a implantación das enerxías renovábeis, fundamentalmente solar e fotovoltaica, resultando nunha discriminación duns fronte a outros, xa que non todos posúen as mesmas potencialidades; esquecen ambas as posicións que a implantación das centrais de carbón produciuse por decisións políticas estatais naquelas zonas con recursos propios susceptíbeis de ser aproveitados para os intereses do propio estado e, por tanto, ser espoliados, como no caso da Galiza. De verdade cren a CNMC e o Ministerio que é posible substituír a potencia térmica de carbón instalada na Galiza pola mesma en termos de eólica ou fotovoltaica nos municipios afectados?.

O BNG entende necesario e obrigatorio introducir aspectos correctores, desde o punto de vista de xustiza social e transición xusta, nos mecanismos de acceso ás redes e as concesións de auga nos territorios afectados por peches de centrais térmicas, de forma que os meritados recursos actúen como vectores de crecemento económico en sentido amplo nos territorios concretos afectados, e supoñan progreso social, pero non unicamente para os promotores dos proxectos senón para o conxunto da cidadanía galega, estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
6ª:

Vai demandar o goberno galego do goberno central a introdución de aspectos correctores, desde o punto de vista de xustiza social e transición xusta, nos mecanismos de acceso ás redes nos territorios afectados por peches de centrais térmicas?

Vai demandar o goberno galego do goberno central a introdución de aspectos correctores, desde o punto de vista de xustiza social e transición xusta, nos mecanismos de concesións de auga nos territorios afectados por peches de centrais térmicas?

En que termos?

Que vai facer o goberno galego para garantir que este reto de país supoña para os territorios concretos afectados, e para o conxunto da cidadanía galega, progreso social estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade?

Cal é a valoración do goberno galego dos cambios referidos? E da situación dos territorios galegos afectados polos peches de centrais térmicas?

Como valora o goberno galego o funcionamento da ou das mesas de traballo ao respecto?

Cal é a folla de ruta do goberno galego para unha transición enerxética xusta?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/01/2020 12:51:10

Xosé Luis Bará Torres na data 27/01/2020 12:51:18

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2020 12:51:23

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2020 12:51:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/01/2020 12:51:56



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O CEIP Frei Luis de Granada de Sarria escolariza unha importante cantidade de alumnos de educación infantil e primaria desta poboación lucense, sendo ademais o único da localidade público.

Este centro foi construído no seu momento xunto con instalacións previstas, e que así funcionaron, para o servizo educativo de escola fogar; servizo anterior ás concentracións escolares derivadas da aplicación da Lei xeral de educación de 1970 que trouxeron, entre outros cambios, a posta en marcha dos transportes escolares.

O certo é que pola antigüidade dos edificios que compoñen o conxunto escolar, así como posibles defectos de deseño e construtivos, as instalacións levan cursos evidenciando a necesidade de actuacións importantes que eviten o deterioro que se vén observando.

Resulta relevante que este centro non figure entre os que precisan actuacións nas previsións que contempla o Plan de infraestruturas educativas 2016 – 202, que determina que por riba da metade dos centros da nosa Comunidade Autónoma teñen unha antigüidade superior aos 30 anos, polo que é preciso reformar estes centros para dotalos dunhas mellores condicións de habitabilidade, funcionalidade e seguridade.

Pese a todo ao anterior, neste mes de xaneiro este centro foi obxecto dunha extraordinariamente errática actuación por parte dos responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, tanto a nivel provincial como autonómico.

En primeiro lugar, foron realizadas unha serie de actuacións consistentes en apuntalar o edificio no que se desenvolven as actividades docentes, o que se fixo como consecuencia dunha intensificación dos defectos construtivos que desde hai anos vén sufrindo o edificio, o que supón a presenza de chans inclinados



nalgunhas zonas, a aparición de grandes gretas nas paredes ou a imposibilidade de pechar moitas das portas e xanelas, por culpa da curvatura dos marcos.

A lóxica incompatibilidade de espazos apuntalados (aulas, corredores, servizos, etc) e a presenza de alumnado de curta idade, levaron a que tanto o profesorado como os pais e nais de alumnos tomaran a decisión de alterar ou mesmo suspender as clases ou a presenza do alumnado nelas; a proba de que esta decisión non foi excesiva é que a propia Sra. conselleira de Educación, Universidade de Formación Profesional mantivo un encontro cos pais e nais dos alumnos o xoves, 23 de xaneiro, trasladando a proposta de dedicar parte da antiga escola fogar para o desenvolvemento das actividades lectivas de forma transitoria, en tanto non estean rematadas as actuacións necesarias.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Presentaba o centro defectos previos que fixesen necesaria unha actuación de consolidación estrutural?

2ª) Que previsión de actuacións tiña previsto a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para resolver os problemas detectados desde o ano 2011 neste centro?

3ª) Que motivos levaron a que se iniciasen actuacións á volta das vacacións do Nadal no CEIP Frei Luis de Granada de Sarria que supuxeron ter que apuntalar parte das súas instalacións? Eran da máxima urxencia?

4ª) Consideran aceptable os responsables da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que se apuntalen aulas, corredores e servizos nun centro educativo sen coñecemento da comunidade educativa e mantendo a presenza de alumnado nesas instalacións, máxime existindo alternativas para a radicación temporal do alumnado?

Pazo do Parlamento, 28 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/01/2020 12:58:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/01/2020 12:58:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

As Somozas é un concello do norte do País que dende hai tempo acumula en si unha boa parte dos refugallos de toda Galicia. Sologás, Sogarisa e Xiloga son tres das empresas de xestión de residuos instaladas neste concello e a plena actividade.

A economía circular e a bioeconomía son conceptos cada vez máis actuais pola necesidade social e tamén cada vez máis manidos e deturpados pola figuración política. Con todo a xestión de residuos, a súa efectividade e a reciclaxe é un tema que preocupa á poboación en xeral e en particular ós afectados dalgún xeito e con toda seguridade será tema central nun futuro moi próximo.

No concello das Somozas, dependendo de onde veña o aire o cheiro é insoportable. É posiblemente un cheiro infecto procedente da manipulación de lamas de depuración.

Este cheiro que aparentemente é o que máis molestias produce na poboación, é sen lugar a dúbidas o menos grave, porque os lixiviados baixan ladeira abaixo desde instalacións do Polígono industrial ata parar no río Mera, alá no fondo do val.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Periodicamente prodúcense incendios no vaso do vertedoiro algúns coma o de días pasados cunha columna de fume que se vía desde lonxe e que era insoportable. Este feito que nos atrevemos a dicir que non é fortuíto axuda a diminuír volumes e darlle máis capacidade ó vaso.

Pero a utilización sen control de lodos teoricamente estabilizados e tratados en parcelas agrícolas e a contaminación de acuíferos están presentes no temor de sectores da poboación deste concello.

O tema non é novo, anos atrás, no 2011 e no 2013 xa houbo denuncias pola indebida utilización dos chamados tecnosolos en parcelas agrícolas ou gandeiras a xeito de fertilizantes con resultados inquietantes nos solos agrarios e nos acuíferos.

É público que produtos coma o digestato e outros tipos, tecnosolos incluídos, están sendo utilizados en cultivos sen análíticas previas dos mesmos nin dos solos onde se van utilizar, tal e como marca a lei.

Dito todo isto, queda en evidencia que o concello das Somozas é un claro exemplo do que non se debe facer en materia de xestión de residuos pola concentración dos mesmos e polas irregularidades que nesta xestión se observan desde hai tempo sen que a Consellería e organismos pertinentes tomen cartas no asunto facendo coma que fan e ollando para outro lado.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Sabem a Consellería de Medio Ambiente e Augas de Galicia das irregularidades que en materia medioambiental se están cometendo no concello das Somozas?

--Realiza a citada Consellería inspeccións periódicas nas empresas xestoras de refugallos e nos produtos que de alí saen?

--Que tipo de actuacións, controis, analíticas etc. realizou Augas de Galicia no concello das Somozas derivadas das denuncias medioambientais efectuadas nos últimos catro anos?

--Ten tomado ou pensa tomar o goberno galego algunha medida para dar solución ás irregularidades que dan pé á intranquilidade da poboación do Concello das Somozas?

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/04/2019 10:29:42

María Montserrat Prado Cores na data 16/04/2019 10:29:46

Ana Pontón Mondelo na data 16/04/2019 10:29:47

Olalla Rodil Fernández na data 16/04/2019 10:29:49

Noa Presas Bergantiños na data 16/04/2019 10:29:50

Xosé Luis Bará Torres na data 16/04/2019 10:29:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Sería simplificar moito o tema se o debate sobre os parques eólicos se vise anulado pola argumentación simplista de "...enerxías limpas logo todo vale...", porque nos casos concretos que nos ocupan estes parques eólicos e liñas de alta tensión terán graves efectos para os concellos afectados, a súa economía e as súas xentes e moi poucos efectos positivos.

Neste, coma en moitos outros casos van estar moi próximos ás casas, o que poderá causar danos na saúde e perigos de accidente:

- A exposición constante ao ruído dos aeroxeradores pode provocar problemas no sistema nervioso (insomnio, migrañas...) e problemas cardíacos.

- A proximidade destes muíños xigantes (de até 204 metros de altura) provocará que a sombra dos muíños caian sobre as aldeas máis próximas provocando o coñecido “efecto discoteca” nas vivendas.

- Pode afectar á comunicación por ondas en determinadas situacións meteorolóxicas, xerando problemas de comunicación coas televisión, móbiles...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- En inverno o xeo acumúlase nas aspas dos muíños, e ao moverse este xeo sae lanzado a moita velocidade o que pode causar graves accidentes.

- O risco de incendios e desprendemento de aspas agrávase moitísimo habendo vivendas a menos dun quilómetro de distancia, e poñendo en perigo a seguridade das persoas que viven nestas aldeas.

Estes xeradores de enerxía a partir do vento nestes emprazamentos privilexiados que traducen estas premisas en millóns de euros de beneficio, deberan traducirse nunha mellora substancial nas condicións económicas e sociais dos habitantes dos concellos afectados nun reparto da enorme riqueza a que dan orixe pero da que non participan.

Pola contra estes parques nas condicións que se denuncian:

- Provocarán unha perda económica inmediata moi importante para toda a veciñanza: os terreos perderán valor pola súa proximidade e afección dos parques eólicos.

- O futuro dos núcleos rurais próximos con afección da paisaxe polos parques eólicos e liñas eléctricas está en perigo. Quen vai querer facer a súa casa próxima a un aeroxerador, a unha liña ou con vistas a unha subestación eléctrica?

- A destrución da paisaxe tamén afecta negativamente a calquera negocio baseado no valor engadido desas comarcas: casas rurais, hoteis, empresas turísticas, empresas culturais, e mesmo, os propios concellos! Quen vai querer visitalos se o seu horizonte está cheo de liñas eléctricas e aeroxeradores?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Estes espazos alugados, a *priori* por trinta anos, son prorrogables! Polo que non está claro cando poderá a veciñanza recuperar as súas terras.

- Non xeran emprego localmente, e non imos, a pesar de todo, ter as nosas facturas eléctricas gratuítas nin tan sequera con sensibles rebaixas. Certamente, van destruír emprego.

Afectan moi negativamente á gandaría e agricultura, principais actividades económicas da comarca:

- As explotacións forestais, agrícolas e gandeiras veranse afectadas pola redución de espazo provocada, especialmente, polas liñas eléctricas pero tamén polos aeroxeradores.

- As explotación gandeiras verán como as axudas da PAC corren risco de desaparecer: o solo ocupado por aeroxeradores pasa a ser solo industrial deixando des ser agrícola.

- Posibles efectos negativos para a saúde do gando, tal e como contan xentes que viven próximas a parques eólicos doutras zonas de Galicia, e como demostran diversos estudos científicos.

Hai tamén unha probada afección á fauna e ós ecosistemas producida polos ruídos e vibracións ademais do movemento xiratorio que impide ou distorsiona o paso de aves e mamíferos.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten coñecemento a Xunta de Galicia das incoherencias dos proxectos de Parques Eólicos de MONTE INXERIO E GASALLA promovidos pola empresa Green Capital Power e cal é a súa valoración?

-Como valora o goberno galego a fragmentación do que eran macroparques noutros máis pequenos para poderen ser tramitados pola Lei de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais 5/ 2017 do 19 de outubro, comunmente chamada Lei de Depredación?

-Considera a Xunta e Galicia que estes proxectos teñen a seriedade e as garantías necesarias para seren levados a cabo?

-É consciente a Xunta de Galicia do impacto social e ambiental que tería a instalación destes Parques Eólicos?

-Considera a Xunta de Galicia que a contraprestación económica que estes proxectos deixan na zona afectada é proporcionada ó impacto medioambiental e social que xeran?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/10/2019 11:34:18

Xosé Luis Bará Torres na data 17/10/2019 11:34:27

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2019 11:34:34

Noa Presas Bergantiños na data 17/10/2019 11:34:40

Olalla Rodil Fernández na data 17/10/2019 11:34:47

Ana Pontón Mondelo na data 17/10/2019 11:34:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión 7ª**, relativa ao Consello Agrario Galego.

Coa lei 1/2006 de 5 de xuño créase o Consello Agrario Galego coma órgano que asume e articula as relacións entre a Administración Galega e as organizacións profesionais agrarias, recoñecéndolles tamén o papel de vertebración democrática do mundo rural segundo explica a exposición de motivos da mesma.

O artigo 1º desta lei define ao Consello Agrario Galego como un órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e máis en desenvolvemento rural.

O artigo 4º, que versa sobre a composición do mesmo, establece que estará integrado por vinte e catro membros, dos que doce correspóndenlle ás “organizacións agrarias máis representativas de Galicia”.

Seguindo a lei, convocáronse as primeiras eleccións democráticas no agro galego que celebráronse o 26 de maio de 2002 determinaron como as máis representativas das organizacións profesionais agrarias constituídas en Galicia as de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xóvenes Agricultores (XXAA), Unións Agrarias (UUAA) e Sindicato Labrego Galego (SLG).

Mais desde a constitución do Consello Agrario Galego (CAG), no 2006, a realidade do agro galego ten mudado, e ten mudado moito, tanto o mundo rural coma as organizacións agrarias. De feito unha das que facía parte do mesmo desapareceu, en concreto Xóvenes Agricultores.

Vemos pois que no que respecta ás organizacións que formaban parte inicialmente o CAG, téñense producido grandes variacións polo que a situación actual do mesmo non ten nada que ver coa situación de partida, encontrándose, nestes momentos nunha situación anómala, deixando de cumprir o que dispón o artigo 4º da propia lei en canto á composición do mesmo na representación das organizacións profesionais agrarias.

Por outra parte o artigo 5º determina que o pleno do CAG terá de se reunir, como mínimo, en sesión ordinaria catro veces por ano.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

- 1.- Como ten previsto solucionar o funcionamento anómalo do CAG en canto á composición do mesmo?
- 2.- Como ten previsto medir a representatividade das distintas organizacións agrarias presentes actualmente no agro galego?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Está a reunirse o CAG de acordo co establecido no artigo 5º da lei do Consello Agrario Galego?

4.- Que criterios está a seguir a Consellería do Medio Rural para establecer o diálogo e a representatividade debida coas organizacións e entidades agrarias?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/02/2019 11:15:46

María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2019 11:15:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2019 11:15:55

Olalla Rodil Fernández na data 07/02/2019 11:15:59

Noa Presas Bergantiños na data 07/02/2019 11:16:01

Xosé Luis Bará Torres na data 07/02/2019 11:16:03



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María del Carmen Rodríguez Dacosta e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia ten atribuídas, en virtude do Decreto 303/2009, do 21 de maio, as competencias en materia de emerxencias e protección civil, incluíndo a superior dirección en materia de protección civil e emerxencias, así como a planificación e dirección da xestión de riscos e a participación nos programas dos servizos contra incendios e salvamento locais. Ademais, segundo dispón o artigo 13 da Lei de emerxencias 5/2007, do 7 de maio, correspóndelle á persoa titular da Consellería en materia de emerxencias a proposta ao Consello da Xunta de Galicia do mapa de emerxencias, así como a súa modificación (a Consellería é a de Vicepresidencia).

Este sistema de emerxencias debe funcionar tamén no caso de calquera emerxencia relacionada coas catástrofes naturais, tales como lumes, chuvias ou episodios de neve. De feito, o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) establece como un dos riscos naturais as nevadas, polo feito de poder illar núcleos de poboación e provocar danos a bens.

En Galicia hai concellos onde neva con frecuencia; A Pobra de Trives é un concello de montaña, ao carón da única estación de esquí de Galicia. Xa que logo, en Trives neva con frecuencia, mais non ten medios suficientes dos que, curiosamente, si dispoñen outros concellos onde non é habitual que neve. O 9 de xaneiro deste ano 2020, a alcaldesa e o responsable de Protección Civil pedían ao servizo provincial de Emerxencias de Ourense, como medida de prevención e con criterios de urxencia, o que xa fora solicitado de maneira verbal en varias ocasións, é dicir, unha coitela quitaneves e un saleiro. A resposta extraoficial foi: “Antes de decembro de 2020 imposible”. Mentres, a borrasca de neve “Gloria” seguía atacando...



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) é suficiente para cubrir con eficacia as emerxencias ante os riscos naturais?
2. Por que o Goberno non colabora co Concello de A Pobra de Trives con medios suficientes dos que, curiosamente, si dispoñen outros concellos onde non é habitual que neve?
3. Ten intención de proporcionar o Goberno unha coitela quitaneves e un saleiro ao Concello de A Pobra de Trives? Cando?

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María del Carmen Rodríguez Dacosta
María Teresa Porrirt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/01/2020 13:08:59

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/01/2020 13:09:10

María Teresa Porrirt Lueiro na data 27/01/2020 13:09:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Luis Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o súa resposta oral na **Comisión 4ª**, relativa á reunión da Consellería de Cultura cos técnicos de ICOMOS con motivo do informe deste organismo sobre a afección do proxecto mineiro de Touro e O Pino sobre o ramal histórico do camiño francés denominado Arzúa-Quión-Amenal.

Un recente informe técnico do Comité Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS), organismo asesor da UNESCO en materia de conservación do Patrimonio Mundial, confirmou as graves ameazas contra o trazado do Camiño Francés e a súa axeitada conservación tras unha minuciosa análise do proxecto mineiro e a documentación achegada pola propia empresa promotora Atalaia Mining-Explotacións Galegas S. L.

Dito informe subliña que o proxecto “supón unha clara violación da normativa de protección” que non só invade a contorna do Camiño Francés senón que supón a destrución material de parte do seu trazado, “ contravindo a lexislación -nacional e internacional- vixente na materia”.

Cómpre lembrar que para que un Ben Cultural sexa incluído na Lista de Patrimonio Mundial as administracións responsables da súa custodia deben responsabilizarse dunha estrita preservación do mesmo para que conserve os seus valores de identidade.

Porén, no citado informe, ICOMOS afirma que a actuación das administracións contradí “os compromisos adquiridos polo Estado español ao promover a inscrición do Camiño de Santiago na Lista do Patrimonio Mundial”. En particular, o organismo internacional de custodia do patrimonio cultural sinala que “non se tivo en conta a necesidade de previr ao



Comité do Patrimonio Mundial respecto a actuación que se pretende realizar”, en alusión ao proxecto da mina de cobre de Touro-O Pino.

Tras un detallado estudo do tramo afectado, sinálase unha lista de afeccións negativas que provocaría o proxecto mineiro, que inclúe tanto o deterioro do medio natural inherente ao Camiño de Santiago –que segundo o informe afectaría polo menos a 2,7 millóns de peregrinos durante a duración da actividade extractiva da mina– como a destrución de parte do “itinerario xacobeo protexido” entre Quión e Arca e de parte dos bens culturais asociados ao Camiño. O resultado desas afeccións, sumadas a outras agresións sufridas pola ruta xacobeá nos últimos anos, supón unha “perda continuada dos valores patrimoniais” que pode implicar unha “profunda repercusión pola súa influencia na identidade do propio Camiño”.

En canto a esta perda de identidade, o informe de ICOMOS lembra o seguinte:

"No caso da perda dos valores excepcionais polos que foi incluído na Lista do Patrimonio Mundial un Ben Cultural, ou que o Estado parte non solvente os perigos comprobados ou potenciais que afecten o Ben, este pode ser excluído da Lista do Patrimonio Mundial pola UNESCO"

A FICS, como entidade que agrupa a peregrinos e expertos no Camiño de 27 países, desde o primeiro momento preocupouse pola posible afección deste desproporcionado proxecto ao pé mesmo do Camiño Francés. O informe técnico citado, elaborado polos expertos do organismo de referencia en materia de conservación do Patrimonio Mundial, confirma que estamos ante unha das maiores ameazas á conservación do Camiño de Santiago como ben cultural de valor universal. Por este motivo a FICS, tras reunirse con empresa promotora e plataforma de afectados e despois de levar a cabo estudos sobre o terreo por parte dos seus propios expertos, obtendo conclusións que agora veñen referendadas polo informe de ICOMOS, expresa o seu rotundo rexeitamento a este proxecto, completamente alleo ao contexto xacobeo, que supón unha ameaza aos valores culturais do Camiño, e demanda ás administracións responsables que poñan todos os medios que a Lei pon á súa disposición para impedir o que, con toda probabilidade, podería converterse no maior atentado patrimonial sufrido polo Camiño de Santiago en chan galego.



Ante todo isto, o 19 de Decembro de 2018 o conselleiro de Cultura Román Rodríguez afirmou en sede parlamentaria que a Consellería se reuniría cos técnicos de ICOMOS con motivo do informe deste organismo sobre a afección do proxecto mineiro de Touro e O Pino sobre o ramal histórico do camiño francés denominado Arzúa-Quión-Amenal.

Ante esta situación, O Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- En que data tivo lugar esa reunión, quen asistiu e cal foi o contido da mesma?
- 2.- Contempla a Consellería de Cultura asumir os requirimentos expostos por ICOMOS?
- 3.- Que opinión lle merece o acordo plenario por unanimidade do Concello de Touro para iniciar un estudo técnico para a recuperación deste camiño?
- 4.- Remitiu a Consellería de Cultura o informe reclamado polo ICOMOS sobre a proposta da actividade mineira no cumprimento do que establecen as Directrices Prácticas para a aplicación da Convención de Protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural?
- 5.- Está considerando a Consellería de Cultura declarar con categoría de territorio histórico o ramal histórico do Camiño de Santiago que unía Arzúa con Amenal, asignándolle unha área de protección ampla que enlace coa zona de amortecemento do itinerario principal e cubra a faciana da montaña onde está a explotación mineira, ca fin de garantir a integridade e os valores territoriais, ambientais e paisaxísticos do Camiño De Santiago?
- 6.- Ten previsto a Consellería de Cultura recuperar a función como camiño de peregrinación do ramal histórico Arzúa-Amenal, restaurando os tramos degradados?
- 7.- Ten previsto a Consellería de Cultura recuperar física e funcionalmente o Camiño de Rosas-Loxas-San Sadurniño?



8.- É consciente a Consellería de Cultura das posibles consecuencias, a un ano do Xacobeo 2021, de que o organismo asesor da UNESCO chegara a advertir sobre a posibilidade de retirarlle a catalogación de patrimonio da humanidade ó Camiño Francés de ir adiante o proxecto de megaminería?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 27/01/2020 13:18:46

David Rodríguez Estévez na data 27/01/2020 13:18:58

Luis Villares Naveira na data 27/01/2020 13:19:05

Paula Vázquez Verao na data 27/01/2020 13:19:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de termos debatido nesta comisión e máis en sesións plenarias o caso das demandas formuladas pola Asociación Queremos Parcelarias de Agolada en defensa das súas, consideramos que, xustas aspiracións.

Celebrada a mediados de novembro pasado unha concentración diante deste Parlamento esixindo o cumprimento das promesas feitas nos contactos habidos entre veciños e Consellería do M. Rural, a Asociación Queremos Parcelarias de Agolada foi recibida polo Conselleiro, Xosé González, e polo Director Xeral de Desenvolvemento Rural, Miguel Ángel Pérez Dubois.

Nesta xuntanza o conselleiro transmitiulle á asociación que o seu departamento xa comezara os estudos previos dos proxectos de reestruturación parcelaria nas zonas pendentes de facer.

Tamén garantiu que, coas actuacións feitas, as Declaracións de Impacto Ambiental, que caducaban o día 13 de decembro de 2019, quedarían vixentes e terían validez as DIA nas concentracións abertas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén se comprometeu o conselleiro a trasladar a asociación a documentación que verificaban estes feitos.

Ese mesmo mes de decembro pasado, un par de días antes de que caducara este trámite, dende a Xunta de Galicia aseguraron, nos medios de comunicación, que "tal e como trasladou o propio conselleiro aos veciños o pasado 21 de novembro, a Consellería do Medio Rural xa comezara as actuacións de inicio dos dous proxectos de reestruturación parcelaria abertos en Agolada (Agra-Sexo-Val-A Baíña e Berredo-Basandre-Eidián-Ramil), con declaracións de impacto ambiental que xa foran emitidas, dando así cumprimento aos requirimentos das DIAs. Polo tanto, con estes traballos, e a abeiro do previsto na Lei de Avaliación Ambiental, esas declaracións de impacto ambiental non caducan e queda garantida a vixencia e a validez das DIAs das dúas concentracións".

Tal e como se vén poñendo de manifesto nestes últimos meses, o PP xa está en plena campaña propagandística electoral e, xa se sabe o que é a publicidade, que sempre é enganosa. Por isto a veciñanza das parroquias afectadas non as teñen todas consigo e pregúntanse se isto vai en serio ou non.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-En que estado se encontran os procesos de reestruturación agraria das parroquias de Baíña, Sexo, Agra e Val coma núcleo 1 e Berredo, Eidián, Basadre e Ramil coma núcleo 2?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-En que estado se encontran neste momento os procesos das parroquias de Sesto e Brocos?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/01/2020 13:38:21

Xosé Luis Bará Torres na data 27/01/2020 13:38:30

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2020 13:38:36

Noa Presas Bergantiños na data 27/01/2020 13:38:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2020 13:38:51



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, María Julia Rodríguez Barreira, José Manuel Rey Varela, Diego Calvo Pouso e Miguel Prado Patiño ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

No DOG núm. 11, do venres 17 de xaneiro de 2020, publicouse a Orde do 19 de decembro de 2019, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante os sistema de xestión compartida, destinadas as entidades locais de Galicia.

Esta orde reguladora do Fondo de Compensación Ambiental, conforme enuncia na súa na súa exposición de motivos, reformula o catálogo de proxectos subvencionables ao abeiro das dúas liñas de subvención que regula, competitiva e non competitiva.

No artigo 4.4 da norma incorpórase un catálogo de proxectos novidoso, en relación ás anteriores convocatorias orientado ao fin sinalado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia, e ao cumprimento dos obxectivos marcados pola Unión europea.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

- Cal é a intención da Xunta de Galicia sobre a ampliación e redefinición de proxectos para fomentar a eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental



das entidades locais, con especial incidencia nas medidas adoptadas a través da reforma de dependencias municipais, na nova orde pola que se regularán os criterios de repartición e se establecerán as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 27/01/2020 13:48:23

María Isabel Novo Fariña na data 27/01/2020 13:48:50

Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2020 13:49:18

Jacobo Moreira Ferro na data 27/01/2020 13:49:54

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/01/2020 13:50:09

José Manuel Rey Varela na data 27/01/2020 13:50:23

Diego Calvo Pouso na data 27/01/2020 13:50:42

Jesús Miguel Prado Patiño na data 27/01/2020 13:51:06



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñado, Jacobo Moreira Ferro, María Julia Rodríguez Barreira, José Manuel Rey Varela, Diego Calvo Pouso e Miguel Prado Patiño ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

No período 2016 - 2019 a Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administración públicas e Xustiza xestionou, a través da Dirección Xeral de Administración Local a liña de subvencións en concorrencia non competitiva, destinadas as asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

Este importante motor da participación veciñal merece un recoñecemento, as asociacións de veciños, asociacións de mulleres rurais e as comunidades de usuarios, son un baluarte da cultura democrática e participativa, representan uns dos máis importantes instrumentos de participación cos que conta a Administración Local, por estas razón o Goberno Galego colabora na dinamización e impulso do asociacionismo coma eixe fundamental do dereito de participación, recoñecido polo artigo 23 da Constitución, e como colaboradores necesarios da Administración Local no exercicio das súas competencias.

No DOG núm. 247, do 30 de decembro de 2019, publicouse a Orde do 17 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Nesta regulación obsérvanse cambios significativos e melloras en relación as bases que rexeron esta convocatoria nos anos anteriores.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

- Que balance fai a Xunta de Galicia sobre as axudas do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia entre os anos 2016 e 2019?
- Que melloras se introduciron a través da nova formulación das ditas axudas en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2020?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 27/01/2020 13:51:49

María Isabel Novo Fariña na data 27/01/2020 13:52:23

Alberto Pazos Couñago na data 27/01/2020 13:52:40

Jacobo Moreira Ferro na data 27/01/2020 13:52:52

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/01/2020 13:53:03

José Manuel Rey Varela na data 27/01/2020 13:53:19

Diego Calvo Pouso na data 27/01/2020 13:53:39

Jesús Miguel Prado Patiño na data 27/01/2020 13:54:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Logo do anuncio da inminente contratación de dous profesionais da Pediatría para o Hospital Comarcal de Verín, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, aseverou que “se reforzaría o consentimento informado que se lles pide ás embarazadas para que poidan dar a luz en Verín”, explicando que “se as mulleres queren parir en Verín, e os xinecólogos se fan responsables, faremos un consentimento informado reforzado para que as familias que queiran seguir parindo en Verín saiban que ese consentimento informado reforzado vai a ser o consentimento polo que as familias nos van a autorizar para que se sigan tendo partos en Verín”.

Segundo se desprende da súa afirmación, as familias de Verín deberán autorizar ao Sergas, de xeito expreso, o seu consentimento para someterse á pericia dos e das profesionais do hospital comarcal, pois na mesma comparecencia Feijóo reiterou que a decisión de pechar o paritorio e suprimir as urxencias pediátricas tiña dúas causas fundamentais: unha, o número de partos, e outra, que el mesmo cualificou como “adicional”, a falta de pediatras.

Os criterios empregados polo Partido Popular para pechar o paritorio foron modificándose co paso do tempo e a confrontación coa realidade: faláron de falta de pericia dos profesionais, falta de nacementos, falta de pediatras, etc. Sen embargo, a realidade é clara: a decisión de pechar o paritorio e suprimir as urxencias pediátricas foi política, non sanitaria.

A reapertura do paritorio é unha verdadeira vitoria cidadá, consecuencia da mobilización dunha comarca ante unha situación coa que non se conformaban, pois o único que buscaba esta decisión política do goberno de Feijóo era recortar servizos sanitarios no rural e deste xeito poñer en perigo a vida e a saúde de nais e bebés.



Esta vitoria cidadá non é tanto, por iso a veciñanza segue loitando e reclamando os seus dereitos en igualdade de condicións, pois agora, tal e como anunciou o presidente da Xunta, ás mulleres da comarca esixiráselles que asinen un “consentimento informado reforzado”, documento que non se esixe noutros hospitais comarcais, pois non está regulado en ningures, sendo o de Verín o único no que o queren implementar, fiscalizando inxustificadamente e desacreditando a labor dos profesionais do hospital e propiciando o medo nas mulleres a parir en Verín, por trasladarlles tamén a elas a responsabilidade, nun episodio mais de violencia institucional cara as mulleres.

Dende En Marea cremos que falar de “consentimento informado reforzado” é unha barbaridade conceptual e ética por moitas razóns, particularmente porque con isto o que fai o Partido Popular é aplicar unha política defensiva que sementa a sospeita sobre o que poida acontecer no paritorio de Verín, deixando toda a responsabilidade recaer sobre nais e profesionais do hospital, por manifestarse a favor da continuidade da actividade asistencial, para así, ante o que poida pasar, o Sergas argumente “a culpa será só vosa”.

Intentar infundir medo empregando a seguridade de nais e bebés non é intelixente, pero moito menos resulta eticamente aceptable. Retorcer o concepto de consentimento informado é cínico, pois é algo xa regulado especificamente e, un consentimento que non está ben informado non é tal consentimento, como a bioética e os tribunais de xustiza se encargaron de aclarar con reiteración.

A Lei 41/2002, de 14 de novembro, Básica Reguladora da Autonomía do Paciente e Dereitos e Obrigas en materia de información e documentación clínica, define o consentimento informado como “a conformidade libre, voluntaria e consciente dun paciente, manifestada en pleno uso das súas facultades despois de recibir a información axeitada, para que teña lugar unha actuación que afecta á súa saúde”.

Partindo da base de que o parto é un proceso natural, non ten sentido pedir o consentimento para que teña lugar, pois como proceso natural, non precisa dunha actuación voluntaria ou



premeditada nin sequera por parte da propia muller, pois sería tan absurdo como pedirlle a alguén permiso (consentimento) para que faga a dixestión.

O consentimento informado está claramente regulado, polo que carece de toda xustificación que a Xunta teime en aseverar que haberá un “consentimento informado reforzado” no hospital comarcal de Verín, pois con isto promoven dende o goberno galego unha flagrante discriminación tanto para os profesionais como, principalmente, para as nais da comarca de Monterrei, que ven mermados os seus dereitos, en detrimento da veciñanza doutros hospitais comarcais e, por descontado, da das cidades, como se en función de onde se vivira houbera mulleres de primeira e de segunda categoría.

Polo exposto, a deputada e deputados que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- A que responde a idea do “consentimento informado reforzado”? Non lle parece que choca coa legalidade?
- Reabrirá a Xunta o paritorio e as urxencias pediátricas do Hospital de Verín de xeito incondicional e sen presións inxustificadas para profesionais e mulleres da comarca?
- Ten algunha xustificación a Xunta para promover un “consentimento informado reforzado” para parir en Verín, discriminando ao citado hospital comarcal esixindo máis requisitos que a calquera outro?
- Pedirá perdón a Xunta pola xestión do peche e reapertura do paritorio de Verín?
- Contará a Xunta cos/as profesionais de Verín para redactar o novo protocolo?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez



Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
Deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 27/01/2020 16:53:54

David Rodríguez Estévez na data 27/01/2020 16:54:05

Luis Villares Naveira na data 27/01/2020 16:54:12

Francisco Casal Vidal na data 27/01/2020 16:54:24





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar en materia de dependencia.

Coa entrada en vigor da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recoñécíase o dereito a que as persoas maiores o con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas, serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolle o acceso aos servizos sociais públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades.

A atención as persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno galego. Atender ás persoas que solicitan que se lle recoñeza o dereito e a prestación que se derive do recoñecemento. Ten que ser unha prioridade rematar co “limbo da dependencia”, a eliminación das listas de espera. É preciso que toda persoa que solicita unha avaliación ou teña recoñecida unha prestación a reciba de xeito real e non teórico, sen demoras de meses ou incluso anos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza ten unha poboación moi envellecida, unha de cada catro persoas ten máis de 65 anos, segundo o IGE o número de dependentes medrou un 25% en 6 anos, superando xa ás 118.000 persoas. Pese a este dato, a porcentaxe de solicitudes da axudas vinculadas á Lei de Dependencia está por debaixo da media. É dicir, temos unha porcentaxe moi baixa de persoas beneficiarias, un 2,07 fronte o 2,61 do Estado.

Miles de persoas dependentes non teñen ningún tipo de axuda da Xunta. 10.000 dependentes con dereito a prestación non a están a cobrar, o 50% das persoas dependentes que precisan axuda a domicilio non a reciben e 12.000 persoas seguen a espera para obter unha praza nun centro de día, 30.000 persoas dependentes que precisan axuda á domicilio, 14.000 transporte adaptado

O Partido Popular estalle a ofrecer aos galegos e galegas unha lei da dependencia de segunda cun investimento por persoa dependente de 5.779 euros en Galiza cando no Estado a media é de 6.664, é dicir, 885 euros menos”. As prestacións ofrecidas @s usuari@s galeg@s centráronse en servizos de baixo custo tales como axuda a domicilio ou teleasistencia mentres que en servizos de maior custo como a atención residencial, nin sequera logrou manter a taxa de reposición do ano anterior.

O Estado español destinou á dependencia en Galiza 84 millóns de euros, cifra moi alonxada dos 186 millóns que lle debe a Galiza e moi lonxe tamén da cifra de 140 millóns de euros que recada vía impostos, - SS, IRPF, IVE-, do sistema de dependencia no noso país, segundo recollen os datos da Asociación de directoras e xerentes de servizos sociais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso que o Goberno galego converta a atención á dependencia nunha prioridade política, por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai o Goberno galego esixirlle ao Goberno español o pago dos máis de 186 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade?
- Vai o Goberno galego esixirlle ao Goberno español o financiamento acordado do 50% dos gastos de atención á dependencia?
- Coida que o Goberno galego lle está a ofertar @s galeg@ unha atención á dependencia de calidade, e acorde ás súas necesidades?
- Cales son os tempos de agarda dende que entra por rexistro unha solicitude ata que efectivamente desfruta do recurso a persoa demandante?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2020 17:50:53

Xosé Luis Bará Torres na data 27/01/2020 17:51:01

Noa Presas Bergantiños na data 27/01/2020 17:51:07

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2020 17:51:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/01/2020 17:51:23



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

No ano 2019, o persoal do servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da provincia de Lugo trasladou á Consellería de Política Social unha serie de necesidades e problemas que non se resolveron a inicios de 2020.

En primeiro lugar, expúxose a situación de sobrecarga de traballo nun servizo que trata con nenos e nenas e que require un grao de detalle na execución de tarefas que é imposible realizar co persoal actual, o que xera estrés laboral. Precisaríanse unhas vinte persoas máis no servizo, algo que a Consellería coñece dende o ano 2018. Ademais, as substitucións de persoal vacante que se teñen producido foron moi lentas e precisaríase unha equipa específica de emerxencias, con 4-5 persoas.

A Consellería foi informada sobre o gran número de horas de traballo que debe ocupar o persoal fóra da xornada laboral para poder sacar adiante os casos, horas que non son remuneradas. Deste xeito, o persoal propuxo facilitar a modalidade de teletraballo para a axilización de informes, pois esta labor é interrompida ao longo da mañá na xefatura territorial. A Consellería limitouse a colocar un ordenador nunha sala de reunións para a realización de informes, pero non é o lugar axeitado.

A falta de persoal e o atraso na realización de informes conleva a falta de axilidade na valoración e seguimento dos casos urxentes con calidade nas horas de traballo, algo que se fai a costa do estrés do persoal e de que este utiliza horas do seu tempo de descanso para sacar adiante o traballo pendente.

Por outra parte, o persoal solicitou ter protocolos claros de actuación en todas as provincias, tendo en conta a Lei de protección de Menores, a Lei de protección de datos e a lexislación



sobre procedemento administrativo. Ante isto, a Consellería respondeu que xa se comunicou esta cuestión a Santiago (sic) e que se está a traballar en ditos protocolos para toda Galiza.

Outro elemento exposto por parte do persoal do servizo á Consellería foi a falta de seguridade e de intimidade pola localización do servizo dentro do edificio administrativo da Xunta.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- Considera axeitada a dotación de persoal do servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da provincia de Lugo?
- Vai atender as peticións do persoal deste servizo?
- Cando van estar listos os protocolos de actuación?
- Vai permitir a modalidade de teletraballo para a realización de informes no servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica?
- Vai aumentar o persoal de dito servizo?
- Cantos expedientes abertos e de que tipo hai cada ano no servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da provincia de Lugo?
- Cal é o cadro de persoal actual do servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da provincia de Lugo?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/01/2020 19:48:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada do Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta oral na Comisión 8.^a**

O pasado 22 de xaneiro publicouse no BOE un convenio suscrito pola Administración estatal e a autonómica, firmado pola ministra de Defensa, Margarita Robles, e a conselleira do Mar, Rosa Quintana, que vincula a ambas entidades, baixo uns acordos de cooperación, colaboración e coordinación interinstitucional, e que recolle uns obxectivos específicos entre os que figuran a colaboración e promoción do adestramento entre unidades aéreas e marítimas do Servizo de Gardacostas de Galicia e as unidades da Armada. Este propósito, segundo o texto aprobado, céntrase nas actividades de vixilancia marítima e, en especial, contra a pesca ilegal, en base ao adestramento conxunto e á mellora da formación das tripulacións e o persoal das dúas entidades.

No texto firmado entre ambas administracións especifícanse as competencias de cada órgano no ámbito marítimo. Á Xunta correspóndelle a responsabilidade exclusiva en pesca de augas interiores, marisqueo e acuicultura, e de cara á dimensión da vixilancia marítima, aportará aos futuros exercicios e adestramentos conxuntos, unidades do Servizo de Gardacostas, que teñen a competencia na protección dos diversos recursos marítimos galegos, así como en materia de salvamento marítimo.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por outra banda, a Armada, a través da Forza de Acción Marítima, desenvolve misións orientadas a protexer os intereses marítimos nacionais e a seguridade marítima, mediante a presenza e vixilancia en espazos marítimos de interese, tarefa na que actualmente está inmerso o patrulleiro *Centinela (P-72)*, con base en Ferrol.

Estas colaboracións entre Armada e Xunta serán coordinadas polo COMARFER (Comandante do Mando das Unidades da Forza de Acción Marítima en Ferrol), Ramón Fernández Borra. O texto tamén dispón a creación dunha comisión mixta, integrada por dous representantes da Consellería do Mar (o Secretario Xeral Técnico e o Subdirector Xeral de Gardacostas de Galicia) e dous representantes da Armada, para exercer o control e o seguimento dos exercicios e as actividades de colaboración. O acordo non implica ningún desembolso ou compensación económica; cada parte farase cargo dos custos das súas unidades, e este terá un período de vixencia de catro anos, podendo ser prorrogado durante outros catro.

Dende o noso grupo non comprendemos cal vai ser a labor da Armada no control da pesca ilegal e o furtivismo, e consideramos inapropiada a utilización de medios militares no desenvolvemento deste tipo de actividades. Creemos, ao contrario, que a realización destas labores de vixilancia e protección dos recursos marítimos debe quedar reservada exclusivamente aos organismos públicos da administración autonómica que goza da propiedade das augas e costas nas que se pretende actuar, que neste caso é o Servizo de Gardacostas de Galicia, dependente da Consellería do Mar.



Garantir a eficacia da vixilancia marítima e a protección dos recursos mariños galegos debería implicar dotar dunha financiación suficiente aos servizos públicos autonómicos, que permita proporcionar aos organismos públicos competentes o persoal e os medios necesarios para que poidan actuar de maneira rápida, e englobando o conxunto das augas e o litoral galego, en lugar de compensar as graves deficiencias que existen na actualidade a través da intervención das Forzas Armadas, que deberían restrinxir as súas actuacións ás labores de salvamento marítimo, seguridade e defensa dos espazos marítimos de interese nacional.

Para isto, é necesario que a Xunta escoite aos empregados públicos, aos traballadores que realizan a súa actividade no ámbito marítimo, e aos sindicatos que os representan, para poder comprender cal é o estado dos servizos, as necesidades máis prioritarias e os defectos no sistema actual de vixilancia marítima.

Polo exposto, as deputadas asinantes presentamos as **seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- Cal é o obxectivo principal que persegue o convenio de colaboración firmado entre o Ministerio de Defensa e a Consellería do Mar?
- Este convenio de colaboración implicará a realización dalgún tipo de exercicio ou manobra de carácter militar por parte dos efectivos do Servizo de Gardacostas de Galicia?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Cal vai ser o papel desempeñado pola Armada Española no ámbito da vixilancia marítima e o control sobre os recursos marítimos galegos?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Xan Xosé Jove González na data 28/01/2020 14:30:10

Paula Quinteiro Araújo na data 28/01/2020 14:30:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Son continuas as denuncias de precariedade laboral por parte do persoal –maioritariamente feminino– das residencias de maiores privadas do noso País, que é a Comunidade Autónoma que ten unha meirande porcentaxe de prazas en residencias privadas do total.

Sindicatos das residencias DOMUS VI, alertan que esta situación repercute na atención das persoas maiores.

O persoal denuncia sobrecarga de traballo e condicións semellantes ao “escravismo”, o que deriva en persoas maiores “desatendidas”.

DOMUS VI sinala que as residencias cumpren as rateos obrigadas por lei, pero estas rateos estanse a amosar insuficientes. Esta empresa é a que maior rede de centros e servizos de atención a maiores ten no Estado; en Galiza conta cunha trintena de residencias.

Tamén se teñen producido queixas de familiares en residencias do grupo, relativas á comida e á medicación, así como a falta de persoal.

Residencias do grupo con queixas de familiares foron a de San Lázaro, en Santiago, a de Ribadumia, Monforte, Chantada, Viveiro ou Aldán, en Cangas.

Asociacións de pacientes e a Asociación Vellez Digna reclaman un incremento das rateos de persoal-paciente, ata 4,5 auxiliares por cada 10 dependentes e 3 por 10 persoas autónomas; un/unha profesional de Traballo Social por cada 100 residentes e enfermeiría por cada 20, en lugar de un/unha profesional de enfermeiría e dúas auxiliares por cada 200, situación que se produce en moitos centros nas quendas de noite, tarde ou fins de semana. Asemade, reivindicán un/unha terapeuta ocupacional por cada 40 residentes e un aumento da rateo de persoal médico, de fisioterapia e psicoloxía.

CIG e UGT teñen denunciado a insuficiencia das rateos oficiais, a sobrecarga de traballo e a alta sinistralidade no sector.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

- Vai modificar a normativa aplicable para aumentar a rateo de persoal de atención directa nas residencias de maiores privadas?
- Cales foron as inspeccións da Xunta realizadas en centros xestionados por DOMUS VI no 2019?
- Vai aumentar o número de persoal da Inspección dos Servizos Sociais e aumentar as inspeccións, procedendo a aplicar as sancións cando proceda?
- Vai impulsar un plan de inspección específico que controle o cumprimento efectivo das rateos de persoal nas residencias privadas, garantindo que se substitúen efectivamente as ausencias do persoal?
- Conta a Xunta con algún estudo sobre a situación sociosanitaria nos centros de maiores galegos de titularidade privada?
- Que queixas ten recibido sobre a xestión en residencias privadas do Grupo Domus VI coas que concerta prazas a Xunta?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 28/01/2020 18:22:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión da **CRTVG**.

A Rede do Patrimonio Cultural remitiu á Comisión de Control da CRTVG un escrito para trasladar a necesidade de que os medios públicos galegos contén con maior espazo para a difusión do noso Patrimonio.

Dita plataforma de asociacións expoñía que en 1984, a Lei pola que se creaba a CRTVG xa dispoñía, no seu primeiro artigo (1.1.), que:

“Atribúeselle á Compañía de Radio-Televisión de Galicia a misión de servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega, así como a atención á máis ampla audiencia, ofrecendo calidade e a máxima continuidade e cobertura xeográfica, social e cultural, propiciando o acceso aos distintos xéneros de programacións e aos eventos institucionais, sociais, culturais e deportivos, dirixíndose a todos os segmentos de público, idades e grupos sociais, e favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en lingua galega realizadas por dita Compañía a través das sociedades Radiotelevisión de Galicia, S.A. e Televisión de Galicia, S.A., así como de calquera outra que poida crear no futuro.”

Asemade, o Estatuto de Autonomía asume, no artigo 27.8 a competencia exclusiva da Xunta en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia.

Por outra parte, a Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia sinala que (artigo 1):



“O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.”

“Así mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorra algún dos valores enumerados no parágrafo anterior e que se encontren en Galicia, con independencia do lugar no que fosen creados.”

“A Xunta de Galicia velará pola investigación, a difusión e, de ser o caso, o retorno a Galicia daqueles bens especialmente representativos do patrimonio cultural galego que se encontren fóra dela, e, cando non sexa posible, da súa reprodución, de ser o caso.”

A Rede do Patrimonio Cultural sinala que “no que ao Patrimonio material e inmaterial de Galicia se refire, contamos cos dedos dunha man os programas que se ocupasen ao longo da súa existencia (da CRTVG) especificamente de divulgar o valor do Patrimonio Galego, relegado a micro-espazos dentro de programas culturais e informativos, onde se daba conta de eventos relacionados con el, pero nunca ocupándose con periodicidade regular do mellor coñecemento do patrimonio artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental, bibliográfico ou mesmo inmaterial.

A este respecto, a Rede solicita que se creen espazos informativos e divulgativos dedicados especificamente ao Patrimonio.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte Pregunta:

1. Que contidos, programas e espazos relacionados coa difusión do Patrimonio Cultural galego ten a CRTVG nas súas distintas canles e emisoras durante a tempada 2020-2021?



2. Que programas específicos sobre difusión e coñecemento do Patrimonio ten habido na CRTVG?
3. Ten previsto a CRTVG impulsar espazos específicos de información e divulgación sobre o Patrimonio Cultural galego?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 28/01/2020 19:26:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**.

A inicios de xaneiro de 2020 hai aspectos da Lei 9/2011 de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia que continúan sen desenvolver.

Algúns aspectos son responsabilidade da Cámara galega, dominada dende 2011 pola maioría absoluta do PP; sen embargo, a parálise de outros débese unicamente á CRTVG e á falta de interese da Dirección e do Goberno galego por democratizar e afondar na independencia do ente público.

Os e as profesionais da CRTVG denuncian o control e a manipulación por parte do goberno galego, amparado no incumprimento durante os últimos anos da obriga legal de crear un Consello de Informativos que vele pola obxectividade na CRTVG. Mentres, o Presidente Feijóo chegou a declarar aos medios de comunicación que “descoñecía que a lei lle obrigase a crear ese órgano”.

Na actualidade os medios de comunicación están ao servizo das grandes corporacións e grupos de presión mediática que pretenden monopolizar o negocio da información e o entretemento en conivencia con intereses partidistas, amparados pola falta de aposta dos gobernos por uns medios de comunicación públicos, plurais, independentes e democráticos.

Por iso é urxente proceder á creación do Consello de Informativos e o nomeamento dun/ha nova director/a xeral da CRTVG que conte co respaldo dos 2/3 do Parlamento, para garantir que o ente público ofrezca unha información plural e veraz que garanta o dereito de acceso aos medios públicos de colectivos, organizacións políticas, sindicais e sociais; que elimine a censura nas redaccións e respecte o libre exercicio e a liberdade de conciencia dos seus traballadores/as; cumprindo uns parámetros mínimos de calidade nos contidos da RTVG,



que difundan valores de convivencia, protexan a infancia, non fomenten ningún tipo de discriminación, non reproduzan estereotipos de xénero e respecten os dereitos laborais dos e das súas profesionais.

Sen acometer con urxencia estas tarefas, sen poñer prazos para o cumprimento destas disposicións da lei, é imposible cumprir co artigo 4.1. da Lei 9/2011, no que se detallan os principios inspiradores da actividade de comunicación audiovisual da CRTVG.

O incumprimento da lei é sistemático: nin contratos programa, nin Estatuto Profesional, nin a regulación das funcións da autoridade audiovisual nin, sequera, aumento do impulso á produción propia.

Tampouco se cumpren outros principios como a “garantía do dereito das persoas con discapacidade ao acceso de forma efectiva aos contidos emitidos”. A porcentaxe de subtitulación e de emisión en linguaxe de signos da programación da TVG está moi lonxe do que dispón a Lei Xeral Audiovisual de 2010 no seu artigo 8.2 (2. *Las personas con discapacidad auditiva tienen el derecho a que la comunicación audiovisual televisiva, en abierto y cobertura estatal o autonómica, subtitule el 75% de los programas y cuente al menos con dos horas a la semana de interpretación con lengua de signos.*).

No mes de decembro de 2019 o Director Xeral da CRTVG sinalou que os documentos para a elaboración do Estatuto Profesional e Consello de Informativos estarían listos en “meses” e xustificou o seu atraso na necesidade de adaptalos “á medida do século XXI”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Cando vai contar a CRTVG co Estatuto Profesional e o Consello de Informativos?
- Que significa a xustificación de non cumprir coa lei de 2011 durante a segunda década do século XXI porque hai que adaptar documentos “á medida do século XXI”?
- Cando se vai cumprir a Lei Xeral Audiovisual de 2010 en relación á subtitulación e lingua de signos?



- Cando vai cumprir a Lei 9/2011 de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 28/01/2020 19:35:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**.

O 20 de xaneiro de 2020, tras ser apuntalado o edificio, o persoal docente do CEIP Frei Luís de Granada de Sarria negouse a acudir ao centro co alumnado.

Trátase dun centro inaugurado en 1975, preto dunha zona fluvial.

A Xunta sinalou que se apuntalaba o centro “por seguridade”, pero que non había riscos, mais o alumnado será trasladado finalmente ao espazo da Escola Fogar para poder reparar o edificio.

O informe técnico sinala que "a estrutura do edificio, en xeral, non presenta falta de capacidade portante" e que "os danos observados son debidos aos movementos normais da estrutura por acción das cargas ás que está sometida". O texto apunta, con todo, que "se trata dunha estrutura mal deseñada con vigas que favorecen as deformacións" e que "as fisuras dos tabiques dos corredores reaparecen nos mesmos puntos que no ano 2011". O documento conclúe que "se está producindo un deterioro paulatino, e aínda que non existe risco inmediato en canto á súa estabilidade, as deformacións das fiestras poderían producir a rotura dos cristais ou a caída de fragmentos da fachada". O informe recomenda neste senso manter "o apuntalamento instalado baixo os voadizos para, posteriormente, proceder ao reforzo da súa estrutura".

Nais, pais e alumnado mobilizado reclaman unha solución integral, e non parches.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 4ª.



- Hai algún plan ou estudo sobre as deficiencias do edificio?
- Que tipo de controis se realizaron?
- Hai algunha alternativa para o alumnado de non ser posible garantir a total seguridade do edificio?
- Como se vai efectuar o traslado do alumnado?
- Vaise estudar a fondo o problema estrutural do centro?
- Cando se vai rematar o arranxo do edificio?
- Vai a Xunta acometer unha solución integral, en lugar de parches?

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 28/01/2020 20:32:54



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 2.^a**

A historia contemporánea de Monforte e comarca está ligada ao ferrocarril, sendo un motor esencial de desenvolvemento económico, pero, nos últimos tempos, asistimos á degradación dos servizos ferroviarios e do impulso económico asociado.

Como sinala a Plataforma “Neste Tren Cabemos [Tod@s](#)”, “o ferrocarril foi un instrumento esencial para fixar poboación nesta cidade e elevar a nosa calidade de vida e é, polo tanto, un factor importante no futuro estratéxico de todo o sur de Lugo”.

Desapareceron múltiples servizos ferroviarios, tanto de mobilidade de viaxeiras como de mercadorías, hai unha falta de mantemento da infraestrutura e un avellentamento do cadro de persoal, así como a súa diminución.

A intención semella clara: desmantelar o servizo ferroviario no sur lucense.

Fronte a isto, dende o Grupo Mixto asumimos as demandas da sociedade concienciada coa importancia do carácter social do transporte ferroviario e trasladamos ás institucións as reivindicacións máis urxentes para Monforte e comarca de Lemos.

En primeiro lugar, é esencial aumentar o persoal no taller de Renfe de Monforte, pois hai experiencia e carga de traballo, ata o punto de que hai material que teñen que enviar a outros talleres por non poder asumilo. O taller garante postos de



traballo dignos e estables nesta comarca, conta con experiencia e ten garantida a carga de traballo. Sen embargo, o taller pasou de ter 43 postos de traballo a 13, e precisa, ademais, un reforzo das instalacións, para evitar ter que reparar máquinas á intemperie.

Outra reivindicación inmediata debe ser o aumento de frecuencias de trens de proximidade, esixindo xa a posta en funcionamento dun tren que saia de Monforte ás 7:15 h para enlazar co Avant que sae para Santiago ás 7:55 h de Ourense, así como unha ligazón de volta co último Avant que sae de Santiago ás 20:30 h e chega a Ourense ás 21:08 h. Este novo servizo permitiría a mocidade e ás persoas en xeral estudar ou traballar en Santiago ou Coruña sen ter que vivir alí, e facilitaría a mobilidade a estas cidades, así como coa de Ourense, dende o punto de vista do turismo ou as xestións administrativas.

Tamén debe ser prioritaria a mellora da accesibilidade e instalacións da estación de FFCC de Monforte dende o punto de vista das persoas con mobilidade reducida e da seguridade. Como sinala a Plataforma en defensa do ferrocarril, “é inaceptable que, despois dunha reforma na estación de Monforte recrendo as plataformas, non se dispuxese a instalación de ascensores entre plataformas que faciliten o acceso ás persoas usuarias, tanto por comodidade como por seguridade. Tamén vemos como a luminaria resulta ineficiente e mesmo se observan danos e desprendementos nas plataformas, estando remocicados hai relativamente pouco tempo”.

É intolerable que unha persoa en cadeira de rodas teña que cruzar as vías por unha rampla inadecuada e con pouca sinalización.

Tamén é esencial a axilidade na execución da supresión dos pasos a nivel na cidade de Monforte, que conta con ata seis pasos no centro urbano, con alta



intensidade de tráfico, onde se teñen producido accidentes con resultado de mortes.

Polo exposto, a deputada e os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a:

- 1.- Vai a Xunta esixir ao Goberno do Estado a execución áxil da supresión dos pasos a nivel urbanos de Monforte?
- 2.- Por que estivo pasiva a Xunta durante os Gobernos do PP na reivindicación de melloras ferroviarias para a cidade de Monforte?
- 3.- Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galicia para defender o taller de Renfe de Monforte?
- 4.- Vai a Xunta a mellora das instalacións da estación de FFCC de Monforte e do taller de Renfe?
- 5.- Vai a Xunta demandar un incremento de persoal de Renfe e Adif en relación cos servizos ferroviarios do sur de Lugo?
- 6.- Coñece a Xunta a reivindicación de máis frecuencias ferroviarias para o sur de Lugo?
- 7.- Que opina a Xunta das instalacións da estación de FFCC de Monforte en relación á accesibilidade e seguridade das persoas usuarias, especialmente das de mobilidade reducida?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez



Francisco Casal Vidal
Deputada e deputados do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:10:50

Luis Villares Naveira na data 29/01/2020 10:11:01

David Rodríguez Estévez na data 29/01/2020 10:11:12

Francisco Casal Vidal na data 29/01/2020 10:11:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª**.

A veciñanza do barrio da Ponte, en Chantada, así como a Asociación de Empresarios de Chantada e outros colectivos, denuncian a excesiva presión de tránsito de vehículos por unha zona estreita.

Deste xeito, propúxose que se realizase unha nova ponte para cruzar o río, e así poder peonalizar o barrio, pois, na actualidade, só se pode circular pola Estrada da Ponte, que continúa na LU-P-1801 e que, a pesar do seu pequeno tamaño, é de dobre sentido. Esta vía é a conexión das parroquias do Convento e Camporramiro con Chantada, alén de ser o acceso principal á vila de oito freguesías e de ter un acceso á N-540, converténdose nun dos principais puntos de conxestión do tráfico do Concello.

Ademais do tránsito e deambular a pé propio da veciñanza da zona, súmase o movemento propio de turistas, nomeadamente de peregrinas e peregrinos, ao pasar polo lugar o Camiño de Inverno. Trátase tamén dunha zona de relevancia para Chantada, como é a alameda, e para visitar a igrexa e o mosteiro de San Salvador de Asma, recentemente declarados Bens de Interese Cultural.

Para superar esta problemática, a maioría da veciñanza solicita a construción dunha nova ponte dende o Convento ata Chantada onde se atopa o transformador de Fenosa. Deste xeito, melloraríase o atractivo do conxunto do barrio, ademais de facilitar o goce para a cidadanía do seu patrimonio histórico e cultural. A súa



edificación eliminaría os atascos que se producen en determinadas horas; asemade, melloraríase a seguridade viaria en toda a zona.

A veciñanza afectada reuniuse coa Deputación de Lugo para trasladar a oposición a un proxecto de regulación do tránsito mediante semáforos, ao cal tamén fixera alegacións e sobre o que enviaran queixa á Valeduría do Pobo. Tras esta xuntanza, a Deputación freou o seu plan e deu a razón aos colectivos prexudicados, sinalando que se precisaría a colaboración do Concello e autorización da Confederación Hidrográfica.

Tanto a protección do Patrimonio como a promoción turística ou as obras públicas son competencias da Xunta de Galicia.

No PXOU de Chantada xa se contempla a construción dunha nova ponte sobre o Asma.

Polo exposto, a deputada e o deputado do Grupo Parlamentario Mixto, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a

1. Coñece a Xunta as necesidades de mellora do tránsito de vehículos no barrio da Ponte, en Chantada?
2. Coñece a Xunta a reivindicación dunha nova ponte sobre o Asma?
3. Vai a Xunta apoiar a reivindicación veciñal de distintas parroquias de Chantada sobre unha nova ponte no río Asma?
4. Coñece a Xunta a situación de inseguridade viaria na zona da Ponte en Chantada?



Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:14:58

David Rodríguez Estévez na data 29/01/2020 10:15:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª**

O proxecto hoteleiro no Pazo dos López de Lemos de Sober foi fortemente apoiado dende o inicio por distintas administracións, resultando un fracaso empresarial.

Na actualidade, o hotel reabriu en xuño de 2019, como “Hotel Eurostars Pazo de Sober”, mediante xestión da cadea hoteleira HOTUSA. Descoñecendo a marcha da xestión do Pazo, si temos constancia de queixas de veciñanza e visitantes, no sentido de que non se permite a visita aos xardíns e zona interior nin o uso regular da cafetería.

En marzo de 2007 a empresa Alvaher98 –do sector da alimentación, sen experiencia no sector hoteleiro- solicitou ao Concello de Sober licenza municipal para reconstruír o edificio do pazo de Sober dos López de Lemos, de cara a convertelo nun establecemento de uso hoteleiro. A finalidade era rehabilitar as ruínas e converter o complexo nun hotel de “gran luxo”, cun orzamento inicial de 5.221.294 €, aínda que diversas fontes elevan a 9.133.546 € o investimento inicial. A autorización de Patrimonio foi en xuño de 2007.

Dende o anuncio do proxecto, en 2007, a construción do hotel foi “vendida” polo Concello de Sober e polo PP durante as campañas electorais das municipais de 2007 e 2011 como unha gran esperanza do emprego en Sober, destinado a ser “un referente en toda Europa” e a atraer un “turismo de elite e de calidade”.



En 2009, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) concede ao proxecto hoteleiro unha axuda a fondo perdido de 887.619 €, na liña de “grandes investimentos”, para unha inversión inicial fixada en 5.221.294 €. Ese mesmo ano, o Ministerio de Facenda concedeu tamén para o proxecto unha subvención directa de 418.083 €. A data de vixencia de ambas axudas foi o 1 de xuño de 2011 e o 30 de setembro de 2011, respectivamente.

O mesmo IGAPE, en novembro de 2009, concedeu a este proxecto un préstamo, a baixo interese, do Banco Europeo de Inversións, por importe de 2,5 millóns de euros. Segundo comunicou a Consellería de Industria, “en data do catro de xuño de 2010, a empresa promotora deste investimento xa puido dispoñer da totalidade do préstamo directo concedido polo IGAPE, por importe de 2,5 millóns de euros.”

O Concello de Sober investiu en accesos ao entorno –a través de subvencións da Consellería de Presidencia– e no saneamento –a través dun plan de obras da Deputación Provincial de Lugo–.

Para a aceptación das axudas, a empresa comprometíase a:

- manter 34 empregos de media durante 2 anos.
- permanecer en activo durante 5 anos, sen especificar o número de empregos (este compromiso refírese ao crédito).

O 6 de outubro de 2010 inaugurouse o hotel “Palacio de Sober”, con presenza do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

A Consellería de Cultura na altura sinalara que a colaboración deste proxecto con dita consellería podería “concretarse con posterioridade á apertura coa colaboración na organización de convocatorias culturais” así como “na promoción do turismo de calidade”.

En febreiro de 2013, só catro meses despois de que rematara o prazo no que a empresa se comprometía a ter funcionando o proxecto con, canto menos, unha media de 34 empregos, a empresa presentou un Expediente de Regulación de



Emprego para máis do 80% da plantilla, pactándose un ERTE que prevía abrir en setembro. Previamente, rexeitáronse ofrecer servizos e estancias en dito hotel, de xeito incomprendible. Dende o inicio, o proxecto empresarial amosouse inestable e con mala xestión, con acumulación de impagos de nóminas, rexeitamento de eventos e atrasos nos pagos ás empresas da zona que subministraron material e servizos ao hotel, acumulando atrasos de case un millóns de euros.

Ata 2015 o hotel estivo formalmente “activo”, pero sen funcionar como hotel, pois só contaba con tres empregados para o mantemento mínimo.

O Hotel Pazo de Sober foi a gran aposta do Plan Impulsa Lugo.

O Director Xeral do IGAPE tiña manifestado que confiaba en que non se chegase á liquidación e que se mantena a actividade empresarial no edificio. O propio Director Xeral do IGAPE recoñecía a CCOO e UGT da comarca do sur de Lugo que fora un “erro” conceder tal volume de préstamo a un proxecto presentado por unha empresa sen experiencia na xestión hoteleira, e non ter esixido un socio do sector.

En febreiro de 2015, a empresa propietaria do pazo solicitou entrar en concurso de acredores e nun proceso de liquidación, que non foi adiante.

Do 21 de abril ao 14 de maio de 2018 estivo aberta, por parte do xulgado do Mercantil n.º 12 de Madrid, a poxa pública polo Pazo de Sober, en 3 lotes (edificio, mobiliario e fincas), valorados en conxunto en 5.158.189,13 €.

O edificio foi valorado en 4.706.421,13 €, tendo unha hipoteca a favor do IGAPE por importe de 3.312.000 € (préstamo concedido máis intereses).

Rematada a poxa, unha empresa ofrece 2,4 millóns de euros polo edificio, o 51% do valor, sendo a única oferta.

Sobre a axuda a fondo perdido concedida polo IGAPE (887.619 €), este abre expediente en febreiro de 2015 (publicado no DOG o 18 de febreiro de 2015) para determinar se a empresa incumpriu os compromisos de dita axuda.



Finalmente, o conxunto foi adxudicado a Nubian Properties, do grupo HOTUSA, o 11 de setembro de 2018, que xestiona na actualidade o Pazo como hotel.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta:

- Non considera a Xunta que fracasou na concesión de axudas ao Hotel Gran Luxo Pazo de Sober?
- Que elementos de viabilidade técnica e financeira do proxecto do Hotel Pazo de Sober avaliou o IGAPE para concederlle axudas?
- Por que non esixiu o IGAPE socio do sector hoteleiro para o proxecto de hotel Pazo de Sober?
- Ratifica a Xunta que foi un erro conceder un préstamo tan importante a un proxecto hoteleiro a unha empresa sen experiencia no sector?
- Non considera a Xunta que fallou o plan de promoción do Hotel Pazo de Sober na súa primeira etapa?
- Coñece a Xunta o volume da débeda pendente a provedores?
- Como ten previsto a Xunta recuperar o importe do préstamo concedido polo IGAPE?
- En que medidas se ten concretado a colaboración da Xunta a nivel cultural e turístico co hotel que funcionou no Pazo de Sober?
- Non considera a Xunta que se utilizou de xeito partidista a apertura do Pazo de Sober como Hotel de Gran Luxo?
- Que nivel de seguimento realizou a Xunta a respecto dos compromisos adquiridos pola empresa promotora do hotel no Pazo de Sober en relación ao crédito e axudas do IGAPE?
- Buscou a Xunta algún proxecto inversor para o Pazo de Sober logo de entrar Alvaher 98 en concurso de acredores?



- Ten a Xunta estudado os impactos –positivos e negativos– na zona do proxecto hoteleiro no Pazo de Sober?
- Non cre a Xunta que o requisito para obter o crédito do IGAPE, referido a permanecer aberto o proxecto durante 5 anos, debería ir acompañando de obrigas a respecto do mantemento de certo nivel de emprego de calidade?
- Cal foi o resultado do expediente aberto polo IGAPE á empresa do Pazo de Sober en febreiro de 2015?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:19:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**

O proxecto hoteleiro no Pazo dos López de Lemos de Sober foi fortemente apoiado dende o inicio por distintas administracións, resultando un fracaso empresarial.

Na actualidade, o hotel reabriu en xuño de 2019, como “Hotel Eurostars Pazo de Sober”, mediante xestión da cadea hoteleira HOTUSA. Descoñecendo a marcha da xestión do Pazo, si temos constancia de queixas de veciñanza e visitantes, no sentido de que non se permite a visita aos xardíns e zona interior nin o uso regular da cafetería.

Falamos dun inmoible con restos de diferentes épocas, nun recinto de máis de 4000 m cadrados e tres alturas, alén de conservar capela e dúas torres, edificio orixinal da familia dos López de Lemos e testemuño de fitos históricos da comarca e de Galiza, como as revoltas irmandiñas.

En marzo de 2007 a empresa Alvaher98 –do sector da alimentación, sen experiencia no sector hoteleiro- solicitou ao Concello de Sober licenza municipal para reconstruír o edificio do pazo de Sober dos López de Lemos, de cara a convertelo nun establecemento de uso hoteleiro. A finalidade era rehabilitar as ruínas e converter o complexo nun hotel de “gran luxo”, cun orzamento inicial de 5.221.294 €, aínda que diversas fontes elevan a 9.133.546 € o investimento inicial. A autorización de Patrimonio foi en xuño de 2007.



Dende o anuncio do proxecto, en 2007, a construción do hotel foi “vendida” polo Concello de Sober e polo PP durante as campañas electorais das municipais de 2007 e 2011 como unha gran esperanza do emprego en Sober, destinado a ser “un referente en toda Europa” e a atraer un “turismo de elite e de calidade”.

En 2009, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) concede ao proxecto hoteleiro unha axuda a fondo perdido de 887.619 €, na liña de “grandes investimentos”, para unha inversión inicial fixada en 5.221.294 €. Ese mesmo ano, o Ministerio de Facenda concedeu tamén para o proxecto unha subvención directa de 418.083 €. A data de vixencia de ambas axudas foi o 1 de xuño de 2011 e o 30 de setembro de 2011, respectivamente.

O mesmo IGAPE, en novembro de 2009, concedeu a este proxecto un préstamo, a baixo interese, do Banco Europeo de Inversións, por importe de 2,5 millóns de euros. Segundo comunicou a Consellería de Industria, “en data do catro de xuño de 2010, a empresa promotora deste investimento xa puido dispoñer da totalidade do préstamo directo concedido polo IGAPE, por importe de 2,5 millóns de euros.”

O Concello de Sober investiu en accesos ao entorno –a través de subvencións da Consellería de Presidencia– e no saneamento –a través dun plan de obras da Deputación Provincial de Lugo -.

Para a aceptación das axudas, a empresa comprometéase a:

- manter 34 empregos de media durante 2 anos.
- permanecer en activo durante 5 anos, sen especificar o número de empregos (este compromiso refírese ao crédito).



O 6 de outubro de 2010 inaugurouse o hotel “Palacio de Sober”, con presenza do Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

A Consellería de Cultura na altura sinalara que a colaboración deste proxecto con dita consellería podería “concretarse con posterioridade á apertura coa colaboración na organización de convocatorias culturais” así como “na promoción do turismo de calidade”.

En febreiro de 2013, só catro meses despois de que rematara o prazo no que a empresa se comprometía a ter funcionando o proxecto con, canto menos, unha media de 34 empregos, a empresa presentou un Expediente de Regulación de Emprego para máis do 80% da plantilla, pactándose un ERTE que prevía abrir en setembro. Previamente, rexeitáronse ofrecer servizos e estancias en dito hotel, de xeito incomprensible. Dende o inicio, o proxecto empresarial amosouse inestable e con mala xestión, con acumulación de impagos de nóminas, rexeitamento de eventos e atrasos nos pagos ás empresas da zona que subministraron material e servizos ao hotel, acumulando atrasos de case un millóns de euros.

Ata 2015 o hotel estivo formalmente “activo”, pero sen funcionar como hotel, pois só contaba con tres empregados para o mantemento mínimo.

O Hotel Pazo de Sober foi a gran aposta do Plan Impulsa Lugo.

O Director Xeral do IGAPE tiña manifestado que confiaba en que non se chegase á liquidación e que se mantena a actividade empresarial no edificio. O propio Director Xeral do IGAPE recoñecía a CCOO e UGT da comarca do sur de Lugo que fora un “erro” conceder tal volume de préstamo a un proxecto presentado por unha empresa sen experiencia na xestión hoteleira, e non ter esixido un socio do sector.



En febreiro de 2015, a empresa propietaria do pazo solicitou entrar en concurso de acredores e nun proceso de liquidación, que non foi adiante.

Do 21 de abril ao 14 de maio de 2018 estivo aberta, por parte do xulgado do Mercantil n.º 12 de Madrid, a poxa pública polo Pazo de Sober, en 3 lotes (edificio, mobiliario e fincas), valorados en conxunto en 5.158.189,13 €.

O edificio foi valorado en 4.706.421,13 €, tendo unha hipoteca a favor do IGAPE por importe de 3.312.000 € (préstamo concedido máis intereses).

Rematada a poxa, unha empresa ofrece 2,4 millóns de euros polo edificio, o 51% do valor, sendo a única oferta.

Sobre a axuda a fondo perdido concedida polo IGAPE (887.619 €), este abre expediente en febreiro de 2015 (publicado no DOG o 18 de febreiro de 2015) para determinar se a empresa incumpriu os compromisos de dita axuda.

Finalmente, o conxunto foi adxudicado a Nubian Properties, do grupo HOTUSA, o 11 de setembro de 2018, que xestiona na actualidade o Pazo como hotel e que non permite visitas aos xardíns e planta baixa.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula as seguintes preguntas á Xunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

- Que tipo de colaboración mantivo a Consellería de Cultura coa empresa xestora do Pazo de Sober na primeira etapa deste como hotel?

- Como vai garantir a Xunta a conservación do Patrimonio do Pazo dos López de Lemos e o goce do mesmo pola cidadanía?



- Ten previsto a Xunta incoar o procedemento para declarar BIC o Pazo de Sober ou algún dos seus elementos?

- Vai a Consellería de Cultura impulsar algún tipo de colaboración con HOTUSA para o desfrute do Pazo de Sober por parte da cidadanía?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:20:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 4.^a**

A Xunta publicou no DOG con data de 29 de xullo, a Orde do 15 de xullo de 2019 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial, o que supón peche de escolas e unidades no ámbito rural.

As escolas, alén dun servizo público esencial, son un elemento dinamizador das localidades rurais en todos os eidos, contribuíndo á fixación da poboación.

Ano a ano, os únicos criterios economicistas fan desaparecer escolas rurais. Este ano as escolas pechadas son as seguintes:

Provincia da Coruña:

- 2 escolas no concello de Carnota: EEI de Portocubelo e EEI do Viso
- 1 escola no concello de Mugardos: EEI do Seixo
- 1 escola no concello de Sada: EEI de Carnoedo
- 1 escola no concello de Trazo: CEIP da Polveira

Provincia de Pontevedra:

- 1 escola no concello de Cuntis : EEI Arcos de Furcos
- 1 escola no concello de Vigo: EEI Zamáns



En total, 7 escolas no rural e outras tantas reubicadas nun só centro, profesorado que terá que reubicarse, e perda de oportunidades de medrar e educarse sen ter que facer desprazamentos innecesarios, así como a perda de oportunidade de fixar a poboación que se aproximará a outras zonas nas que teñan máis oportunidades de conciliar a educación das persoas menores, con menores desprazamentos e os propios traballos.

Esta situación non é puntual, pois ano a ano suprímense unidades escolares, servizos e prazas docentes nos centros de ensino rural.

Polo exposto, a deputada e os deputados do Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª:

- 1.- Que medidas vai tomar a Xunta para garantir a atención educativa no rural naquelas áreas nas que se foron reducindo servizos educativos?
- 2.-Parécelle normal que na lexislatura do rural as escolas se vaian pechando e que non haxa ningunha intención de mantelas para atraer á xente as vilas e pobos do noso país?
- 3.- Por que non hai unha política de apertura dos criterios e consulta coa poboación implicada antes de proceder ao peche dunha escola?
- 4.- Sabe a Xunta o prexuízo económico e cultural que causa á poboación polo peche das escolas?
5. - Vai a Xunta abrir un diálogo amplo sobre o dereito á educación no medio rural?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez
Francisco Casal Vidal
Deputada e deputados do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:34:02

Luis Villares Naveira na data 29/01/2020 10:34:09

David Rodríguez Estévez na data 29/01/2020 10:34:20

Francisco Casal Vidal na data 29/01/2020 10:34:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4.^a**

No que ten que ver coa atención ás necesidades educativas especiais, este inicio de curso 2019-2020 destacou polas numerosas queixas de ANPAS pola falta de persoal suficiente. Isto revela unha falta de planificación e unha política de releo polo persoal necesario entre centros e Consellería, algo que tamén se comproba no recente informe da Valedora do Pobo, sendo unha das queixas principais no eido do ensino os déficits de atención educativa ás necesidades especiais.

Alén dos casos particulares, o que importa é o balance global: non hai unha planificación das necesidades educativas especiais. Non é certo que todas sexan sobrevidas en cada curso; gran parte das mesmas poden planificarse, porque se detectan á entrada do alumno ou alumna no ensino obrigatorio, no que pasará unha década, como mínimo.

O que hai de fondo é unha total falta de estabilidade laboral no persoal de atención a necesidades educativas especiais, con contratación parcial e compartindo centros, e unha falta de atención de xeito estrutural ás Diversidades no sistema educativo. Non hai tampouco criterios claros de reparto do persoal, dado que a realidade amosa que se vai cubrindo en función das queixas e protestas, deixando, polo tanto, a quen non fai ruído mediático, á súa sorte. A atención plena á diversidade non pode depender de que os pais e nais do alumnado se organicen para reivindicar os dereitos que lles corresponden: a Consellería debe dotarse do persoal suficiente para atender as necesidades educativas especiais en todos os centos do País, tendo en conta as diversas necesidades de cada caso. Non sempre chega 1 persoa coidadora para 5 alumnos/as con necesidades especiais. Tampouco as rateos de profesionais de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe son sempre axeitadas ás necesidades do alumnado.



Así non hai inclusión real; así non vale gabarse de ser a C.A. con ensino máis inclusivo.

Son moitas veces pais e nais quen asumen labores para garantir a inclusión, situación que xa se ten denunciado no curso anterior, en Xinzo de Limia.

Este curso viu nacer unha ANPA específica para alumnado con necesidades educativas especiais (a quen parabenizamos pola iniciativa e a súa loita), na Coruña, nun contexto de falta xeralizada de profesionais de atención en centros desta cidade e comarca.

Exemplos da vergoña, falta de persoal coidador no CEIP María Barbeito e Cerviño, no CEIP Emilia Pardo Bazán, da Coruña, no CEIP Valle Inclán de Oleiros, no CEIP Castrelo do Val ou no CEIP O Coto, de Negreira.

Neste contexto, a Consellería declinou recibir a Confederación de ANPAS galegas –entidade que agrupa a 350 asociacións e engloba a unhas 80.000 familias-, que lles solicitaban unha reunión específica sobre os medios para a atención á diversidade no ensino público. Rexeitouna con argumentos como que “se atopan nun momento de traballo intenso, como cada inicio de curso”.

Nós concordamos con esta organización:

“Neste momento a atención á diversidade -a dotación necesaria de profesionais de apoio que faciliten e aprendan a superar as dificultades que a diversidade trae consigo, e falamos de especialistas en Pedagogía Terapéutica, en Audición e Linguaxe, ou mesmo de persoal Orientador e Coidador, todas elas especialidades básicas para a correcta atención da diferenza, mesmo tamén de profesorado xeral e recursos-, está a caer sistematicamente curso tras curso, as nosas escolas non teñen profesionais abondas para detectar, tratar e apoiar a realidade que atopan nas aulas, estamos abandonando á súa sorte ás persoas que máis nos necesitan porque quen nos mal goberna di que é custoso manter a insuficiente atención que se lle está a prestar a algunhas persoas, nin moito menos a todas as que o precisan, nos centros escolares públicos”.



Avanzar en inclusión e detección temperá é tamén reforzar a rede comunitaria de Atención Temperá, de xeito que chegue a todo o País, e mellorar a coordinación entre servizos sociais, sanitarios e educativos; alén de, no que compete á Consellería de Educación, dotar de máis profesionais os Equipos de Orientación Específica, que tardan moito na diagnose. De feito, unha das denuncias que fai ANPAS Galegas – e que temos constatado nós tamén por queixas de pais e nais – é que “as familias, quen poden canto menos, están derivando inxentes cantidades de diñeiro a gabinetes privados de diagnose, a terapias e tratamentos específicos”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai aumentar o persoal coidador de atención ás necesidades educativas especiais?
- Vai aumentar o cadro de persoal de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe?
- Cal é o volume de persoal dedicado á atención ás necesidades educativas especiais? Como está distribuído por centros?
- Como valora a coordinación entre servizos educativos, sociais e sanitarios na prevención e detección de necesidades educativas especiais?
- Vai aumentar o persoal das Equipas de Orientación Específica?
- Vai impulsar un plan global galego de atención educativa á diversidade?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:38:56



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Galiza ten unha elevada taxa de persoas sen fogar. Somos a 2ª Comunidade Autónoma en número de persoas sen fogar en relación ao total da poboación – 133/100.000 habitantes - e a 5ª en número total de persoas nesta situación, rexistrando o 8,3% da poboación sen fogar do Estado.

O perfil maioritario das persoas sen fogar continúa sendo masculino, cunha idade entre 45 e 60 anos, pero detéctase un aumento das mulleres sen fogar; sendo a das mulleres unha situación moito máis vulnerable. 80,5% das persoas sen fogar son homes e o 19,5% son mulleres. A súa presenza é menos visible e adoitan recorrer a outros medios, como pensións ou vivendas de persoas coñecidas, o que fai máis complexo abordar a súa problemática.

Segundo a psiquiatra Lucía del Río, que presentou estes datos na Iª Xornada sobre persoas sen fogar da comarca de Compostela, organizada polo Concello de Santiago:

- As mulleres sen fogar sofren máis trastornos mentais que os homes (máis depresión, ansiedade, somatizacións, trastornos alimentarios...), e son máis graves; sen embargo, sofren menos adiccións. Ademais:

- Maternidade non desexada, abortos.

- Agresións sexuais, trauma.



Por outra parte, tal como sinala o estudo de senfogarimos da Xunta, teñen menos estudos que os homes.

Sinala dito estudo da Xunta que “as mulleres sen fogar na rúa son especialmente vulnerables polas situacións de abuso ás que teñen que facer fronte, e cando chegan á rúa están máis desestruturadas e necesitan máis axuda. Ademais, moitos recursos están masculinizados e non existen recursos adaptados para as persoas sen fogar con diversidade funcional, así como tampouco para as persoas con diversidade sexual, o cal agrava máis a súa situación.”

Segundo datos amosados pola psiquiatra Lucía del Río, o 40% das mulleres que viven na rúa sufriron algún tipo de agresión e o 24% foron vítimas de agresións sexuais.

O estudo de senfogarismo da Xunta sinala que “tendo en conta as dificultades engadidas das mulleres, é preciso abordar o senfogarismo con perspectiva de xénero”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a:

1. Que medidas vai impulsar para atender a problemática específica das mulleres sen fogar?
2. Vai a Xunta promover programas especiais de inclusión laboral dirixidos ás mulleres sen fogar ou que residen en vivendas inadecuadas?
3. Vai a Xunta aumentar as políticas de vivenda pública tendo en conta a perspectiva de xénero?



4. Vai a Xunta elaborar estudos específicos sobre a situación das mulleres galegas sen fogar e en infravivenda?

5. Que actuacións específicas vai impulsar a Xunta ante as agresións sexuais e violencia contra as mulleres sen fogar?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:41:03



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

O colectivo de enfermeiros e enfermeiras eventuais do Sergas (a maioría son mulleres) vive sometido a un ritmo de traballo que esixe, durante anos, concatenación de contratos, non ter vacacións, permisos de maternidade ou baixas laborais, polas penalizacións que se impoñen ao non aceptar ofertas de traballo, e que impoñen unha mobilidade extrema entre servizos e ausencia total de posibilidades de conciliación familiar e social.

Esta situación afecta a unhas dez mil persoas, enfermeiras e enfermeiros formados e cualificados. A convocatoria de oposicións non resolve a situación, pois sempre son prazas insuficientes.

Tampouco o “contrato de continuidade e estabilidade” non garante tal, pois conleva, por exemplo, ter un contrato de acumulación de tarefas de doce meses en como mínimo dous centros sen garantías de continuidade asistencial ou sigue limitando a posibilidade de ter vacacións, pois as e os profesionais que asuman este contrato cobren as vacacións das compañeiras titulares.

A Asociación de Enfermería Sociosanitaria da Coruña elaborou unha enquisa a enfermeiros e enfermeiras eventuais, considerándose precarios o 89% dos enquisados. Dita enquisa, que recolle datos entre o 11 de marzo e o 16 de maio do 2019, “recolle un total de 808 resultados, dos cales se excluiron 73 debido a respostas inválidas e duplicadas nos resultados finais, quedando finalmente un total de 735 enquisas válidas”.

“O primeiro dato que podemos observar é que o 89,12% das persoas enquisadas foron mulleres mentres que tan só un 10,9% son homes. Do total dos enquisados, un 73,7% non



teñen fillos e a súa media de idade sitúase nos 32,2 anos (sendo 21 anos a idade do máis xove e 54 anos a do máis maior).”

“Destas persoas, a media de anos que pasan anotados nas listas é de 8,14 anos, sendo 24 os anos do que máis tempo leva, e inferior a 1 ano o de menor tempo de permanencia. Un 78,7% dos enquisados levan nas listas 5 anos ou mais; un 44,4% do total levan 10 ou máis de 10 anos.”

“De todos os enquisados, só un 19,2% ten unha vacante ou comisión fronte a un 80,8% que non a teñen. Os que si teñen vacante ou comisión, levan con ela unha media de 3,2 anos. Iso si, para conseguila tiveron que pasar 12,2 anos desde que sumaron o seu primeiro contrato no Servizo Galego de Saúde. A media de contratos asinados non último ano é de 24 contratos, superando os 300 contratos a persoa que máis número deles asinou.”

O Consello de Contas, nos seus informes de fiscalización referidos ao Sergas, remitidos este mes de xullo ao Parlamento, indica que “os índices de temporalidade continúan sendo altos, 40% en atención especializada e 28,1% en primaria (datos de 2017), observándose un incremento interanual deles. No ano 2016 situábanse, respectivamente, nun 37,6% e nun 26,3%”. Así, o Consello de Contas desmenten as falacias do xerente do Sergas e do propio Presidente Feijóo, que afirmaron, respectivamente que a precariedade “non é unha situación habitual, o 85% do persoal do Sergas ten vínculos estables” e que o 88% do persoal do Sergas ten un “nomeamento definitivo”.

O labor enfermeiro é imprescindible nun sistema sanitario público que aspire á calidade, e debe ser valorado na súa faceta asistencial, investigadora e docente, así como en postos de responsabilidade no deseño de políticas de saúde pública e xestión.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Como valora o Sergas os datos da enquisa da Enfermaría galega precaria?



- Considera a Xunta que coa xeralización deste tipo de contratacións en enfermaría se permite a especialización?

- Considera a Xunta compatible este tipo de contratos coa conciliación?

- Por que menten o Xerente do Sergas e o Presidente da Xunta sobre as cifras da estabilidade laboral no Sergas?

- Cal é a dotación actual de enfermeiros e enfermeiras?

- Cal é a rateo de persoal de enfermaría en cada hospital do Sergas e en cada distrito sanitario? Cal é o número de contratos inferiores a un ano en cada distrito sanitario?

- Cales son as previsións de necesidades de enfermeiros e enfermeiras?

- Cantas vacantes de enfermaría existen no SERGAS e cal é a programación ao respecto da súa cobertura e con que modalidade de contrato?

- Cales son as estimacións de convocatoria de prazas nas sucesivas oposicións para profesionais de enfermaría?

- Que vai facer a Xunta ante a enorme precariedade laboral dos e das enfermeiras eventuais do Sergas?

- Que datos ten a Xunta sobre eventualidade en enfermería, auxiliares, celadores/as e especialistas?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:43:50



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

Segundo a Enquisa Estrutural a Fogares do IGE, no ano 2017 a porcentaxe de menores de 16 anos en risco de pobreza e exclusión social aumentou a respecto do ano anterior.

Segundo estes datos, en Galiza, a finais de 2017, había un 21,6% de menores de 16 anos en risco de pobreza, máis que en 2016 (un 1,85% máis). Ademais, este aumento foi lixeiramente máis acusado entre as mulleres, que acadan unha taxa de pobreza do 21,71%.

Así, as familias con menores ou mocidade a cargo teñen un maior nivel de pobreza que as que non están nesta situación: 20,52% fronte a 11,94%, tendo aumentado no primeiro caso.

Pese á fase alcista do ciclo económico que se inicia en 2014, un gran número de persoas e familias continúan en risco de exclusión social, e as máis vulnerables son as crianzas e a mocidade, chegando a exclusión social da infancia até niveis inéditos no período democrático. Segundo o informe da Rede Europea contra a Pobreza do ano 2016, en Galiza, o grupo demográfico correspondente coa mocidade (16-29 anos) acada un 37,8% de taxa de risco de pobreza e exclusión; no caso da infancia, o noso País chega ata o 27,6%, tendo aumentado en 7,3 puntos, o que equivale a unhas 100.000 crianzas en risco de pobreza. Se tomamos en conta a taxa AROPE estaríamos no 28,8% de risco de pobreza infantil.

En 2014, a propia Xunta reconece no Estudo da pobreza infantil en Galiza en 2014 (estudo non publicado na súa totalidade nin actualizado, nin entregado a En Marea, malia ser solicitado) a existencia de 18.000 fogares con menores en situación de carencia material severa.



A taxa xeral de pobreza apenas variou (16,06% en 2016; 15,87% en 2017), porque as persoas de máis de 25 anos reduciron o seu nivel de pobreza, ao contrario que as de menor idade, o que afonda nunha fenda salarial xeracional.

A nivel global, as cifras sinalan que persiste unha bolsa de precariedade que non remite e os datos coñecidos de 2018 manteñen a mesma diagnose.

O factor que máis determina a situación de pobreza na infancia é a carencia ou a precariedade do emprego das persoas proxenitoras. As situacións de monomarentalidade, menores dependentes ou familias numerosas aumentan o risco de exclusión.

No caso da xente moza, ademais, súmase a maior taxa de paro e precariedade laboral. Esta situación incide na baixa taxa de emancipación (o 92,58% das persoas menores de 25 anos viven cos pais; un 47,03% no caso de entre 25 e 34 anos); e aínda un 28% das persoas mozas entre 25 e 34 anos que viven no fogar paterno non teñen ingresos.

Fronte ao aumento dos prezos, polo encarecemento dos bens básicos, como a electricidade, os salarios ou as prestacións sociais non subiron ao mesmo ritmo, co cal se perdeu poder adquisitivo. Deste xeito, aínda un 40% de persoas non chega a fin de mes ou faino con moita dificultade.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comision 5.^a

- Cando vai reaccionar a Xunta ante a intolerable existencia de pobreza infantil en Galiza?
- Vai a Xunta publicar e actualizar o estudo sobre pobreza infantil elaborado en 2014?
- Que medidas vai tomar a Xunta para evitar a exclusión educativa das e dos menores en risco de pobreza?



- Que medidas vai impulsar a Xunta para mellorar o emprego e a situación socioeconómica da mocidade?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:46:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

Galicia é, xunto con Asturias, a Comunidade Autónoma. que conta cunha maior presenza relativa de pensionistas entre a súa poboación, pois, segundo o IGE, nun terzo dos fogares galegos os únicos ingresos proceden de prestacións públicas. Unha presenza tal que fai que sexamos un País no que o nivel de benestar e calidade de moitas familias depende dunha pensión pública.

As pensións dignas son un elemento central da protección social e un dereito gañado pola clase traballadora que é obxecto de cobiza polo sector privado. A crise de 2008 e as políticas de “austeridade” impuxeron como directriz adelgazar o gasto público, abrindo campo de expansión do sector privado; gasto público do cal as prestacións sociais son unha parte fundamental.

A importancia das pensións en Galicia é indiscutible: falamos de 678.226 persoas - que chegarán a ser un millón antes de 2050 - o 25,1% da poboación galega, e de máis de 766.086 prestacións (setembro 2019).

Galiza é a segunda Comunidade Autónoma pola cola en importe das pensións, con 843,01 € de media en setembro de 2018, sendo a media da pensión de xubilación de 957,76 €.

Por sexos, a pensión media das mulleres é só de 672,82 € (agosto 2019), fronte a 1.037,62 € dos homes.



Asemade, obsérvase unha gran disparidade entre as provincias interiores (coas pensións máis baixas do Estado) e as atlánticas.

O último Informe da Rede Galega contra a Pobreza, con datos de 2017, resalta que unhas 296.000 persoas en Galiza perciben unha pensión cun importe inferior ao mínimo considerado para non ser pobre (un 39% das pensións). Se se consideraran só as de viudedade, a maioría de mulleres, o 57,3% está baixo o limiar da pobreza. E, asemade, o 11,6% do total teñen un importe inferior ao limiar da pobreza severa.

Con estas pensións de miseria, as e os pensionistas galegos fixeron de colchón económico durante a crise e sostiveron a demanda interna (da que representan un 25%), xa que o 32,12% dos fogares galegos teñen as prestacións sociais como única fonte de ingresos e as persoas pensionistas elevaron un 25% o seu gasto en Galiza nos peores anos da crise para axudar a familiares sen ingresos.

Porque, noutro extremo, Galiza é unha das C.A. con menor e peor emprego. Esta dicotomía leva a que o peso das pensións públicas na renda dispoñible seguramente sexa en Galicia un dos mais elevados do Estado.

Así, as pensións son un asunto de País de primeira orde na economía galega, pois o gasto privado das familias (gasto en consumo final dos fogares) é a maior partida de gasto total e, xa que logo, a maior compoñente da demanda global. Así, dada a decisiva importancia que en Galicia ten a demanda no crecemento económico e na creación de emprego. estes vense, nas circunstancias actuais, condicionados pola evolución das pensións públicas. O presente e o futuro inmediato do crecemento económico, a creación de emprego e o benestar en Galicia moito dependen do sistema público de pensións.

A todas estas persoas pensionistas galegas impuxéronselles recortes brutais, coas reformas das pensións de 2011, que endureceu as condicións de acceso ás pensións, e de 2013, que adiantou a aplicación do factor de sostibilidade a 2019, eliminando a actualización das pensións ao IPC e introducindo o factor de revalorización (opaco e arbitrario), que supuxo



un brutal recorte da pensión inicial en relación co último salario e que suporía a conxelación das pensións, algo que xa se viviu en 2017, cando as pensionistas perderon case 2 puntos de poder adquisitivo.

A revalorización das pensións conforme ao custe da vida é un dereito recoñecido na Constitución e norma na maioría de países europeos; é a única garantía que teñen as persoas maiores de poder soste o seu nivel de ingresos durante toda a vida.

Fronte ás falacias neoliberais, hai que defender a evidencia científica da viabilidade social e económica dos sistemas públicos de pensións e un modelo social que considere o gasto en pensións un elemento central do Estado do Benestar e, por conseguinte, un dereito en si mesmo que non ten por que estar vinculado ao emprego. O “problema” das pensións non é de envellecemento da poboación – o aumento da esperanza de vida é unha conquista social e un avance para a Humanidade – senón de reparto desigual da riqueza.

Dada a relevancia tanto individual como económica e social das persoas pensionistas en Galicia e dada a elevada precariedade dos seus ingresos para unha grande maioría, está fora de toda dúbida que a situación das persoas pensionistas galegas, tanto a nivel individual como social, debe ser obxecto de preferente atención polos poderes públicos.

Polo exposto, a deputada e os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

- Coñece a Xunta de Galicia a situación real do conxunto de pensionistas de Galicia?
- Que datos manexa a Xunta sobre as condicións de vida das familias das que o seu benestar e calidade de vida depende dunha pensión pública?
- En canto cuantifica a Xunta ás persoas pensionistas con dificultades para cubrir as súas necesidades básicas?



- Que medidas e que actuacións ten programadas a Xunta de Galicia para sacar da pobreza e a exclusión social ás persoas pensionistas que se atopen nesa situación?
- Vai a Xunta mellorar as achegas ás PNC?
- Que medidas vai impulsar a Xunta para eliminar a fenda de xénero nas pensións?
- Comparte a Xunta de Galicia as reivindicacións das e dos pensionistas galegos de que as pensións se revaloricen segundo o IPC, se eleven as contías, especialmente das mais baixas, se financien vía orzamentos públicos e se protexa o sistema público?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:48:58

Luis Villares Naveira na data 29/01/2020 10:49:03

David Rodríguez Estévez na data 29/01/2020 10:49:13

Francisco Casal Vidal na data 29/01/2020 10:49:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Segundo o Censo de Persoas con Discapacidade, en Galiza hai (31/12/2018) 315.676 persoas con discapacidade valorada, o 11,7% da poboación galega, das cales 225.837 teñen un grao do 33% ou superior. Destas, 31.041 teñen recoñecida dificultade de mobilidade para uso de transporte colectivo e 13.613 teñen recoñecida a necesidade de axuda dunha terceira persoa. 33.695 persoas con discapacidade teñen recoñecida tamén a situación de dependencia.

Segundo datos do INE, en 2016, Galiza tiña unha taxa de prevalencia do 6,9% entre a poboación en idade activa, superior á media estatal, pero na media (6,1); sen embargo, a taxa de actividade das persoas con discapacidade era a menor do Estado, cun 27,8%, fronte á media de 35,2%. Así mesmo, a taxa de emprego era tamén inferior á media estatal: 21,2% fronte a 25,1%, sendo menor a taxa de paro, pero elevada (23,6%).

Segundo datos do SEPE, en 2018 a taxa de actividade das persoas con discapacidade en Galiza continúa sendo a menor do Estado, 28,20%, fronte á media estatal do 35,03%. Houbo este ano un incremento de afiliacións á SS das persoas galegas con discapacidade, pero seguen representando só o 1,35% do total da afiliación. Así, en 2018 estaban afiliadas á Seguridade Social 13.460 persoas con discapacidade.

En 2017, case o 80% dos contratos a persoas con discapacidade foron temporais.

Ademais, a nosa CA é das que maior porcentaxe de persoas con discapacidade son paradas de longa duración: 61,38% fronte á media estatal de 54,57%. O total das persoas con discapacidade galegas paradas en 2018 foi de 8.750, un 2,34% máis que en 2017.



O total de contratos a persoas con discapacidade realizados en 2018 no País toron 20.901, o 38,8 % contratos femininos.

Dende 2005, a tendencia é que se reduza a contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria e aumente nos Centros Especiais de Emprego (máis do 70% do conxunto de emprego con discapacidade), con convenio colectivo específico que remunera por debaixo do convenio sectorial correspondente á rama de actividade, na maioría dos casos. Así, as persoas traballadoras dos CEE cobran 36€ de media por día fronte aos 47€ de salario medio/día nunha empresa ordinaria.

A falta de integración laboral é unha das causas da maior taxa de pobreza e exclusión entre as persoas con discapacidade. Os salarios das persoas con diversidade funcional en Galiza son inferiores en 3.542 € a respecto do salario medio bruto (17.338 € vs 20.880€), DATOS DE 2017. E os datos aínda son máis alarmantes no que respecta ás persoas que teñen algún grado de discapacidade por causa dunha enfermidade mental. Aí, os datos da propia Consellería de Política Social indican que en Galiza hai 29.814 persoas con discapacidade por enfermidade mental das cales menos do 5% teñen emprego estable e que deben loitar contra a discriminación laboral polo alto nivel de estigmatización que existe.

Ademais, a maioría das empresas de máis de 50 traballadores/as, privadas e públicas, non cumpren coa cota de reserva do 2% para persoas con diversidade funcional (RDL 1/2013).

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- Como vai avanzar na inclusión laboral das persoas con diversidade funcional?
- Cal é o orzamento total dedicado á inclusión laboral das persoas con diversidade funcional previsto para 2020?
- Cal foi o grao de execución do orzamento total dedicado á inclusión laboral das persoas con diversidade funcional nos anos 2018 e 2019?



- Que medidas vai impulsar a Xunta para avanzar na inclusión laboral das persoas con diversidade funcional no mercado laboral ordinario?

- Que medidas de control exerce a Xunta sobre os Centros Especiais de Emprego?

- Que medidas de control exerce a Xunta sobre o grao de cumprimento da cota de reserva de emprego para persoas con diversidade funcional?

- Que datos publica a Xunta sobre o emprego das persoas con diversidade funcional?

- Que plans integrais de formación profesional e de emprego ten a Xunta para a inclusión laboral das persoas con diversidade funcional?

- Ten a Xunta programas específicos de transición do emprego protexido ao réxime ordinario para as persoas con diversidade funcional?

- Ten a Xunta plans específicos para a inclusión laboral das persoas con discapacidade por mor de enfermidade mental?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:52:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Dende a eliminación da capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte, que cobre a unhas 40.000 persoas, en 2010, o Hospital comarcal de Monforte véñse resentindo nos seus servizos.

Pese á propaganda oficial da Xunta, que defendeu que o cambio reforzaría o Hospital, amósase que tiña razón a cidadanía que se mobilizou para defender a Sanidade pública: o Hospital está a sufrir un paulatino deterioro.

A Xunta respondeu á deputada que subscribe, o 13 de febreiro de 2019, que “os medios e o persoal dos que dispón o Hospital de Monforte son os correctos e adecuados de acordo coa asistencia de calidade prestada”.

Sen embargo, a finais de ano 2019, continúa a especialidade de dixestivo cun só profesional, estando xa máis de dous anos sen o segundo dixestivo prometido (e necesario). Deste xeito, as listas de agarda para probas ordinarias poden chegar a pasar do ano e medio e con agardas intolerables en probas diagnósticas de tumores. Para poder axilizar colonoscopias cómpre mesmo facer ingresos hospitalarios non necesarios, co conseguinte aumento de prexuízos para a cidadanía e de aumento dos custes. No último concurso de traslados, non se sacou esta praza. Un dixestivo vén dous días á semana ao Hospital dende o HULA, algo claramente insuficiente e que supón reducir efectivos no Hospital de Lugo.

A Xunta sinala que “non oculta ningún dato, nin de derivacións nin de listas de agarda, as cales son publicadas cada semestre na páxina do Servizo Galego de Saúde”, pero obvia que non publica as listas de agarda non estruturais, aquelas que se xeran entre o momento de ir



pedir cita, cando non a dan e din que chamarán por teléfono ao/a paciente ou que lle enviarán carta: só se entra oficialmente na lista de agarda cando se envía esa notificación, polo que o tempo de espera ata recibila, non consta oficialmente.

Recuperouse a segunda praza de cardioloxía, pero logo de soportar durante máis de un ano intolerables listas de agarda neste servizo, e, neste momento, en decembro de 2019, está sen cubrir a baixa dunha cardióloga.

En canto a pediatras, a baixa dunha pediatra tamén está sen cubrir.

No ano 2018 unha folga do persoal do Hospital acadou compromisos por parte do SERGAS de reforzar o persoal auxiliar e celador, pero os reforzos de persoal non son suficientes cando hai momentos de sobrecarga asistencial.

Por outra parte, perdéronse os seguintes servizos e postos de traballo:

- médico codificador.
- subdirector de xestión.
- un perito en mantemento.
- carpinteiro, que desde que se xubilou o titular se está a cubrir con acumulo de tarefas, pero non se convoca a praza vacante.
- unha telefonista, que se cubre dende Lugo.
- a cafetería pasou a ser xestionada por unha cadea, en lugar de ser contratada a empresas locais, coa conseguinte perda da subministración na zona.
- para mantemento e informática, depéndese de Lugo.

Ademais, a Xunta sinalou que “no Hospital de Monforte estase a traballar para tratar de ter o menor persoal posible en situación de eventualidade, como demostra o plan de estabilización no que está inmerso o hospital”.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula á Xunta de Galicia a seguinte pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5ª:



- Ata cando vai a Xunta manter como sucursal de Lugo o Hospital de Monforte?
- Cales son os datos das listas de agarda non estruturais no Hospital Comarcal de Monforte?
- Cal é a porcentaxe de eventualidade no Hospital Comarcal de Monforte? Pode a Xunta trasladar os datos de persoal fixo, eventual e previsións de xubilacións en cada servizo do Hospital de Monforte? E o número de contratos realizados en cada mes de 2018 e 2019?
- Que entende o Sergas por “efectivos adecuados” á calidade asistencial?
- Considera que é suficiente o persoal no Hospital cando hai momentos de sobrecarga asistencial?
- Cando vai o Sergas cubrir as especialidades non cubertas no Hospital Comarcal de Monforte?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:57:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5.^a**, relativa á situación do servizo de oncoloxía en Vigo.

Usuarias do servizo de Oncoloxía de Vigo están a denunciar demoras inasumibles e mesmo adiamento de citas de quimioterapia e radioterapia. As denuncias parten fundamentalmente de poboación do Morrazo, pero tamén de doentes de fora da comarca.

As persoas usuarias trasladan malestar polas aglomeracións nos servizos, demoras non xustificadas ou mesmo casos nos que por diversos motivos se teñen marchado sen recibir o tratamento, coas repercusións de saúde e persoais que iso conleva.

Avarías na aparataxe e falla de persoal son a orixe de estas demoras para uns doentes cunha situación física e psicolóxica delicada en moitos casos.

Ante todo o exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

- 1.- Considera a Xunta de Galicia que se está a ofrecer un servizo de calidade?
- 2.- Que explicacións da a Xunta de Galicia ante as demoras e cancelación de tratamentos para estes doentes?
- 3.- Como xustifican a avaría da aparataxe? ¿ Como xustifican a masificación no



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

servizo?

4.- Que medidas van tomar para solventar esta situación?

Compostela, 23 de Xaneiro de 2020

Asdo.: Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/01/2020 11:23:38



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Segundo datos publicados recentemente polo INE, tan so 68 concellos galegos gañaron poboación dende o ano 1981. Mentres creceron os grandes concellos como A Coruña e Vigo, así como as súas áreas de influencia, hai localidades, a gran maioría nas provincias de Ourense e Lugo, nas que ocorre o contrario. Tanto é así que en un de cada tres concellos galegos perdeu máis do 50 % da súa veciñanza dende 1981.

Neste contexto, e previo a elaboración do ditame do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, o Goberno galego presentou en xaneiro de 2020 o Proxecto de lei de impulso demográfico, a pesares de que este formaba parte dos compromisos do executivo dende o ano 2016, iniciouse a súa tramitación tres anos máis tarde.

Xa cando se presentou o anteproxecto de lei, dende o Grupo Parlamentario Socialista alertamos do carácter sumamente xenérico e meramente descritivo de moitas das súas disposicións que, en demasiadas ocasións, afectan á propia esencia e a determinacións básicas e que aínda que deberan estar perfectamente definidas ou delimitadas no mesmo, unicamente se citan de xeito excesivamente xeral, constatando pois un exceso pouco permisible de indeterminacións. Falla igualmente o contido e concreción respecto aos medios, principalmente financeiros e materiais, necesarios para acadar os obxectivos promulgados, tanto propios como dos que se puideran beneficiar outras administracións. Mais cando non recolle, a diferenza doutros textos legislativos, artigo algún referido ás diferentes fontes de financiamento previsto para poder acometer os numerosos plans, programas ou medidas relatados.

Non deixa de sorprendere a este respecto a valoración, recollida nos medios de comunicación, que dende os propios responsables da Xunta de Galicia realízase, comezando polo seu propio presidente, con respecto o que suporá a lei unha vez entre en vigor, cunha estimación valorativa de 700 millóns de euros anuais, o que equivalería practicamente a dotación total da propia Consellería de Política Social. E que, a falta de documentación xustificativa, máis parece asemellarase



(acaso exclusivamente) á actual suma das diversas partidas xa existentes a nivel orzamentario para as distintas consellerías, máis que a disposicións novidasas que conteña o propio proxecto de lei.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia?
2. Cal vai ser a dotación orzamentaria para garantir a posta en marcha das medidas contidas no texto?
3. A que se debeu o retraso na presentación desta lei segundo a propia previsión do Goberno galego?
4. Que controis establece a norma para garantir o seu grado de cumprimento?
5. Por que non establece o proxecto de lei un calendario de evolución dos indicadores demográficos ou sociais que se determinen, que permita avaliar a adecuación ao longo do tempo das medidas aos obxectivos propostos?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 29/01/2020 13:01:31

Julio Torrado Quintela na data 29/01/2020 13:01:43



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

No Debate do Estado de Autonomía, celebrado o pasado 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia asegurou que a respecto do ano 2009, “*hai o triplo de prazas públicas en centros de día*”. Tamén que “*no caso dos que optan por unha residencia, teñen un 42 % máis de prazas públicas*”. O Grupo Socialista solicitou en numerosas ocasións sen éxito, coñecer con exactitude os datos que posúe a Administración sobre a oferta, a demanda, e a xestión das prazas residenciais existentes en Galicia.

Recentemente coñecíamos o informe da Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios Sociales a respecto da “*Situación e evolución dos servizos residenciais para persoas maiores en España e en cada unha das comunidades autónomas (2010/2018)*”, que indica o número de prazas residenciais por cada 100 persoas maiores de 65 anos. A OMS recomenda que esta taxa se sitúe no 5 %, mentres o propio informe indica que a media estatal está no 4,21 %. O



desleixo de funcións do goberno de Feijoo levou a que Galicia, unha das comunidades autónomas con taxa de envellecemento máis elevada de todo España e de parte de Europa, teña unha taxa praza residencial/habitante maiores de 65 anos do 3,05 %, moi inferior á media estatal, e ao que esixe a propia OMS. O mesmo informe indica que Galicia ten un déficit de 14.858 prazas residenciais para alcanzar a ratio do 5 %, ademais que só 4 de cada 10 prazas teñen financiamento público.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos resultados que arroxa para Galicia, o informe da Asociación Estatal de Directores y Gerentes en Servicios Sociales a respecto da *“Situación e evolución dos servizos residenciais para persoas maiores en España, e en cada unha das comunidades autónomas (2010/2018)”*?
2. Cal cre o Goberno que son os motivos que nos levan a ter unha taxa de praza residencial por habitante maiores de 65 anos inferior ao recomendado pola OMS, e á media estatal?
3. Durante esta lexislatura, cantas residencias públicas novas se puxeron en marcha en Galicia?
4. Cal é a demanda existente na actualidade de prazas en centros residenciais para persoas maiores?
5. Considera a Xunta de Galicia que os proxectos de residencias de maiores cubrirán a demanda existente nun prazo de dez anos?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2020 13:12:30
Nº Rexistro: 62626
Data envío: 29/01/2020 13:12:30.933

Noela Blanco Rodríguez na data 29/01/2020 13:03:41

Julio Torrado Quintela na data 29/01/2020 13:03:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGJvUvALkwRS1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

A clausura da unidade de partos do Hospital Comarcal de Verín, executada pola xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco o día 1 de decembro de 2019, provocou que os facultativos do Hospital solicitaran vía rexistro un documento de actuación e derivación das pacientes xestantes en traballo de parto ante a situación sobrevida polo peche do paritorio e a supresión das urxencias pediátricas, en especial, naqueles casos de sufrimento fetal agudo ou con ameaza de parto prematuro.

Os profesionais médicos reclamaron daquela que o protocolo estivera asinado por “especialistas de probado prestixio e avalado por documentos científicos”. Pola súa banda, a Xerencia respondeulles que a competencia da dirección limitase a aprobar, de ser o caso, aqueles protocolos que cada un dos servizos poida efectuar de acordo aos seus procedementos, polo que pedían ao equipo médico que presentase o seu propio protocolo para “a súa preceptiva aprobación”.

Ante esta resposta, os facultativos argumentaron que non podían elaborar un protocolo de actuación se non contaban cos medios axeitados para dar o que, ao seu xuízo, sería unha correcta asistencia. Insistían tamén os profesionais en que a falta de pediatras no centro podería dar lugar a situacións nas cales a súa actuación puidera ter implicacións legais que sobrepasasen o ámbito da súa responsabilidade.



Ante tal situación, volveron solicitar que o protocolo fose elaborado co respaldo de profesionais e/ou autoridades científicas e legais.

O 18 de decembro trasladóuselles aos profesionais do Hospital de Verín o protocolo de actuación en caso de traslados ao CHUO, asinado dende a Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco por Rubial, Doval, etc.

Para os xinecólogos de Verín, o protocolo redactado e enviado pola Xerencia ofrece unha solución pouco segura para a saúde tanto da nai como do neonato, debido á demora que se produce tanto na atención inmediata como no axeitado seguimento posterior.

Do protocolo que se lles remitiu, os profesionais do hospital de Verín tamén alertaron do perigo que pode supoñer para as embarazadas, pois hai epígrafes do mesmo adaptados para traslados no 061, por exemplo, en situacións de urxencia, non para trasladar ás mulleres dende un hospital comarcal ao da capitalidade da provincia.

Como exemplo, este extracto do protocolo:

“Hemorraxias da segunda metade do embarazo:

En niveis de baixa complexidade debese proporcionar coidado de emerxencia con posibilidades de reanimación inicial a todas as pacientes con sospeita de hemorraxia da segunda metade do embarazo moderada/grave para a remisión oportuna a un nivel de maior complexidade, o cal inclúe (*Guías para a atención das principais emerxencias obstétricas. OMS: Organización Panamericana da Saúde. 2012*):

- Monitorización hemodinámica continua de signos vitais.
- Osíxeno suplementario continuo a alto fluxo (máscara con reservorio a 12-15 l/min).
- Dúas vías venosas periféricas de bo calibre (16 ou 18) para administración de cristaloides (solución salina normal ou lactato Ringer).
- Medidas para preservar a temperatura corporal.
- Monitorización da cantidade de sangrado vaxinal.



- Monitorización da frecuencia cardíaca fetal.
- Tratamento de choque hipovolémico, se é preciso.

Xestión do traslado:

- Solicitar con carácter emerxente transporte sanitario medicalizado.
- Informar ao hospital de referencia do caso clínico.”

Para os profesionais de Verín, unha hemorraxia destas circunstancias pode acabar de xeito fatal incluso estando no propio quirófano, pois son casos nos que a muller pode falecer desangrada en cuestión de dez minutos polo que, nun caso así, que se protocolice trasladar á muller nunha ambulancia, un traxecto de máis dunha hora, ata chegar ao CHUO, máis que velar pola súa seguridade, como defende o Partido Popular, semella o contrario.

Esta actuación semella unha manobra da Xerencia para xustificar a diminución da actividade no paritorio de Verín, non pola falta de pericia dos profesionais, nin polo número de partos, nin pola falta de pediatras, senón por un protocolo que fomenta o traslado de embarazadas que se poderían atender sen ningún tipo de problema, como se veu facendo durante todos estes anos, no Hospital Comarcal de Verín.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- É coñecedora a Xunta do contido e implicacións dos aspectos protocolizados e a súa falta de operatividade, tal e como amosou o seu non cumprimento nos partos que tiveron lugar en Verín tralo peche do paritorio?

- Usa a Xunta protocolos deste estilo para xustificar a diminución dos partos no Hospital de Verín, reducindo inxustificadamente os supostos de atención no propio centro e fomentando os traslados a Ourense?



- Contará a Xunta coa participación do persoal especializado implicado para a elaboración do novo protocolo para a apertura do paritorio do Hospital Comarcal de Verín?
- Reabrirá a Xunta o paritorio de xeito incondicional, sen discriminacións respecto a outros hospitais comarcais?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 17:23:19

David Rodríguez Estévez na data 29/01/2020 17:23:24

Luis Villares Naveira na data 29/01/2020 17:23:33

Francisco Casal Vidal na data 29/01/2020 17:24:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Esta semana final de xaneiro de 2020 o Centro de Saúde das Pontes queda coa praza de pediatría sen atender, indefinidamente, por non cubrir o SERGAS a baixa da profesional.

Resultado disto, as crianzas menores de 3 anos con urxencias ou revisións son derivadas a Ferrol, a un centro de saúde (Fontenla Maristany) xa saturado, e outras atendidas por médicos/as de familia do centro.

Estamos ante un novo fito na precariedade da prestación de pediatría en Atención Primaria na área de Ferrol, con baixas do persoal non substituídas en varios centros e crianzas derivadas a Ferrol para a súa atención.

O SERGAS confirmou a ausencia prolongada da profesional, que atendía case 1.100 crianzas en idade pediátrica.

A situación de déficit de pediatras en Galicia non deixou de agravarse, o que significa que non todas as crianzas galegas poden acceder do mesmo xeito a un servizo básico. As razóns de fondo están na falta de planificación, a non creación con antelación das prazas MIR necesarias en pediatría e a falta de deseño da rede básica dos servizos sanitarios. Esta situación afecta especialmente ás zonas rurais e de vilas medias.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

- Cando vai cubrir a praza de pediatría no Centro de Saúde das Pontes?



- Considera axeitado o que sucede coa pediatría en Atención Primaria na área de Ferrol?
- Que vai facer a Xunta para garantir a pediatría nesta área?
- Vai a Xunta reunirse cos pais e nais afectadas e co Concello das Pontes?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Veroa
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Veroa na data 29/01/2020 17:58:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de conflito Galiza-Estado do último ano coa demora do pagamento das entregas a conta así como do adebedamento doutras contías económicas puxeron de manifesto o grave problema político de fondo: a falta de soberanía económica e financeira de Galiza e a inxusta relación económica co Estado español.

Máis aínda, co conflito concreto dos pagamentos pendentes do IVE de 2017 foron varios líderes que suxeriron que debería resolverse vía sistema de financiamento. Así mesmo, o Presidente da Xunta de Galiza manifestouse varias veces publicamente respecto da futuríbel reforma do sistema de financiamento.

Cómpre recordar que o actual sistema de financiamento xa tiña que ser revisado en 2014 e trátase dun sistema que amosou a súa ineficacia para atender os servizos públicos básicos durante a crise. Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego cremos necesario mudar a lóxica do actual modelo, onde recibimos o que se acorda desde Madrid, sen capacidade ningunha para ter unha política fiscal propia. A Xunta de Galiza ten a competencia en sanidade, educación, servizos sociais, ou dependencia. Porén, soportamos un sistema de financiamento baseado en transferencias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e cesión de impostos no que Galiza apenas ten nada que dicir na xestión dos impostos que se pagan aquí e está ás expensas da situación política do Estado, convulsa nos últimos anos.

A día de hoxe, por medio do réxime de financiamento vixente, é a administración central do Estado quen controla de xeito absoluto os ingresos recadados dis galegos e galegas, atesoura capacidade normativa e recadatoria, e tamén decisoria respecto do reparto que fai ás comunidades autónomas. O proceso lóxico e consecuente coa descentralización competencial debería configurarse arredor do principio polo cal a quen lle compete manter os servizos esenciais para a maioría social, tamén ostente a política fiscal, que en primeira instancia teña a recadación e control tributario para atender os servizos que a maioría considera básicos. Ademais, esta situación de falta de soberanía económica implica a imposibilidade de desenvolver o autogoberno de forma ambiciosa.

Cómpre darlle a volta a este modelo para ligar a competencia fiscal, a recadación e política tributaria, a través dunha facenda galega, con quen exerce as políticas sociais, e superar a situación onde sexa Madrid quen controla os nosos impostos para así asegurar as políticas que interesan a Bruxelas e ás elites económicas e políticas radicadas na capital, tais como o control déficit, o pago da débeda prioritario ou o rescate da banca.

Avogamos, polo tanto, por superar o actual status en materia de financiamento e política fiscal, para determinar desde Galiza as prioridades, por iso queremos un financiamento propio para o noso país, con plena capacidade para deseñar a política fiscal. Sen política fiscal propia, sen un modelo onde a xestión do gasto vaia ligada a do ingreso, sen Facenda Galega que regule e recade os nosos recursos económicos, non hai garantía de financiamento dos nosos servizos públicos básicos nin o deseño dunha



política económica propia de políticas acaídas de estímulo aos nosos sectores produtivos. Non pode haber redistribución social senón podemos incidir directamente cunha política fiscal deseñada e xestionada desde Galiza.

Fronte á idea dunha Galiza deficitaria, o noso país ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos e apoiar aos sectores produtivos. As galegas e galegos estamos a contribuír con máis diñeiro en impostos ao Estado, do que o Goberno central logo transfere para o noso financiamento.

En base a estes principios, formulamos esta proposta para un novo acordo de financiamento galego, baseado na transparencia, na autorresponsabilidade, na asimetría explícita no propio texto constitucional e confirmada por unha realidade indiscutida e na crenza nas propias capacidades do país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Vai demandar o goberno galego unha negociación bilateral co goberno central para abordar a negociación dun novo sistema de financiamento para o noso país?

Considera que os conflitos abertos no último ano co goberno central evidencia a necesidade doutra relación económica con este? E política? En que termos?

Considera o goberno galego que o vixente sistema de financiamento cobre as necesidades dos servizos públicos galegos? E en concreto da sanidade?

Ten trasladado o goberno galego algunha proposta de mellora ao goberno central? En que termos? En que datas? Por que vía?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está disposto o goberno galego a dar ao Parlamento galego o protagonismo que merece neste debate?

Como avalía que se teña demorado o debate desde 2014? Considérase responsábel?

Cre que Galiza pode seguir de espectadora mentres outras nacións do Estado dan pasos adiante na defensa do seu autogoberno económico e político?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2020 17:55:34

Xosé Luis Bará Torres na data 29/01/2020 17:55:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2020 17:55:51

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2020 17:55:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/01/2020 17:56:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

A Escola Infantil Galiña Azul de Gondomar pertence á Rede de Escolas Infantís da Xunta de Galicia, xestionada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de quen depende o persoal do centro.

Este curso 2019-2020 conta con 7 nenos e nenas de 0-1 anos, 24 de 1-2 anos e 37 de 2-3 anos, quedando en lista de agarda 25 nenas e nenos.

As familias do alumnado da Galiña Azul de Gondomar enviaron escritos ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar denunciando a falta de persoal no centro, sen obter resposta.

A escola infantil conta con sete educadoras, dúas mestras e dúas persoas de servizos xerais que, por limitacións de saúde acreditadas, non poden levar a cabo determinadas tarefas físicas (limpeza, montaxe do comedor) que acaban por realizar as educadoras e mestras, sen ser a súa función e restando tempo das súas propias tarefas.

Así, denuncian as familias que a nova “organización” dos tempos de traballo limita a mestras e educadoras, de xeito que “non poidan dedicarse a planificar e levar a cabo as actividades de estimulación sensorial, motora e cognitiva” das crianzas, como viñan facendo ata o de agora.

As familias da Escola Infantil de Gondomar solicitan ter unha reunión con representantes do Consorcio no propio centro, dado que non recibiron resposta ás súas queixas por escrito.



Asemade, demandan un aumento do persoal para facelo acorde ás necesidades educativas das crianzas.

A etapa de 0 a 3 anos ten unha importancia educativa esencial, polo que a atención nas escolas infantís non debe limitarse ao coidado das necesidades básicas, senón que a planificación de actividades de estímulo é esencial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

- Por que o Consorcio de Igualdade e Benestar non responde aos escritos da ANPA da Escola Infantil de Gondomar?
- Vai a Xunta arranxar os problemas de persoal da Escola Infantil de Gondomar?
- Vai o Consorcio reunirse coa ANPA da Escola Infantil de Gondomar?
- Vai a Xunta ter en conta a lista de agarda para a Escola Infantil de Gondomar e crear máis prazas de escolas infantís 0-3 anos na comarca do Val Miñor?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 18:19:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A cada pouco aparece nos xornais unha nova que se fai habitual: ...unha persoa morta ó quedar atrapada polo seu tractor...

E o asunto non vai máis alá da dolor solidaria da xente do rural que comprende que iso acontece pola fatalidade e pouco máis.

Mais a realidade é que se producen entre 15 e 20 accidentes con resultado de morte ó ano e que un informe do ISSGA que abrangue o período entre 2016 e novembro de 2.018 fala de 53 mortos.

Nada se sabe dos outros accidentes con feridos que non se contabilizan. Non hai ningún estudo serio sobre o tema aínda que os datos soltos apuntan a que a maioría dos falecidos superan os 65 anos en máquinas de pequenas dimensións, vellas tamén e sen arco de seguridade.

Estes accidentes acontecen xeralmente en traballos domésticos, e amósanos unha actividade agraria e forestal de autoconsumo que teoricamente podería ser catalogada coma residual se non fose que a realidade se impón á teoría.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade fálanos da existencia dunha poboación rural avellentada que continúa xestionando unha boa parte do territorio en réxime de autoconsumo ou de labores agrarios complementarios a tempo parcial. Estas actividades, de escaso valor económico medible, si teñen un alto valor social e de xestión do territorio.

A existencia desta maquinaria, noutro tempo moderna e axeitada á moda, inclúe todo tipo de segadoras, empacadoras e sobre todo tractores e motocultores adaptados a tirar duns remolques feitos á medida que propiciaron unha actividade agraria que os tempos e as condicións "modernas" tiraron por terra xunto coas expectativas de facer do campo a despensa do País.

Pero o problema está aí. A menor axilidade dos pilotos, a falla de barras de seguridade e o exceso de confianza que dá a rutina levan a esta alta taxa de sinistralidade. Trátase de accidentes laborais de xente xubilada? Resulta unha contradición en si mesma. Porque quen xestiona o territorio como fixo toda a súa vida ten dereito a facelo e é necesario socialmente que o faga ou alomenos está a cumprir un alto valor social.

Que facer?

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª:

- É sabedor o goberno galego do elevado número de accidentes con tractores, desbrozadoras, segadoras de peine... e demais maquinaria antiga dos que son protagonistas principalmente persoas de idade avanzada ou que non se adican a eses traballos profesionalmente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten pensado tomar algunha medida para evitar dentro do posible que se produzan este tipo de accidentes con tanta frecuencia?

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/06/2019 16:48:18

Xosé Luis Bará Torres na data 18/06/2019 16:48:27

María Montserrat Prado Cores na data 18/06/2019 16:48:32

Noa Presas Bergantiños na data 18/06/2019 16:48:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 18/06/2019 16:48:47

Ana Pontón Mondelo na data 18/06/2019 16:48:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á situación da atención pediátrica nos consellos da Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PP leva unha década cunha política de recortes na sanidade pública sen precedentes, levando á sanidade a un deterioro tal que está a provocar alarma social sen precedentes. A situación é o resultado dunha política de desmantelamento da sanidade pública por parte do PP.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. As consecuencias son tremendas: Masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Dentro da Atención Primaria os servizos de pediatría son dos máis damnificados. O BNG levamos, xa non meses, senón anos denunciando a falta de cobertura de prazas de pediatría, baixas que non se cobren, redución de profesionais, listas de espera, etc...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O grave é que estamos nesta situación porque é a folla de ruta que teñen marcada. Sabían o que ía acontecer, o número de xubilacións, a necesidade de actuar para non quedar sen persoal e non atenderon a ningunha das demandas que lle viñemos facendo.

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do PP, políticas que afectan de forma especialmente grave as contornas rurais do noso país.

Unha desas zonas rurais é a Costa da Morte onde a atención pediátrica é deficitaria.

Dumbría ten pediatra só dous días á semana, Muxía tres días, Corcubión comparte con Cee, a Picota ten un día á semana, xs nenxs de Zás teñen que desprazarse a Vimianzo que ten que atender á zona de Vimianzo e Zás, en Fisterra están sen pediatría desde o 19 de xaneiro até o 19 de febreiro por vacacións do titular que non é substituído.

Polo tanto temos á poboación infantil desta comarca cunha atención sanitaria non axeitada, ao non ser prestada sempre por profesionais especialistas en pediatría, ou ter que realizar desprazamentos para recibir esa atención

A saúde é un dereito fundamental, e para que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade, é preciso contar co persoal necesario. xs nenxs do rural teñen dereito a ser atendidxs por especialistas en pediatría.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No convencemento de que non hai asistencia sanitaria sen profesionais suficientes que a presten, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendidxs xs nenxs dos concellos da Costa da Morte?

-Que vai facer para garantir a axeitada cobertura pediátrica na Costa da Morte?

-Vai a Xunta cubrir as ausencias dxs profesionais de pediatría?

-Ante a escaseza de pediatras existente no conxunto de Galiza, que medidas se están a adoptar para garantir a atención pediátrica para o conxunto da poboación infantil?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2020 18:40:59

Xosé Luis Bará Torres na data 29/01/2020 18:41:07

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2020 18:41:12

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2020 18:41:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/01/2020 18:41:31



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A presenza de elevados niveis de arsénico, é un problema de saúde pública. O arsénico clasifícase pola International Agency for Research on Cancer (IARC), como un axente carcinóxeno para humanos con base en estudos epidemiolóxicos que relacionan a inxestión de arsénico na auga de bebida e cancro na pel, e en estudos ocupacionais que relacionan a exposición ao arsénico e cancro de pulmón.

No concello de Castrelo de Miño pola súa orografía, os niveis de arsénico dispáranse de forma continua por riba dos límites permitidos, concretamente na captación do Coto-Novelle que abastece a 10 pobos do concello, os límites dispáranse dun xeito continuado e considerable polo que o Concello de Castrelo de Miño xa anunciou a colocación de filtros para reducir ditos niveis, pero que en ningún caso garante que no sucesivo se elimine esta problemática, supoñendo así un prexuízo constante para a veciñanza que se abastece desta captación, que levan desde setembro sen poder consumir auga pola elevación dos niveis, a espera da instalación deses filtros especiais.

Dende o Grupo Socialista solicitouse nas emendas ao Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020, a creación dunha nova captación con bombeo dende o río Miño, pero esta foi rexeitada polo grupo maioritario da Cámara, e na previsión de contas da Xunta de Galicia para este ano, non se contempla ningunha actuación para tentar minimizar e/ou solucionar esta problemática.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia a problemática que supón para a veciñanza do concello de Castrelo de Miño, a presenza de elevados niveis de arsénico na auga?
2. Púxose en contacto o Concello de Castrelo de Miño coa Xunta de Galicia, para solicitar a posta en marcha dalgunha medida para tentar minimizar e/ou solucionar esta problemática?



3. En caso afirmativo, puxo en marcha algunha actuación?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar algunha medida para tentar minimizar e/ou solucionar, a problemática da presenza de elevados niveis de arsénico na rede de abastecemento do concello de Castrelo de Miño?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/01/2020 11:00:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2020 11:01:09

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2020 11:01:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás demandas laborais dos traballadores de Remolcanosa nos buques que realizan servizo de gardacostas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Gardacostas é o corpo dependente da Consellaría do Mar encargado da vixilancia pesqueira, o salvamento e a loita contra a contaminación en augas de Galiza.

Este servizo conta cunha serie de embarcacións: Remolcador “Sebastián de Ocampo”, Buque de salvamento e apoio “Irmáns García Nodal”, Buque pesqueiro multipropósito “Valentín Paz Andrade”, Patrulleira “Paio Gómez Charito”, que na actualidade son xestionados a través dun contrato coa empresa Remolcanosa. Co argumento de que a Administración non dispón dos medios necesarios para o mantemento e operatividade, dos mesmos, ademais de que non existe nos seus cadros de persoal traballadores cualificados para o desenvolvemento das actuacións.

Estamos polo tanto diante dun modelo onde os medios son públicos e a empresa realiza a prestación de dotalos de persoal, requisitos administrativos, mantemento, reparación, etc. De xeito que a empresa cubre as dotacións (tripulantes), realizar labores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de mantemento, actualización de permisos, certificados, etc, e reparacións cando fose preciso. Tendo os medios a punto e disposición das necesidades da administración.

A maiores a empresa aporta o remolcador “Ría de Vigo, que está adscrito ao servizo e ademais ten contrato con EMSA, a Axencia Europea de Seguridade Marítima.

O persoal que presta servizo nestes buques, que forman un colectivo de arredor de 60 traballadores, levan tempo demandando melloras, como é o aumento de persoal, para poder atender axeitadamente o servizo.

Consideran que as tripulacións adscritas aos buques é totalmente insuficiente para un servizo multifuncional como o que teñen que prestar (salvamento marítimo, loita contra a contaminación, inspección pesqueira, loita contra o furtivismo...) A consecuencia é un exceso de xornada totalmente inaceptábel xa que Trátase dun servizo de emerxencias que está operativo 24 horas ao día, 365 días ao ano, con obrigação de localización permanente, cun tempo de resposta de 30 minutos ante calquera tipo de emerxencia.

Os representantes dos traballadores levan meses tentando negociar un convenio colectivo no que estean recollidas unhas quendas de traballo e horarios que rematen co exceso de xornada actuais. Demandan equiparación por exemplo co persoal de Sasemar, en canto ao réxime de embarque/desembarque 1/1, mes a bordo mes de descanso en vez do actual 2/1, dous a bordo, un de descanso.

É unha demanda laboral, mais tamén unha demanda para poder prestar un servizo de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

-Considera a Xunta de Galiza que nas condicións laborais nas que traballa o persoal de Remolcanosa que opera os buques que prestan o servizo de gardacostas poden prestar un servizo de calidade?

-Vai realizar as actuacións de mediación que sexan precisas diante da empresa Remolcanosa para garantir a sinatura dun convenio laboral que garanta os dereitos dos traballadores que prestan o servizo de gardacostas?

-Ten realizado unha avaliación do servizo que está prestando Remolcanosa para determinar si o cadro de persoal do que dispón é o acaído para prestar o servizo que ten contratado coa Xunta en condicións de calidade, de seguridade e respecto dos dereitos laborais dos profesionais?

-Parécelle acaído que unha empresa que presta un servizo pagado con cartos públicos, non respecte os dereitos laborais do seu cadro de persoal?

-Que actuacións vai realizar para solucionalo?

-Cal é a situación actual do contrato que a Xunta ten con Remolcanosa para a prestación do Servizo de Gardacostas?

-Ten intención de recuperar a xestión pública do mesmo?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 11:13:37

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 11:13:46

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 11:13:54

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 11:14:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 11:14:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

As desigualdades de xénero fan que a fenda que separa aos homes das mulleres en situación de exclusión continúe a ampliarse nos últimos anos. O feito de ser muller, inflúe notablemente entre os elementos que poden incidir na situación de pobreza ou de exclusión das persoas, sumándolle a isto, en moitas ocasións, factores de discriminación múltiple (como a orixe, a etnia, a discapacidade ou a idade).

A feminización da pobreza é unha realidade que avanza en Galicia segundo marcan todos os indicadores. Segundo o informe “El Estado de la pobreza”, de 2019, da EPAN, o 24,4% das mulleres galegas seguen en risco de pobreza ou exclusión social, fronte ao 20,7% dos homes. Ademais, o 59% das perceptoras da RISGA en 2019 foron mulleres.

As razóns desta situación son múltiples, pero unha das máis importantes é a fenda salarial, un problema estrutural que persiste e ante o que a Xunta de Galicia non está pondo en marcha ningún mecanismo para revertelo.

A precariedade atravesará a vida laboral de moitas mulleres. No 2018, o 77 % dos empregos a tempo parcial en Galicia tiñan nome de muller segundo a enquisa de poboación activa (EPA). Deste xeito, só o 40 % das mulleres afiliadas á



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Seguridade Social teñen un emprego indefinido a tempo completo. O 75 % das mulleres que traballan a tempo parcial o fan porque non atopan outra alternativa ou porque teñen ao seu coidado crianzas ou persoas maiores. Comprobamos cos datos unha distribución moi desigual do traballo de coidados, xa que as persoas que causan inactividade laboral por coidado de menores e persoas dependentes son nun 87 % mulleres. Seguen sendo elas as que maioritariamente continúan asumindo as tarefas de coidados, nun sistema que non pon medios suficientes para socializar ese traballo, o que fai máis profunda esta fenda de xénero.

O desemprego, que é outro dos factores que provoca exclusión social, cébase especialmente entre as mulleres, que suman case o 60% do total de persoas desempregadas en Galicia (66.200 homes desempregados e 79.500 mulleres segundo datos de xaneiro do ano 2020).

Outra das causas da feminización da pobreza é a fenda de xénero que tamén existe nas pensións. Na actualidade, entre as persoas que se xubilán con 65 a diferenza entre os anos cotizados por homes e mulleres é duns 11 anos (34 fronte a 23). En consecuencia, existe unha gran diferenza entre as pensións de xubilación que cobran homes e mulleres, atopándose un gran número de galegas xubiladas ao borde do limiar da pobreza.

Sen embargo, a máis grave manifestación da desigualdade e a máis cruel é a violencia machista. A saída do ciclo da violencia é imposible cando as mulleres non teñen independencia económica. Ademais de que moitas se empobrecen precisamente por seren vítimas de dita violencia.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Ante o panorama trazado consideramos imprescindible desenvolver políticas e medidas apropiadas para previr e erradicar a desigualdade de xénero, e consecuentemente as causas e as formas de pobreza que afectan de maneira específica ás mulleres, xa que a pobreza incide de maneira diferente en homes e en mulleres.

Por todos estes motivos presentamos as seguintes preguntas.

1. Ten realizado a Xunta de Galicia algún estudo sobre a feminización da pobreza en Galicia?
2. Que medidas vai adoptar para reducir a exclusión social que viven cada día máis persoas no noso País, especialmente as mulleres?
3. Que valoración fai a Xunta de Galicia da evolución dos datos de exclusión social que afectan as mulleres do noso País?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2020 12:13:24



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, solicita que se faga unha corrección de erros nos documentos con número de rexistro de entrada: **62682, 62678, 62677 e 62676**.

No encabezamento, débese substituír a expresión “deputada do Grupo Parlamentario de En Marea” pola expresión “deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda”.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2020 12:46:35



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do grupo parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na comisión 5ª**.

As traballadoras das residencias para persoas maiores soportan enormes cargas de traballo e están atravesadas pola precariedade. Esta situación é a que viven por exemplo as traballadoras do Grupo DomusVi, que levan moitos meses mobilizándose fronte aos abusos da empresa, xa que a vulneración dos dereitos laborais é unha constante.

Na actualidade, este grupo empresarial xestiona 31 residencias para persoas maiores en Galicia. 14 na provincia da Coruña, 6 en Pontevedra, 6 en Ourense e 5 en Lugo.

A maioría do persoal son mulleres, e levan tempo denunciando as condicións insoportables que viven. Hai un abusivo incumprimento da xornada anual, excedéndose o cómputo das horas máximas que regula o convenio colectivo e chegando a facer, nalgunhas destas residencias, ata 10 días sen descanso. En ocasións tampouco se compensan os festivos, e debido ao pouco persoal, existe unha sobrecarga moi importante, que provoca problemas na saúde física e psíquica das traballadoras.

DomusVi fai negocio a costa dos dereitos laborais e grazas a complicidade da Xunta de Galicia.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

A pesar de que os beneficios empresariais non deixaron de medrar, existe un deterioro progresivo do servizo asistencial.

A Xunta leva anos pondo en marcha un modelo privatizador dos recursos adicados á atención das persoas maiores. Así, por exemplo, o informe de fiscalización do Gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes evidencia que máis do 65% das prazas ofertadas corresponden a entidades privadas, unha tendencia que vai incrementando ano tras ano.

É especialmente grave o desleixo que amosa a Xunta no relativo ás inspeccións, subvencionan prazas con residencias privadas con cartos públicos, e despois non exercen ningún control sobre as condicións que se viven nestas.

A pesar das denuncias do persoal e dalgunhas asociacións de familiares, a Xunta de Galicia deulle recentemente o premio Galicia Global 2019, á conselleira delegada de DomusVi, Josefina Fernández, pola labor na internacionalización da súa compañía. Algo inaceptable tendo en conta a situación que se está a vivir.

Por todo o anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que inspeccións realizou a Xunta de Galicia nas residencias de maiores xestionadas por DomusVi? Que conclusións extraeron delas? Cantas sancións se puxeron no ano 2019?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

2. Que medidas vai levar adiante para mellorar as condicións laborais das traballadoras das residencias de maiores xestionadas por DomusVi?
3. Van modificar a normativa actual para que o ratios de persoal se axusten as necesidades reais de traballo?
4. Teñen mantido algún contacto coas traballadoras dalgunhas das residencias xestionadas por DomusVi para avaliar e mellorar a súa situación laboral?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2020 10:48:45





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante 2019 e comezos de 2020 puidemos constatar como a inestabilidade política no Estado e a incapacidade das forzas políticas de dar saída a un novo goberno ten diversas consecuencias negativas para Galiza. Entre elas, o adebedamento de importantes contías por mor da demora no pagamento da mensuralidade de IVE de 2017 e da actualización das entregas a conta do sistema de financiamento no marco dun espectáculo alongado no tempo no que se evidenciou asemade a insuficiencia da nosa relación económica co Estado e a falta de seriedade e de unidade de criterios deste.

Neste tempo puidemos constatar o fracaso da estratexia da Xunta de Galiza, pois non só non arrancou o compromiso necesario por parte do goberno central senón que desbotou, presuntamente, recorrer á vía xudicial malia ter encargado un informe xurídico. Neste contexto resultan difíciles de crer as súas afirmacións respecto da posibilidade de que no caso de incorrer en déficit se lle reclame a asunción ao goberno central.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, o 29 de xaneiro de 2020 o Presidente da Xunta de Galiza confirmou por fin, despois de varios amagos e insinuacións, que seguiría a recomendación do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego e que iniciaría a vía legal.

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Cal é a previsión da Xunta de Galiza respecto das súas actuacións legais para que o Estado español devolva a Galiza o que lle pertence?

-Ten algunha previsión de resolución? Reaccionou o goberno central?

-Como vai evitar a Xunta de Galiza as consecuencias negativas da inxusta relación económica de Galiza co Estado español?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza as posibilidades de incorrer en déficit? Como o vai paliar? Vai recortar algún servizo? E aumentar a débeda?

-Vai reclamar que o goberno central asuma os custos de incorrer en déficit ou de aumentar a débeda? De que forma?

-Considera a Xunta de Galiza que podería evitarse esta situación de contarmos con outro sistema de financiamento?

-Vai rectificar e pasar a Xunta de Galiza das palabras aos feitos e demandar unha reforma do sistema de financiamento? En que termos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 12:26:51

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 12:27:00

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 12:27:06

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 12:27:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 12:27:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das consecuencias dos temporais adoita ser no noso país a interrupción do subministro eléctrico, que nalgúns casos se prolonga máis de 12, 24 ou mesmo 48 horas e que debe ter a vixilancia da Xunta de Galiza para esixir o cumprimento da normativa por parte das empresas eléctricas.

Neste sentido, podemos lembrar que os pasados 19, 20 e 21 de decembro do ano 2019 tivo lugar unha concatenación de temporais que tivo como resultado graves danos en estradas, infraestruturas e domicilios e bens particulares. Ademais, outra das consecuencias que tivo lugar foron importantes cortes de luz ao longo do territorio, que afectaron de forma especial ás comarcas abrangidas nas provincias de Ourense e Coruña ata o punto que pasadas máis de 24 horas numerosos fogares continuaban sen subministración.

Cómpre recordar que esta cuestión vén sendo reiterada cada inverno. En marzo do 2018 aconteceu unha situación similar e cómpre recordar especialmente o acontecido ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia cortes de subministración por máis





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 24 e 72 horas. Daquela a Xunta de Galiza anunciou un expediente informativo ás empresas eléctricas do que non remitiu información escrita ao Parlamento Galego malia ser solicitada durante dous anos e dez meses, mais que confirmaba o Director Xeral de Enerxía e Minas que tiña concluído cunha sanción por valor de 700.000 euros.

Un ano máis estes feitos causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos. Esta situación, para alén do incontrolable da propia natureza, que ten a ver tamén coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica. Así mesmo, cómpre sinalar que desta volta nin sequera a atención ao cliente do principal operador de Galiza, Naturgy, tiña lugar desde Galiza por mor dos procesos de deslocalización da atención telefónica.

Tendo en conta a gravidade da situación, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego comprometémonos con facer seguimento do expediente informativo incoado por parte da Xunta de Galiza o 23 de decembro de 2019.

É necesario inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentrais, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Que valoración fai o goberno galego da calidade da subministración enerxética no noso país?

- Que valoración fai o goberno galego das consecuencias dos temporais de finais de 2019? Cales son os resultados do expediente informativo?

- Considera a Xunta de Galiza que é inevitable que cada ano milleiros de galegos e galegas boten máis de 24 horas sen subministración eléctrica?

- Ten realizado a Xunta de Galiza actuacións conducentes a instar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza?

- Como valora a Xunta de Galiza o desenvolvemento da orde do 28 de outubro de 2002 pola que se establece o programa aplicable para a realización das operacións de mantemento e se establecen os prazos de emenda dos defectos tipo que se detecten nas operacións de inspección e mantemento das instalacións eléctricas de distribución?

- Ve preciso algún novo impulso normativo?

- Ten establecido ou vai establecer a Xunta de Galiza medidas sancionadoras ás empresas prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo nos anos 2018, 2019 e 2020?

- Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto dos danos causados polo temporal e as deficiencias da rede sobre a economía galega?

- Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto dos danos causados polas interrupcións puntuais pero recorrentes do servizo en varios concello do noso país? Vai deseñar algún plan específico

- Considera a Xunta de Galiza necesaria algunha demanda de mellora do marco estatal respecto destas cuestións?

- Tense dirixido a Xunta de Galiza aos concellos do noso país para traballar conxuntamente nesta cuestión?

- É necesario estudar o soterramento de liñas concretas para resolver estes problemas recorrentes nalgúns puntos do noso país? Cales?

- Ten recibido a Xunta de Galiza información por parte das empresas subministradoras de electricidade das causas na demora do reestabelecemento da electricidade?

- Que medidas correctoras exixiu ou vai exixir o goberno galego por parte das empresas subministradoras de electricidade?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 12:58:17

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 12:58:25

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 12:58:32

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 12:58:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 12:58:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Antón Sánchez García, deputadas do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para resposta oral en Comisión 3ª**:

Na actualidade, son moitas as voces que dende o ámbito académico, periodístico, político e institucional prognostican a chegada dunha nova recesión que golpee a economía mundial no ano 2020. Pero máis alá dos diversos argumentarios que se veñen escoitando na esfera pública e mediática, nos que non falta a demagogia, o alarmismo e o electoralismo, o exame dos datos económicos pode achegarnos unha visión obxectiva sobre a conxuntura económica actual do país e a súa posible evolución.

Analizando os datos amosados polos informes anuais do Fondo de Garantía Salarial (FOGASA), podemos obter certa información relevante para identificar cal está sendo a evolución da economía e, en especial, o estado do mercado laboral. Recordemos que o FOGASA é o organismo do Ministerio de Traballo que presenta información sobre os casos de traballadores que se atopan en situacións de impago, debido á insolvencia e quebra das empresas coas que manteñen ou mantiveron relacións laborais, de forma que este organismo se encarga de cubrir o pago dos salarios, pagas extraordinarias e indemnizacións recoñecidas e adebedadas polas mesmas.

Os impagos por parte das empresas son un dos principais síntomas que amosan a



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

desaceleración do noso mercado de traballo, posto que nos achegan información directa sobre o nivel de insolvencia destes axentes económicos (xa sexa por falta de liquidez transitoria ou por atoparse en quebra) e sobre as condicións laborais dos traballadores. As cifras que aporta FOGASA neste aspecto resultan esclarecedoras; a tendencia á baixa que experimentaron os niveis de insolvencia e impago das empresas dende 2016 ata 2018 rompeu coa chegada do ano 2019.

Por unha parte, os salarios subsanados por FOGASA en 2019 aumentaron nuns 2,6 millóns de euros respecto do exercicio anterior, o que supón un incremento do 23,4% na cuantía abonada polo organismo. Da mesma forma, a cuantía pagada por este órgano aos traballadores en forma de indemnizacións en 2019 aumentou dende 23.606.140 en 2018 a 24.540.859 euros no último ano, supoñendo un incremento do 4%. Deste xeito, o aumento no total abonado aos traballadores por parte do Fondo sitúase nun 10,2% no último ano.

Por outra banda, o número de expedientes abertos (orientados a comprobar a procedencia dos salarios e indemnizacións) aumentou dende 3.661 en 2018 a 4.209 en 2019, supoñendo un incremento do 15% no último exercicio. Este último dato indica o número de persoas que acudiron a FOGASA soamente trala consumación dun proceso xudicial previo, e polo tanto, espérase que a cifra de impagos sexa maior, e se multiplique considerablemente.

Como se pode comprobar, as cifras debuxan unha situación futura de progresivo empeoramento na solvencia das empresas, e polo tanto, unha clara desaceleración no mercado de traballo, que supón a véspera da verdadeira crise que se está aveiciñando, e que pon en perigo á clase traballadora, que sempre



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

resulta ser a máis prexudicada nestes contextos, en parte debido á súa vulnerabilidade con respecto aos procesos de morosidade e de concurso de acredores das empresas nas que traballan. Esta vulnerabilidade provén en parte da propia ineficacia do mecanismo de retribución salarial do Ministerio, que impón uns límites de tempo e de cantidade no pago moi estritos, que na práctica supoñen a perda dunha parte significativa dos salarios reclamados polos traballadores.

Tampouco axudou neste aspecto a aprobación da Lei concursar por parte do PP, que converteu aos salarios dos traballadores en créditos ordinarios, e polo tanto, deixaron de ser pagos prioritarios para as empresas en concurso, pasando a igualarse cos do resto de acredores, redundando nunha maior menoscabo dos dereitos dos traballadores.

Dende o noso grupo cremos preciso complementar este mecanismo de garantía salarial, por exemplo, a través dun fondo de carácter autonómico, que actúe con maior axilidade, de forma que poida ser solicitado polo traballador ante os primeiros impagos, e que este sexa recuperable pola administración, se ao final se produce o cobro, ou por substitución de acredor no caso de que non sexa así.

Pero, independentemente da solución que se plantexe, está claro que a necesidade de blindar os dereitos dos traballadores estase acrecentando ante os futuros danos que os datos nos amosan que causará a desaceleración e a nova recesión no mercado laboral, e que isto require dunha grande atención por parte da Xunta, dun traballo constante no análise da conxuntura económica, e unha vontade real por protexer os dereitos dos traballadores.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Polo exposto anteriormente, as deputadas asinantes facemos a **seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:**

- Ten o Goberno da Xunta analizada a evolución destes datos proporcionados por FOGASA, e as súas implicacións con respecto ao estado do mercado de traballo e na situación dos traballadores?
- Cales son as medidas que o Goberno da Xunta ten previsto articular para dar solución a este problema?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo.

Antón Sánchez García.

Deputada e voceiro do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 30/01/2020 13:09:07

Antón Sánchez García na data 30/01/2020 13:09:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cultivo do pemento no sul de Pontevedra sofre serios contratempas debido á virose chamada "tristeza do pemento" transmitida por un trips.

A Tuta, polilla que ataca e fai estragos no tomate, ten moi preocupados ós horticultores de Carballo, Arteixo, Coirós...

A polinización do tomate baixo cuberta efectúase en certas comarcas por medio de abellóns cultivados.

Que a hortifruticultura convencional existe é obvio, outro cantar é afirmar que se contempla a súa existencia desde a Xunta de Galicia e que isto se traduce en axudas, asesoramento e investigación. Porque o trips foi combatido en Andalucía con fortes inversións en instalacións e en investigación e a Administración, dalí, puxo en movemento axudas a tal efecto.

Para combater a Tuta utilízanse variedades inxertadas resistentes que van ben noutras latitudes pero que aquí so van indo. Serían necesarias liñas de investigación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feitas aquí e para aquí. As instalacións e os técnicos ímolos tendo, a vontade política é dubidosa.

As importacións de abellóns e a procedencia doutras realidades climáticas e o uso de insectos non autóctonos en invernadoiros non climatizados reduce ostensiblemente a súa eficacia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Ten coñecemento o goberno galego da existencia das enfermidades reseñadas?
- Tomou ou pensa tomar algunha medida ou liñas de axuda para favorecer o sector da horta e tenta-la súa dinamización e fortalecemento?
- Cales son as posibilidades de poñer medios públicos para a investigación ó servizo deste sector e das súas necesidades?
- Cal é a razón pola que desde o goberno galego non se toma en serio esta actividade que podería crear postos de traballo, actividade económica e fixar poboación no rural?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 13:09:41

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 13:09:50

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 13:09:56

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 13:10:03

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 13:10:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas** para a súa **resposta oral en Comisión 5ª**:

As traballadoras do Servizo de Axuda ao Fogar de Chantada levan meses mobilizándose contra a privatización do servizo decidida polo Concello.

O pleno municipal aprobou en outubro a externalización do servizo, que será entregado a unha empresa privada. O documento da privatización contempla a subrogación do conxunto do persoal, pero incorre en numerosas contradicións, como o feito de que recolle que se manterán as condicións laborais e salariais ás traballadoras ao tempo que establece que o convenio de aplicación será o do sector, dúas cuestións incompatibles, tendo en conta que as traballadoras do SAF teñen as mesmas condicións que o resto do persoal laboral do Concello, reguladas nun convenio propio. A situación de indefensión das traballadoras acrecéntase ante a falla de información por parte do Concello, xa que até o momento nin o alcalde nin a concelleira da área se puxeron en contacto con elas para abordar o proceso de privatización, informarlle de como pensan executar a subrogación ou cales serán as condicións nas que se vai prestar o servizo ás usuarias e usuarios.

Unha situación que merma os seus dereitos laborais e empeora a calidade da atención ás persoas usuarias, xa que non se ten en conta o tempo que lle leva a unha traballadora desprazarse a un domicilio, polo que o tempo de asistencia aos



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

usuarios é menor.

Vemos unha vez máis coma o PP pretende facer negocio a costa dos servizos públicos. É necesaria unha axuda a domicilio de calidade, 100% pública e cunha condicións laborais dignas.

Unhas condicións que o Concello de Chantada non está a respetar, como constatou a mediados de decembro a Inspección de Traballo a raíz da denuncia presentada por la CIG polos múltiples incumprimentos en materia laboral que se están a rexistrar (como a ampliación ilegal das xornadas de traballo, denegar os días de asuntos propios ou irregularidades nas contratacións a través da empresa privada que xa viña cubrindo as ausencias do persoal encomendada polo Concello)

Moitos concellos non poden facer fronte os custes deste servizo . Por iso, é preciso que a Xunta , dende a Consellería de política Social interveña para apoiar a aqueles concellos que non poidan prestalo, facéndose cargo do mesmo ou cubrindo as vacantes de persoal.Neste caso de Chantada, a Xunta debería comezar por atender s peticións das traballadoras abrir una mesa de negociación entre Concello e persoal para tentar mellorar a xestión do servizo.

Por todo o anterior exposto preséntase as seguintes preguntas para a súa resposta:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a decisión do Concello de Chantada de externalizar o Servizo de Axuda ao Fogar e entregarllo a unha empresa privada?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

2. Ten previsto a Xunta mediar entre Concello e traballadoras?
3. Que medidas van levar adiante para garantir que o servizo siga sendo público e se poida prestar un servizo de calidade cunhas condicións laborais dignas?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.

Deputada do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2020 13:59:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **preguntas** para a súa **resposta oral na comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa pública Navantia S.A. leva anos padecendo as consecuencias de anos de gobernos que rexeiraron o carácter público do estaleiro Navantia e que, por tanto, non interviron para salvagardar un sector estratéxico con potencialidades extraordinarias para o desenvolvemento social, económico e industrial do noso país.

Unha falta de compromiso que se materializar na ausencia de carga de traballo que ven lastrando o emprego na cidade de Ferrol e toda a súa comarca, e que neste momento pon en risco, outra vez, centos de traballos. Se o sector naval é estratéxico para o desenvolvemento industrial de Galicia é vital para Ferrolterra. Porén, o Partido Popular parece que só lembra que falamos dun sector estratéxico cando estamos en campaña electoral, de aí saíron mentiras electorais célebres como o dique flotante, a armada de buques mexicana ou os buques que aínda non chegaron a Navantia Fene.

Navantia Ferrol e Navantia Fene (a antiga Bazán e Astano) son —a pesar dos gobernos sucesivos— un conxunto industrial con importante capacidade tecnolóxica chamado a xogar un papel tractor nun novo desenvolvemento industrial que comparta coas universidades e centros tecnolóxicos o núcleo de I+D+i da construción naval pública. Unha oportunidade para crear riqueza



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

social e emprego estable e con dereitos: toda unha alternativa política e social ao desmantelamento industrial que propician as políticas do PP, que supuxeron a perda de 25.000 postos de traballo industriais nunha década.

Por todo isto, presentamos as seguintes preguntas:

- Que demandas realizou o goberno galego ao novo goberno do estado respecto á carga de traballo de Navantia?
- Ten tomado algunha medida o goberno galego para impedir a fuga de profesionais da construción naval a a outros países?
- Considera suficiente a formación oficial de construción naval existente en Ferrolterra?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez.

Voceira do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/01/2020 15:42:41



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Otero Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O día 25 de abril do 2017 foi presentada a debate do Pleno da Cámara unha proposición non de lei por parte do Grupo Socialista para solicitar a posta en marcha urxente dende a Xunta da Galicia do I Plan de Igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia.

A iniciativa non acadou o apoio do grupo de Goberno, por non estar disposto á redacción dun informe que puxera de manifesto o feito ata o momento, que era nada.

O 12 de marzo do ano 2019 volveu a preguntarse en pregunta en Pleno polo estado de tramitación do plan.

A día de hoxe, xaneiro de 2020, a realidade é que o Plan de igualdade segue sen ser efectivo.

Un plan de obrigada implantación dende o 3 de maio de 2007, coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en *igualdade* das mulleres de *Galiza*.

Esta obriga se recollía no seu artigo 11 *de Voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade*.

Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da comunidade autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da comunidade autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da comunidade autónoma.

Este mesmo artigo se mantén no Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.



Levamos polo tanto xa case 13 anos agardando por unha medida que permita conquistar o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo.

Tendo en conta que é a propia administración pública a primeira que é incapaz de cumprir coas obrigas da lei, non estraña que só un 15 % das case 25.000 empresas españolas que contan con máis de 50 traballadores cumpran coa Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto lei 6/2019 que o modifica.

O 4 de xullo do 2017 a Comisión Interdepartamental de Igualdade acordou elaborar o “I Plan de Igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia”.

Con motivo do 8 de marzo do 2018, o Sr. Feijoo anunciaba a aprobación “inminente”, este foi o adxectivo empregado, do I Plan de Igualdade da Administración galega. E case dous anos despois seguimos sen entender cal é o concepto de inminencia para este goberno.

Que tras 13 anos da aprobación da lei este plan non se teña posto en marcha choca moito coas boas intencións que este goberno manifesta antes os medios, e que ten amosado na cámara parlamentaria asegurando que a súa aprobación era inminente.

Por todo o exposto, pola emerxencia xa que entendemos merece este asunto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera este Goberno que as accións que levou a cabo ata o momento para a posta en marcha do I Plan de Igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia, son as precisas e suficientes?
2. Cree que a incapacidade amosada ata o momento, máis alá dos anuncios mediáticos, reflicten correctamente o compromiso do Goberno coa igualdade?
3. Como poden explicar o retraso de case 13 anos da súa posta en marcha?



4. Canto máis tempo pensa o goberno da Xunta de Galicia demorar a posta en marcha do “I Plan de Igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia”?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/01/2020 16:26:38

Patricia Otero Rodríguez na data 30/01/2020 16:27:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2020 16:27:11

María Teresa Porritt Lueiro na data 30/01/2020 16:27:29

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2020 16:27:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos numerosos sectores da saúde e da sociedade en xeral veñen denunciando a situación de deterioro da sanidade pública e apuntando que a razón desta situación é a política de recortes e privatizacións da Xunta do Partido Popular. Desde a chegada de Feixóo á fronte da Xunta, esa foi a súa folla de ruta: recortes en orzamentos e persoal coa escusa da crise, cando a realidade é que obedece a unha escolla ideolóxica e premeditada para deteriorar a sanidade pública e darlle negocio á privada.

A atención primaria é o sector da sanidade que veu padecendo máis recortes: centros de saúde obsoletos, infraestruturas sen rematar de construír durante anos, e unha política de persoal infame, cunhas condicións de traballo e salario indignas, mentres o PP segue a escudarse en que non hai profesionais.

O BNG ten presentado iniciativas parlamentares con alternativas consensuadas cos sectores profesionais que son desbotadas pola Consellería, porque a súa aposta é a privatización, e o paso previo, o deterioro da sanidade pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, recentemente inaugurábase o novo centro de saúde de Gondomar despois de máis de catro anos en construción. Unha instalación sanitaria que foi obxecto de redución respecto da súa dimensión inicial polo PP e a súa política de recortes, que provocou que xa desde a súa inauguración conte con prestacións insuficientes para a poboación que debe atender.

Reiteradamente o PP saíu aos medios de comunicación anunciando como extraordinario que ese novo centro de saúde ía contar con seis consultas de medicina de familia e unha de pediatría, cando eran exactamente as mesmas que había no anterior centro e eran claramente insuficientes. E que no caso da atención pediátrica é especialmente negativo porque, continuar cunha soa quenda de mañá, significa manter unha situación de cupo excesivo que no seu día xa obrigou a derivar a familias de novas crianzas a consultas de pediatría noutros concellos do Val Miñor, ademais de non contribuír á conciliación das vidas das familias.

Pois ben, pouco máis de un mes despois da apertura do “flamante” novo Centro de Saúde, neste nadal xa tivemos mostra dos efectos desta política sanitaria do PP: ao non cubrir as vacacións das profesionais a Consellería de Sanidade, producíronse deficiencias e atrasos na atención, con demoras nas citas de até dúas semanas, xa que ou o resto dos profesionais se viron na obriga de asumir as consultas dos que faltaban, incrementando o seu volume de traballo, ou simplemente non houbo atención sanitaria durante ese período. Provocando a necesidade de realizar axustes nas axendas, cos conseguíntes trastornos para os pacientes que mesmo se ven obrigados a acudir ao centro de saúde en horarios que non son os seus habituais ou a facelo en máis de un día; ou obrigando ás familias a se desprazar ao PAC da Xunqueira para recibir atención pediátrica para as súas crianzas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Ten previsto a Xunta de Galiza aumentar o cadro de persoal do Centro de Saúde de Gondomar (medicina de familia, matrona, enfermería..) co número de profesionais precisos para poder prestar unha atención sanitaria de calidade á súa poboación de referencia?
2. Vai o goberno galego dotar ao Centro de Saúde de Gondomar dunha nova praza de atención pediátrica en horario de tarde, para desconxestionar o cupo de mañá e para contribuír á conciliación da vida laboral e familiar.
3. Ten previsto a Xunta de Galiza cubrir as baixas por licenzas ou vacacións do persoal sanitario do centro de saúde de Gondomar?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 16:57:28

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 16:57:36

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 16:57:43

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 16:57:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 16:57:59



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O sistema sanitario galego está a sufrir un especial deterioro, froito da política que vén practicando a Xunta de Galicia. Froito dos recortes na atención primaria que realiza o Goberno Feijóo.

Unha política sanitaria nefasta que non está a ser eficaz nin eficiente á hora da xestión, nin á hora da planificación. Estamos, ante unha ineficiente xestión dos recursos materiais e humanos. Estamos, ante un fracasado modelo implantado polo Goberno Feijóo. Modelo de recortes que sofren maioritariamente as persoas que viven e residen no rural galego.

Estes recortes nos servizos básicos tradúcense na nula cobertura dos profesionais titulares cando estes se ausentan ben sexa por permisos, vacacións, e baixas por incapacidade laboral.

Un problema que se esta a repetir na maioría dos concellos galegos. Un dos últimos o concello das Pontes de García Rodríguez, que vén de denunciar os recortes no seu centro de saúde.

O centro de saúde das Pontes xa está a sufrir un novo recorte. Recorte no servizo de pediatria motivado pola baixa laboral da profesional titular.

Unha situación que debería estar planificada cunha antelación suficiente, por parte do Sergas, por tratarse dunha circunstancia previsible e por non tratarse dunha situación imprevista.

Unha vez máis, o Sergas mostra unha nula planificación para o centro de saúde das Pontes. E, o único que está a confirmar a Xunta é que máis de 1.100 nenos en nenas, menores de 14 anos, da vila das Pontes esta privados deste servizo básico no seu centro de saúde.

Esta, é a nula solución que esta a dar Consellería de Sanidade, ofrecendo tamén que os cativos e cativas sexan atendidos por profesionais sanitarios que non teñen



nin experiencia nin formación pediátrica, ou ben desprazarse a localidades situadas a máis de 40 quilómetros, como por exemplo a Ferrol, centro de saúde Fontenla Maristany.

Solucións todas elas inadmisibles, solucións todas elas froito da improvisación, por iso, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego o problema que teñen no concello das Pontes coa consulta de pediatría?

2ª) Van cubrir a baixa da profesional que pasa consulta no centro de saúde das Pontes? Cando e como?

3ª) Parécelle axeitada ao Goberno galego a solución dada ata o momento?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/01/2020 16:39:34

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2020 16:39:58

Noela Blanco Rodríguez na data 30/01/2020 16:40:13



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro e Ánxeles Cuña, deputadas do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas** para a súa **resposta oral na comisión 5ª**.

A demanda de creación en Ourense dun centro público de atención a persoas con diversidade funcional leva anos enriba da mesa grazas a plataforma cidadá pro-CAPD de Ourense. Esta reivindicación foi avalada por máis de 50.000 sinaturas, así como por mocións debatidas e aprobadas por unanimidade en plenos de diversos Concellos da provincia de Ourense e na Deputación. Trátase da única provincia de Galicia que carece dun centro público destas características.

Foron moitas as promesas e os anuncios incumpridos ata o de agora. Xa, no ano 2016 anunciábase por parte da Xunta de Galicia o compromiso da posta en marcha dun CAPD, de carácter totalmente público para dar continuidade a atención ás persoas con discapacidade a partir dos 21 anos da provincia. No ano 2017 a Xunta volvíase comprometer en que a finais do ano 2017 se adxudicaría a lo menos a redacción do proxecto. Pero nada disto se fixo efectivo. De feito, houbo intentos por parte da Xunta de Galicia de modificar o proxecto inicial reducindo o número de prazas e eliminando a atención terapéutica que finalmente se botaron atrás pola mobilización cidadá. Despois dunha PNL presentada nesta cámara, anunciaron que a licitación das obras acontecería en maio deste ano e que o centro estaría a pleno funcionamento en 2020, prazos que se incumpriron.



Tras todos estes anos de atraso, anunciábase que se previa que as obras comezaran no primeiro cuatrimestre do ano 2020, e que estarían finalizadas antes de que rematara o ano 2021. A Xunta de Galicia comprometeuse nun principio a que este centro fora de xestión pública, pero nas últimas declaracións e nas respostas dadas a preguntas neste Parlamento déixase a porta aberta a posible privatización deste servizo fundamental.

Ademais, non se tomaron medidas suficientes para resolver a falla de prazas públicas para atención á diversidade funcional na cidade de Ourense coa fin de dar alternativas urxentes ás persoas usuarias e ás familias.

Por todo o anterior exposto preséntanse as seguintes preguntas:

1. Vai garantir a Xunta de Galicia que o futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional de Ourense sexa finalmente de xestión totalmente pública?
2. Que prazos prevén para a construción do CAPD de Ourense?
3. A que se deben as demoras no inicio das obras con respecto á data prevista?
4. Que medidas vai adoptar para solucionar a falla de prazas públicas até a posta en marcha do centro?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2020.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo.
Anxeles Cuña Bóveda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2020 17:15:13

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2020 17:15:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao rescate da concesión da autovía AG-57.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Val Miñor sofre, por parte do goberno do PP de Feijóo, unha discriminación a respecto doutras comarcas como O Morrazo ou O Salnés que disfrutan de autovías autonómicas gratuítas.

Se estiver libre de peaxes, a AG-57 serviría de circunvalación ao Val Miñor, mellorando a mobilidade xeral na comarca e eliminando o tráfico de paso polos núcleos urbanos. Desconxestionaría as estradas Vigo-Baiona, evitando atascos na Ramallosa, principal nó de conexión dos tres concellos; e Vigo-Gondomar, ao seu paso por Vincios, humanizando a parroquia, contribuíndo a mellorar a calidade de vida e a reducir a sinistralidade e os riscos asociados a este tráfico, que en moitos casos é tráfico pesado.

Tamén serviría de conexión directa, rápida e gratuíta co hospital Álvaro Cunqueiro, e con outros centros médicos, de ensino, administrativos e de servizos da área de Vigo; e melloría a competitividade e a conectividade dos parques empresariais da Pasaxe-Vincios (Gondomar) e de Porto do Molle (Nigrán), e destes coa AP-9.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fronte a esta situación de discriminación, o que ofrece a Xunta é unha redución nas peaxes en horario nocturno, medida ridícula e irrelevante xa que ten unha incidencia mínima na mobilidade e os desprazamentos que realiza a veciñanza do Val Miñor tanto por razóns de traballo como para as diversas xestións persoais (de saúde, ensino, administrativas, de ocio,...).

No podemos consentir que, ao ser de pago a AG-57, usala se converta nun sobre custo nos desprazamentos ou que, para evitalo, simplemente non se use. Debemos apostar polo rescate da AG-57 para a súa xestión pública, para poder tomar desde o goberno galego as decisións sobre a súa xestión, e pola supresión das peaxes nesta autoestrada, demandas sociais que contan con amplo respaldo na comarca.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Ten previsto o goberno galego o rescate da concesión e a xestión directa da autovía AG57?
2. Fixo a Xunta algún estudo sobre o custo desta operación de rescate e xestión directa?
3. No entanto non efectívase esta medida, ten previsto o goberno galego aprobar unha redución significativa do custo das peaxes na AG57?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 17:19:46

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 17:19:58

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 17:20:07

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 17:20:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 17:20:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a continuidade do uso como factoría naval os terreos de Vulcano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O proceso de peche e liquidación da factoría Vulcano, un dos grandes referentes do naval vigués, xusto no ano do seu centenario é un bo exemplo da grave crise pola que atravesa o naval da ría de Vigo, como consecuencia da mala xestión empresarial e a falta de política industrial da Xunta de Galiza.

Ao tempo que pecha Vulcano, outro estaleiro histórico de Vigo como é Barreras, está tamén atravesando unha situación de incerteza polo conflito accionarial, polas débedas coa banca e coas auxiliares, e polas dificultades para asumir a construción dos buques contratados.

Diante desta grave situación, a Xunta de Galiza non pode permanecer impasíbel e agardar a ver se chega unha solución máxica. O goberno galego ten competencias en política industrial e existe unha lei do naval que establece claramente as súas obrigas para fomentar e impulsar un sector considerado estratéxico. Neste sentido, o BNG formulou un conxunto de iniciativas como a convocatoria da mesa do naval, a intervención pública nos estaleiros con dificultades, ou o impulso do proxecto de centro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de reparacións navais da ría de Vigo. Propostas todas elas vetadas polo grupo popular no debate parlamentario.

2. No que ten a ver con Vulcano, existe algún proxecto empresarial para salvar o estaleiro, mais o goberno galego semella non ter ningún interese nin sequera en estudar a súa viabilidade. Para iso é imprescindible garantir a continuidade da concesión dos terreos de dominio público marítimo terrestre, adscritos a usos portuarios, que son obxecto das apetencias da Autoridade Portuaria de Vigo.

O interese manifesto do porto de Vigo e do seu presidente por ampliar os usos portuarios cara aos terreos de dominio publico que ocupa Vulcano constitúe pois un serio atranco para a continuidade do estaleiro. Por iso é fundamental que a Xunta de Galiza se posicione a favor da continuidade do uso como factoría naval nestes terreos, e que a representación do goberno galego no consello de administración da autoridade portuaria, encabezada polo señor Rueda e a señora Porro, apoie tamén activamente este compromiso.

A partir de aí, o seguinte paso debe ser o estudo da viabilidade dos proxectos empresariais relacionados co sector naval nos terreos de Vulcano, e a tramitación diante do goberno do Estado da solicitude de ampliación da concesión.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Ten previsto a Xunta defender activamente a continuidade do uso dos terreos de Vulcano como factoría naval e, neste sentido, dirixirse á Autoridade Portuaria de Vigo para que non obstaculice esta posibilidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Vai apoiar, por medio da súa representación na Autoridade Portuaria de Vigo, a continuidade do uso naval dos terreos de dominio público de Vulcano e defender este posicionamento no consello de administración do porto?
3. Vai Impulsar e apoiar os proxectos empresariais que teñan por obxecto manter a actividade naval nos terreos de Vulcano?
4. Ten previsto encargar un estudo sobre a viabilidade do proxecto de centro de reparacións navais da ría de Vigo nos terreos de Vulcano, ou noutro emprazamento?
5. Vai apoiar, diante do goberno do Estado, a ampliación da concesión do dominio público dos terreos de Vulcano, vencellada á viabilidade do seu uso como factoría naval?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 17:36:37

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 17:36:45

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 17:36:52

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 17:37:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 17:37:07



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Otero Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porrirt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O acoso sexual no ámbito do traballo continúa a ser una das violencias que menos se denuncia, menos se condena e ante a que as empresas menos responden.

Segundo os datos da Axencia dos Dereitos Fundamentais da UE preto do 90 % das vítimas deste tipo de acoso son mulleres.

Entre 2008 e 2015, 2.484 mulleres en España denunciaron ter sufrido acoso sexual nos seus postos de traballo, segundo datos da UGT.

Estes datos en todo caso non falan de realidade, pois se estima que preto dun 65 % das vítimas deste tipo de acoso non denuncian.

Pero si atendemos ao número de casos que finalizaron con sentencias condenatorias temos que reduciilo a tan só 49 casos, e é que segundo os propios xuíces é moi difícil acadar probas que poidan demostrar este tipo de acosos. E tendo en conta a relación de poder que soe darse neste tipo de casos, de haber testemuñas adoitan non dar a cara polo mesmo medio que a vítima a sufrir represalias.

E, en todo caso, as penas para os agresores adoitan ser moi baixas, o que tampouco resulta moi alentador.

As empresas teñen a obriga de contar cun protocolo de prevención do acoso, debendo promover condicións de traballo que eviten estas situacións e arbitrar procedementos específicos para a súa prevención e para dar canle as denuncias ou reclamacións que poidan formular os seus empregados.

Desde marzo de 2019, co Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía de igualdade de trato e de oportunidade entre mulleres e homes no emprego e a ocupación estableceuse a obriga das empresas con máis



de 50 traballadores para contar con plans de igualdade, e coa necesidade así mesmo de contar cun protocolo de prevención do acoso sexual e por razón de sexo.

A aplicación dos cambios contidos neste decreto son de paulatina aplicación, tendo as empresas de 50 a 100 traballadores aínda ata marzo de 2022 para o seu cumprimento.

Así mesmo, o pasado 26 de novembro de 2019 publicouse unha nova directiva europea relativa á protección das persoas que informen sobre infracción de Dereito da Unión, e ten un prazo de transposición de dous anos, ata o 2021, sendo de obrigado cumprimento a partir do 17 de decembro do 2021. Será de obrigado cumprimento para todas as empresas de máis de 50 traballadores, e busca que as empresas faciliten un canal de denuncias que garanta a confidencialidade da persoa denunciante, debendo designar unha persoa ou servizo imparcial que se encargue de tramitar as denuncias. O que se ben a chamar o Whistleblowing ou “Canal Externo”.

O gran incentivo desta normativa é o do anonimato da persoa denunciante, que no caso específico das denuncias do acoso sexual no ámbito laboral é un gran paso adiante.

En España son varios os colectivos que se teñen sumado a un canal externo que engloba a varios colectivos profesionais. Institucións, colexios profesionais e todas as micropymes que se engloban nestes colectivos e que poderán implementar estes protocolos así como facer uso dun canal común externo que permita a correcta investigación en cada caso de denuncia, realizado por axentes externos e correctamente formado en casos de acoso laboral e garantindo en todo caso o anonimato das vítimas ou persoas denunciante.

A propia Xunta de Galicia conta co seu protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas de actuación do protocolo inclúese formación aos traballadores, es especial ás persoas pertencentes ás unidades de persoal e do Comité de Intervención sobre acoso laboral.



É responsabilidade da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza levar a cabo o rexistro e seguimento estatístico dos casos de acoso laboral e doutras situacións de discriminación investigados, polo que realizará unha memoria anual da que se dará traslado aos membros do Comité.

Ese comité, formado en todo caso por representantes de varios sectores da Administración será o encargado de tramitar as denuncias e valoralas. A pesar de que se indique a intención de garantir a “distancia” entre as persoas integrantes do Comité e a persoa denunciante, non parece que este método sexa un canal externo suficientemente fiable.

Este exemplo da Administración galega sería válido para moitas outras administracións, e o que é máis grave, para moitas pequenas empresas que a día de hoxe si contan con protocolos, pero nos que en caso de denuncia pode darse o caso que sexa a propia persoa acosadora a que teña que tramitar a denuncia da súa vítima...

O canal externo de pronta implantación que marca a directiva europea busca que se poidan dar investigacións por persoas alleas á empresa, correctamente formadas e sen que teña que revelarse a priori a identidade da persoa denunciante.

Por todo o exposto, e pola importancia que ten esta cuestión para favorecer a seguridade e amparo daquelas mulleres galegas que poidan sufrir de acoso sexual no seu ámbito laboral, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Administración galega tomar algún tipo de medida de cara á modificación do Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia co fin de adaptalo á nova Directiva Europea relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión ?
2. Entende como preciso contribuír a implantación destes protocolos e requisito da nova Directiva Europea en todas as empresas galegas , non só das de 50 traballadores ou máis, senón tamén e especialmente nas Pymes e Micropymes?



3. Con que tipo de estudos conta a Xunta de Galicia sobre a incidencia do acoso sexual no ámbito laboral en Galicia? En caso de contar con eles, cal é a súa valoración ao respecto e que medidas ten implantado?
4. Cree o Goberno que existe unha correcta formación entre a cidadanía galega sobre que é e como se pode denunciar o acoso sexual no ámbito laboral?
5. Se ten instruído, tal como indica a lei orgánica, a todo o persoal da administración galega do seu deber de respectar a dignidade das persoas e o seu dereito á intimidade, así como a igualdade de trato entre mulleres e homes?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/01/2020 17:48:51

Patricia Otero Rodríguez na data 30/01/2020 17:49:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2020 17:49:13

María Teresa Porritt Lueiro na data 30/01/2020 17:49:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2020 17:50:03
Nº Rexistro: 62776
Data envío: 30/01/2020 17:50:03.917

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2020 17:49:44

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGJUvALkwRS1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Hai dous principios fundamentais na democracia moderna: a xerarquía normativa e a transparencia e participación de toda a cidadanía.

O marco legislativo vixente na actualidade e que afecta ao noso sector agro-mar alimentario son, basicamente, a Lei de Costas, aprobada polo Goberno con maioría absoluta de Mariano Rajoy no ano 2013, e o seu regulamento de desenvolvemento, do ano 2014. Asemade, tamén a Lei de patrimonio das administracións públicas de 2003 (da época de goberno de José María Aznar), que sobre as concesións en espazos de dominio público marítimo-terrestre indica o seguinte: “O seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 75 anos, salvo que se estableza outro menor”, lei que prevalece sobre a normativa de costas, como se recoñece no propio texto legal desta última. Ese prazo de 75 anos non afecta ás concesións de instalacións de acuicultura, xa que o prazo máximo para a actividade acuícola establecido no artigo 53 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, ten 10 anos e pódese estender por períodos de igual duración, non superando o total de 50 anos. O propio regulamento de Costas establece unha serie de criterios para a determinación das concesións, tales como o posible “impacto paisaxístico”: *“Asimismo, la determinación del plazo de la concesión tendrá en cuenta los siguientes criterios: a) El impacto paisajístico del objeto de la concesión que se solicita”*.

No ano 2019, o Goberno do Estado decidía abordar un novo regulamento, ante a inseguridade xurídica e a ambigüidade de criterios producidas polo texto do ano 2014. Unha cuestión avalada por informes da Avogacía Xeral do Estado e do Consello de Estado, que nun dos seus ditames dixera que o prazo de 75 anos debe o prazo máximo ao que pode chegar unha concesión máis a súa prórroga. Pois ben, despois da análise das alegacións e das conclusións dos grupos de traballo, tamén as presentadas pola Xunta de Galicia, o Ministerio de Transición Ecolóxica tomou a decisión de non proseguir coa tramitación do proxecto dun novo regulamento de Costas, decisión na que foi tomada moi en conta a posición adoptada polo Partido Socialista de Galicia.



Xa que logo, esta iniciativa é obrigada ante a difusión tendenciosa de noticias falsas realizadas dende a órbita do Partido Popular e do Goberno de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É partidario o Goberno da Xunta de Galicia de cumprir a lei?
2. Está de acordo o Goberno coa Lei de patrimonio das administracións públicas de 2003, a Lei de costas de 2013 e o seu regulamento de desenvolvemento de 2014?
3. Cumpre o Goberno os mandatos da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia?
4. Recoñece o Goberno que todas as resolucións de concesión sobre o demanio se fan de acordo coa lei de Costas de 2013 e o seu regulamento de desenvolvemento de 2014?
5. É consciente o Goberno de que, na actualidade, non existe ningunha tramitación para un novo regulamento de Costas?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2020 17:43:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/01/2020 17:43:13

María Luisa Pierres López na data 30/01/2020 17:43:23



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña e Luca Chao, deputadas do grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas** para a súa **resposta oral na comisión 4ª**.

O pasado 27 de xaneiro, a Plataforma de Afectadas polo Centro Coreográfico Galego emitiu un comunicado no que reflexa o seu malestar polas decisións unilaterais adoptadas pola dirección do AGADIC.

No documento, a Plataforma informa acerca dunha reunión que mantivo co Director da Axencia Galega de Industrias Culturais, Jacobo Sutil. Nesa reunión, celebrada o día 7 de xaneiro, Sutil confirmou que “non está aberto á negociación de cuestións orgánicas ou estruturais, tales como a oposición manifesta da PACCG á fusión do Departamento de Danza nun departamento de nova creación de Música e Danza, a supresión da figura da Dirección do Centro Coreográfico Galego (CCG) e a eliminación da relación de competencias atribuídas ao CCG”.

Durante o encontro, o director da AGADIC confirmou á Plataforma:

- i) a negativa a revisar de forma conxunta coa comunidade de danza decisións orgánicas e de carácter normativo;
- ii) a creación dun novo Departamento de Música e Danza;
- iii) a supresión da figura de Dirección do Centro Coreográfico Galego;
- iv) a convocatoria dun concurso público para a selección dunha coordinadora xeral do Departamento de Música e Danza que asumirá xunto as tare-



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- fas relativas á industria, á comunidade profesional e creadora do ámbito musical, a función da dirección do CCG;
- v) a irrelevancia e supresión da faceta artística deste perfil de Alta Dirección, de carácter meramente xestor;
 - vi) a negativa a que a PACCG ou a comunidade da Danza participe coas súas suxerencias e esixencias na redacción das bases da convocatoria de dito concurso público;
 - vii) a supresión na nova redacción dos Estatutos da AGADIC, pendentes de aprobación, das nomeadas competencias do CCG recollidas no actual art.27 da norma estatutaria tales como o desenvolvemento da política da creación coreográfica, a planificación e coordinación da actividade da sede do CCG, a decisión do plan de programación anual do CCG, a selección e contratación de compañías artísticas, produtoras e artistas, a promoción de acordos e convenios con outros centros análogos e o exercicio da representación ordinaria do centro;
 - viii) a creación dun plan regulado de cesión de espazos de ensaio para o CCG;
 - ix) a indiscutible diferenza entre o CDG, dotado dun espazo de exhibición, e a infradotación e deficitaria xestión do CCG, sen persoal adscrito que poida levar a cabo as competencias que tiña atribuídas;
 - x) a redución orzamentaria para o CCG nun 66% (de 150.000 a 50.000).

No comunicado, a Plataforma expresa a súa “fonda preocupación” ante estas cuestións, que supoñen o “baleirado de funcións do CCG”.

O martes 21 de xaneiro, Jacobo Sutil participou nun acto público no que



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

confirmou os recortes denunciados pola Plataforma. O director da AGADIC informou de que o CCG podería deixar de existir como unidade de produción porque “unha produción propia ten uns custos” e habería que ver “se eses custos se axustan ao obxectivo de conseguir que se incremente a difusión da danza en Galicia”. Apuntou, así mesmo, que se procuraríase un perfil “máis administrativo” para a persoa que substitúa á dirección do CCG.

Ante esta situación de desmantelamento do CCG pola vía dos feitos consumados, a Plataforma de Afectadas polo Centro Coreográfico Galego demanda:

- a) o mantemento dentro da nova estrutura da AGADIC dunha unidade administrativa nomeada “Departamento de Danza” que atenda exclusivamente á realidade da Danza e das Artes do Movemento, co mesmo rango, dotación de recursos, competencia e funcións cos restantes Departamentos;
- b) evitar e rectificar o baleiramento de funcións que supón o novo artigo 27 do Estatuto da AGADIC segundo o proxecto de Decreto;
- c) redactar as funcións do Departamento de Danza e da persoa coordinadora do mesmo consensuándoas co sector profesional, mediante a apertura dun proceso de participación;
- d) aproveitar a modificación dos Estatutos da AGADIC para revisar e dotar da xusta autonomía e independencia á figura da dirección do Centro Coreográfico Galego.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- A Xunta de Galicia pensa que a danza e as artes do movemento teñen relevancia de seu? Cre que dita relevancia tería que verse reflexada na estrutura do AGADIC? Considera que a fusión nun mesmo departamento coa Música é beneficios para o sector da danza e das artes do movemento?
- Entende o Goberno galego que a persoa responsable do departamento de danza e artes do movemento debería ter capacidade executiva e non unicamente a facultade de “suxerir”? Considera o Goberno galego que non é necesario cubrir a dirección do Centro Coreográfico Galego cun perfil especializado e mediante convocatoria pública?
- Cre que sería positivo acordar co sector o futuro da xestión do departamento de danza, así como a posta en marcha dun plan integral para a danza e as artes do movemento en Galicia?

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda.

Luca Chao Pérez.

Deputada e voceira do G. P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2020 17:48:05

Luca Chao Pérez na data 30/01/2020 17:48:11

Grupo Parlamentar

Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584

gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á petición de modificación dos Principio de Estabilidade Relativa para fixar a PPC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A administración das posibilidades de pesca é o cometido da Política Pesqueira Común, PPC, da Unión Europea, que cada ano establece canto pode faenar canda país teoricamente en base a criterios científicos, estado das pesquerías, mais a realidade é que son os criterios políticos os que máis determinan o resultado final. Criterios políticos baseados no Principio de Estabilidade Relativa, establecido antes da entrada do Estado español, e con el Galiza, no seu momento Mercado Común Europeo, hoxe Unión Europea, e nunca modificado

O Principio de Estabilidade Relativa é tremendamente prexudicial para os intereses de Galiza e nunca revisados, moi ao contrario, consolidados e empeorados.

Na renovación da PPC 2014-2020 de novo foi esquecida a súa revisión, posibilitando que determinados países manteñan Tacs e cotas por encima das súas posibilidades mentres a nosa frota non fixo máis que esmorecer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A efectivización da saída do Reino Unido da Unión Europea este 31 de xaneiro, brinda unha magnífica oportunidade para a revisión do mesmo, por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Vai a Xunta de Galiza aproveitar o Brexit para demandar a modificación do Principio de Estabilidade Relativa que marca a Política Pesqueira Común da Unión Europea?

Parécelle positivo para a frota galega a aplicación do Principio de Estabilidade Relativa?

Ten realizado algún estudo sobre as consecuencias para a nosa frota da aplicación do mesmo?

De ser así cal é o resultado dese estudo?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 17:57:49

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 17:57:57

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 17:58:03

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 17:58:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 17:58:17





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ao servizo de comedor escolar nos colexios de Nigrán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todo modelo social que procure unha maior distribución da riqueza e da igualdade social ten de garantir uns servizos públicos universais e gratuítos, pois só así é posíbel construír unha sociedade máis xusta, solidaria e igualitaria. Os servizos públicos son os alicerces que toda sociedade democrática necesita. Uns servizos públicos fortes, de calidade, universais, gratuítos e cos recursos necesarios e o persoal suficiente para garantir os dereitos das persoas.

Neste contexto, debe ser prioritario para a administración pública facilitar os servizos complementares como comedor ou as aulas matinais no ensino público, por seren tamén educativos e de saúde, e tamén elementos primordiais para a conciliación das vidas familiares e laborais. Para iso, deberase asumir, paulatinamente, a súa xestión pública desde a administración galega, para garantir o dereito de acceso a este servizo complementario e, sobre todo, a unha alimentación de calidade e de proximidade.

O alumnado escolarizado no ensino público de Galiza debería ter dereito a facer uso do servizo de comedor escolar, e desde logo o alumnado que ten que facer uso do transporte escolar para a súa escolarización debería ter acceso gratuíto ao comedor





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escolar, establecendo uns prezos reducidos para o resto do alumnado, co obxectivo de conseguir o acceso gratuíto para todo o alumnado do ensino básico e infantil.

O Partido Popular privatizou e externalizou este servizo con nefastas consecuencias para o alumnado. O concurso para adxudicar o contrato do servizo contempla un prezo por menú que non garante a calidade e que só beneficia as empresas, que buscan a rendibilidade do negocio reducindo custos. Isto ten provocado ultimamente problemas co estado da comida que chega aos comedores escolares, ademais doutras incidencias detectadas polas persoas que atenden o xantar nos colexios e que veñen denunciando as ANPAS.

As familias, a través das ANPAS, están a solicitar un modelo diferente, apostando por unha elaboración de proximidade, baseada na calidade dos produtos e o confort das nenas e nenos, que dea seguridade ás familias.

2.No concello de Nigrán, adxudicouse recentemente o servizo de cátering para os seguintes centros: CEIP HUMBERTO JUANES, CEIP DA CRUZ CAMOS, CEIP MALLÓN, CEIP CARLOS CASARES, IES TERRA DE TURONIO (GONDOMAR).

No contrato en vigor existe unha cláusula que establece que, aínda que haxa cociña nun centro educativo na que podería elaborar os menús en proximidade, a empresa concesionaria pode decidir continuar facéndoo na súa sede central, o que sen dúbida empeora as condicións e a calidade do servizo.

Pola demanda da comunidade escolar do CEIP Humberto Juanes de Nigrán, o concello aprobou o proxecto de construción dunha cociña neste centro, unha obra que está pendente de adxudicación e que debería ser un proxecto compartido polo concello e a Xunta de Galiza mediante un acordo que garanta o uso desta instalación tanto para o citado centro educativo como para os demais do concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A instalación desta cociña escolar debe entenderse como un proxecto educativo e social, coa finalidade de fomentar a conciliación, prestar un servizo público de calidade, promover unha alimentación máis saudábel e incentivar o consumo de produtos frescos e de proximidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Ten previsto a Xunta tomar as decisións necesarias para garantir que a cociña que está previsto instalar no CEIP Humberto Juanes (Nigrán) sexa usada para a prestación do servizo de comedor e cátering aos centros educativos de Nigrán?
2. Vai o goberno galego negociar coa empresa concesionaria para garantir que, unha vez sexa instalada a nova cociña no CEIP Humberto Juanes, se use para prestar o servizo de comedor nos centros escolares incluídos no contrato en vigor?
3. Considera necesario promover o consumo de produtos frescos e de proximidade na prestación do servizo de comedor dos centros educativos?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 18:15:25

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 18:15:33

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 18:15:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 18:15:50

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 18:15:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á mellora do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na comarca do Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, no último concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, incluíu a tan demandada ambulancia medicalizada, para a comarca do Salnés.

Mais ao coñecer os detalles do concurso poidemos comprobar con desagrado que esta ambulancia veu acompañada de recortes, xa que reduciron o persoal que ten que prestar o servizo na mesma, pasando de catro traballadores/as (dous técnicos/as, un médico/a e un enfermeiro/a) a tres (un técnico, un médico/ e un enfermeiro/a).

Atopámonos tamén con que se suprimiu a ambulancia de soporte vital básico que prestaba servizo en Vilagarcía, e que se ten mostrado máis que precisa, xa que os servizos realizados en Vilagarcía teñen aumentado de xeito considerábel, un 50%, teñen pasado de 3500 no ano 2014 a 5400 no ano 2018.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ningunha destas medidas ten xustificación desde o punto de vista asistencial, só responde a criterios económicos de recorte e non ás necesidades da veciñanza. Volven saltar as alarmas, o malestar e a preocupación polas dificultades que está a supoñer a prestación do servizo con un técnicx de emerxencias menos en cada quenda e co aumento dos servizos que o 061 ten que encomendar a ambulancias a maiores das que constan na adxudicación do concurso.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é a xustificación dos recortes que realizou na adxudicación do último concurso de transporte sanitario urxente terrestre na comarca do Salnés?

Vai proceder á dotación á ambulancia de soporte vital avanzado(ASVA) que cubre a comarca do Salnés cun segundx técnicx de emerxencias por quenda, eliminado no último concurso?

Vai repoñer a segunda ambulancia de soporte vital básico(12 horas) que prestaba servizo en Vilagarcía, eliminada no último concurso xa que se ten demostrado a súa necesidade?

Cantos de servizos de apoio para o 061 desde o 1 de outubro de 2019 até a actualidade se teñen realizado nas Áreas Sanitaria de Pontevedra-O Salnés, desglosados por meses e polas empresas que fixeron os servizos, incluíndo Protección Civil?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2020 18:21:47

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2020 18:21:55

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2020 18:22:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2020 18:22:09

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2020 18:22:17



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A cobertura de redes de banda ancha de 100 Mbps en España alcanzou en xuño de 2018 o 80,9 % da poboación, o que supón cinco puntos máis en comparación co mesmo mes de 2017, pero Galicia sitúase como segunda comunidade con menor implantación, xa que unicamente alcanza o 61,5 %. Só Extremadura conta cunha porcentaxe máis baixa (55,6 %).

O pasado mes de xuño de 2018 por parte da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), coas actuacións postas en marcha por parte da Xunta de Galicia no marco do Plan de Banda Larga 2020 dotarase, neste ano 2019, de cobertura de fibra óptica de Telefónica de cando menos 100 Mbps aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido, o que suporá unha mellora tanxible nas conexións a Internet aos veciños.

As obras van con atraso sobre o previsto, pois en conversas do 23 de xaneiro, entre o concello e Amtega, desde Amtega dicían que a operadora Movistar lles dicía que estaría listo en setembro, a día de hoxe, 23 de outubro, aínda están traendo o cable desde Moeche e adaptando caixas en Felgosas, non así en Porto.

Ademais, Cerdido é un dos concellos españois elixidos pola Comisión Europea na primeira convocatoria da súa iniciativa Wifi4EU (Wifi para Europa), un programa comunitario de axudas para instalar puntos de wifi gratuítos nos espazos públicos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos do atraso nas obras de dotación de cobertura de fibra óptica de Telefónica de cando menos 100 Mbps aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido?

2ª) Cal é o prazo previsto pola Xunta de Galicia para rematar a dotación de cobertura de fibra óptica de Telefónica de cando menos 100 Mbps aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido?



3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia seguir avanzando na extensión da banda ancha no concello de Cerdido, en caso afirmativo, cales son os prazos e os núcleos?

Pazo do Parlamento, 26 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/12/2019 13:40:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/12/2019 13:41:08



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa se proceda á retirada do documento con número de Rexistro 60560, correspondente a unha pregunta oral en comisión.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2020 13:33:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2020 13:33:50



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

